



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA**

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA

Acta da sesión ORDINARIA celebrada pola Excma. CORPORACIÓN
PROVINCIAL o 28 de outubro de 2022

RELACIÓN DE ASUNTOS TRATADOS NA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA CELEBRADO O 28 DE OUTUBRO DE 2022 NO SALÓN DE PLENOS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL

ASUNTOS

Información e actas

1. Aprobación da acta da sesión anterior, número 10/22, do 30 de setembro..... 7
2. Dación de conta das Resolucións da Presidencia desde o 24 de setembro de 2022 ata o 21 de outubro de 2022. 7
3. Proposición da presidencia sobre cambio de portavoz do Grupo Popular da Deputación. 7
4. Proposición da Presidencia sobre a renuncia do deputado Don José Francisco Santos Regueiro. 8

Comisión de Cultura, Políticas de Igualdade de Xénero e Normalización Lingüística

5. Dación de conta da concesión do Premio "Otero Pedrayo 2022". 9
6. Aprobación da concesión dunha subvención nominativa á Universidade da Coruña para cofinanciar a "Programación cultural e de divulgación do coñecemento científico do ano 2022" e do correspondente convenio de colaboración. 9
7. Aprobación da concesión dunha subvención nominativa á Universidade de Santiago de Compostela para cofinanciar a "Programación para fomento da educación, a investigación, a transferencia do coñecemento e as actividades culturais, artísticas e científicas no ano 2022" e do correspondente convenio de colaboración. 19
8. Aprobación da concesión de subvención nominativa a Asociación Cultural Correlinqua para financiar o proxecto O Correlinqua 2022 na provincia da Coruña, Fálame! e aprobación do correspondente convenio de colaboración 28

Comisión de Deporte e Mocidade

9. Aprobación do Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación de Padres Profesionales y Amigos de personas con discapacidade intelectual Special Olympics Galicia para cofinanciar a realización do proxecto: Fin da peregrinación e simbólica 2, na convivencia de Familias do día 3 de xullo do 2022..... 38

Comisión de Promoción Económica e Asistencia a Municipios

10. Aprobación do convenio entre a Deputación e o Concello de Carral para a

realización da festa "Festa do Pan de Carral" 46

Comisión de Infraestructuras Viarias, Vías e Obras Provinciais

11. Aprobación do Plan de Vías Provinciais (VIPI) 2018, 2ª FASE integrado polo proxecto "TERM DP 6104 Creta NA AC-862 AO PICÓN, PQ 0+000 AO PQ 2+400 da ampliación e mellora (Ortigueira)" 54

Comisión de Contratación, Patrimonio Provincial e Equipamento

12. Aprobación dun convenio de cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o concello de Muxía polo que se instrumente unha subvención nominativa para cofinanciar as obras de Mellora do viario entre o núcleo de Leis e o límite municipal de Muxía 55

13. Aprobación da modificación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de A Coruña e o concello de Trazo para a execución de obras de reparación de camiños municipais afectados polo desvío de tráfico como consecuencia da execución da obra Ponte sobre Rego Gatofero na DP 7804 64

Comisión de Cooperación, Plans Provinciais Xerais, Turismo e Patrimonio Histórico e Cultural

14. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Melloras básicas das condicións térmicas e acústicas no pavillón polideportivo de Milladoiro" do Concello de Ames, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2021 co código 2021.2000.0102.0 70

15. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Reordenación do entorno do parque infantil da rúa Francisco Rodríguez", do Concello de Cambre, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2021 co código 2021.2000.0135.0..... 72

16. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Rehabilitación de cuberta e fachadas do edificio do Concello de Ferrol", do Concello de Ferrol, incluído na primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 1/2019 por maior achega provincial, co código 2019.2001.0484.0 74

17. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Camiño a Casanova (Cabruí)", do Concello de Mesía, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2022, co código 2022.2000.0194.0 76

18. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Camiño na Tieira (Cabruí) e outro", do Concello de Mesía, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2022, co código 2022.2000.0195.0 78

19. Aprobación do convenio interadministrativo de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Ferrol para o financiamento do proxecto "Difusión e publicidade do Campionato de surf Junior Pro Ferrol" 81

20. Aprobación do convenio interadministrativo de colaboración entre a Deputación da Coruña e a Axencia de Turismo de Galicia para o financiamento do proxecto "Bono Turístico Axencia Turismo de Galicia 2022" 90

21. Aprobación da modificación do convenio entre a Deputación da Coruña e a Asociación de Concellos do Camiño Inglés para o financiamento do proxecto "Mellora e posta en valor do Camiño Inglés" 96

Comisión de Economía, Facenda, Especial de Contas, Persoal e Réxime Interior

22. Aprobación da toma de coñecemento da información do período medio de pago a provedores (PMP) e da relación detallada das facturas pagadas pola Deputación provincial, polo Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e pola Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña, correspondente a setembro de 2022. 106

23. Dación de conta do informe sobre o estado de execución orzamentaria correspondente a setembro de 2022 e proxección a 31/12/2022..... 107

24. Aprobación inicial do expediente de modificación de créditos número 5/2022 de aprobación polo Pleno e modificación da base 54 de execución do orzamento provincial. 108

25. Dación de conta do informe sobre o estado da tramitación das facturas da Deputación Provincial e da remisión ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas dos informes de Morosidade da Entidade e dos seus entes dependentes (Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e Fundación Axencia Enerxética) correspondente ao terceiro trimestre de 2022. 111

26. Aprobación da aceptación da delegación de competencias do Concello de Aranga respecto do Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña (PLAN PREMADECOR). 111

27. Aprobación da aceptación da delegación de competencias do Concello de Cedeira respecto do Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña (PLAN PREMADECOR). 112

28. Aprobación da aceptación da delegación de competencias do Concello de Coirós respecto do Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña (PLAN PREMADECOR). 112

29. Aprobación da aceptación da delegación de competencias do Concello de Malpica de Bergantiños respecto do Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña (PLAN PREMADECOR). 113

30. Aprobación da aceptación da delegación de competencias do Concello de Muros respecto do Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña (PLAN PREMADECOR). 114

<u>31. Aprobación da aceptación da delegación de competencias do Concello do Pino respecto do Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña (PLAN PREMADECOR).</u>	114
<u>32. Aprobación da aceptación da delegación de competencias do Concello das Somozas respecto do Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña (PLAN PREMADECOR).</u>	115
<u>33. Aprobación da aceptación da delegación de competencias do Concello de Tordoia respecto do Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña (PLAN PREMADECOR).</u>	116
<u>34. Aprobación da aceptación da delegación de competencias do Concello de Touro respecto do Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña (PLAN PREMADECOR).</u>	116
<u>35. Dación de conta da comisión de control interno co fin de realizar a comprobación das operacións de recadación levadas a cabo polo Servizo de Recadación e polas oficinas de zona no exercicio 2021.</u>	117

Comisión de Transición Ecolóxica, Emprego e Territorio Sostible

<u>36. Aprobación adhesión á Axenda Rede Entidades Locais 2030</u>	117
--	------------

ACTUACIÓN DE CONTROL: MOCIÓNS

<u>1.Moción do Grupo Provincial Marea Atlántica para a ampliación e melloras da estrada DP-0205 no Concello de Teo</u>	118
<u>2.Moción do Grupo Provincial Marea Atlántica de apoio ás traballadoras do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar</u>	131
<u>3.Moción que presenta o Grupo Provincial Popular na Deputación de A Coruña, para a creación, mellora, dinamización e ampliación dos parques infantís dos concellos da provincia, así como a cración de novas zonas de integración nos mesmos para dar resposta ás necesidades dos nenos e nenas con diversidade funcional</u>	139
<u>4.Moción do PSdeG-PSOE e BNG para instar á Xunta de Galicia a que cumpra co Pacto e o Fondo de Cooperación Local</u>	150

<u>ROGOS E PREGUNTAS.....</u>	164
-------------------------------	------------

Acta da sesión ordinaria celebrada pola Excma. CORPORACIÓN PROVINCIAL o 28 de outubro de 2022.

No salón de sesións do Pazo provincial da Coruña, o día 28 de outubro de 2022, reúnese a Excma. Corporación provincial para celebrar sesión ordinaria.

Preside: don Valentín González Formoso, presidente da Corporación Provincial

Deputados/as

Asistentes:

Don Valentín Alfonsín Somoza	PP
Don Evaristo Ben Otero	PP
Don José Carlos Calvelo Martínez	PP
Dona Cristina Capelán Cancelo	PSOE
Don Germán Castrillón Permuy	PP
Dona María Milagros Castro Sánchez	PSOE
Don Ignacio Codesido Barreiro	PP
Don Xosé Xurxo Couto Rodríguez	BNG
Don Antonio Deibe Sanmartín	PP
Don Bernardo Fernández Piñeiro	PSOE
Don Gumersindo Pedro Galego Feal	PP
Dona Rosa M ^a Gallego Neira	PP
Don José Blas García Piñeiro	PSOE
Don Ángel García Seoane	AVV
Dona Sandra González Castro	PSOE
Don José Manuel Lage Tuñas	PSOE
Dona Ana Lamas Villar	PSOE
Don Antonio Leira Piñeiro	PSOE
Don Alberto Lema Suárez	MA
Dona María del Carmen Muiño Filgueira	BNG
Don José Javier Pego Sampedro	PP
Don Xosé Luis Penas Corral	BNG
Don José Manuel Pequeño Castro	PSOE
Don José Luis Pérez Añón	PP
Don Xosé Regueira Varela	BNG
Don José Ramón Rioboo Castro	PSOE
Don Roberto Rodríguez Martínez	PP
Don José Francisco Santos Regueiro	PP
Don Manuel Taboada Vigo	PP
Dona Teresa Villaverde Pais	PP

O Sr. Pérez Añón incorpórase comezada a sesión, no punto número 4.

Actúa como secretaria: dona Amparo Taboada Gil, secretaria xeral da Deputación Provincial da Coruña.

Está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás 12:11 horas, tratáronse os seguintes asuntos:

1.- Aprobación da acta da sesión anterior, número 10/22, do 30 de setembro

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

Apróbase por unanimidade a acta da sesión anterior, número 10/22, do 30 de setembro

2.- Dación de conta das Resolucións da Presidencia desde o 24 de setembro de 2022 ata o 21 de outubro de 2022.

Dáse conta das Resolucións da Presidencia desde o 24 de setembro de 2022 ata o 21 de outubro de 2022.

3.- Proposición da presidencia sobre cambio de portavoz do Grupo Popular da Deputación.

Procede a votarse a inclusión do asunto na orde do día:

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

Dáse conta ao Pleno do seguinte:

"Don Xosé Regueira Varela, Presidente en funcións da Deputación Provincial da Coruña

Visto que o artigo 24 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial da Coruña (RODC), concordante co artigo 25 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro (ROF), dispón que "da constitución dos grupos políticos e dos seus integrantes e portavoces, o presidente daralle conta ao Pleno na primeira sesión que se celebre tras cumprirse o prazo" legalmente establecido.

Visto o escrito presentado no rexistro xeral o día 21 de outubro de 2022, asinado por todos os deputados integrantes do grupo comunicando o cambio de portavoz e suplente no Grupo Provincial Popular.

DOU CONTA AO PLENO

de que o "Grupo Popular", integrado polos/as catorce deputados/as elixidos/as polo Partido Popular de Galicia, fixo as seguintes designacións:

Portavoz: Evaristo Ben Otero

Portavoz suplente: Rosa María Gallego Neira"

4.- Proposición da Presidencia sobre a renuncia do deputado Don José Francisco Santos Regueiro.

Procede a votarse a inclusión do asunto na orde do día:

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

Seguidamente, vótase a proposición da Presidencia:

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

1.-Tomar coñecemento da renuncia á súa condición de deputado provincial, presentada por don José Francisco Santos Regueiro.

2.-Como consecuencia do punto anterior, declarar a vacante de deputado provincial.

3.-Poñer en coñecemento da Xunta Electoral Central a vacante existente, aos efectos da substitución prevista no artigo 208 da Lei 5/1985, de 19 de xuño, do réxime electoral xeral, indicando que corresponde cubrir a devandita vacante a dona Izaskun García Gorostizu, segunda suplente dos deputados provinciais elixidos por parte do Partido Popular no partido xudicial de A Coruña nas eleccións locais de 2019, segundo certificación emitida pola Xunta Electoral de Zona de A Coruña.

(Entra no salón o Sr. Pérez Añón).

5.- Dación de conta da concesión do Premio "Otero Pedrayo 2022".

Dáse conta da concesión do Premio "Otero Pedrayo 2022" a Don Ángel Carracedo Álvarez.

6.- Aprobación da concesión dunha subvención nominativa á Universidade da Coruña para cofinanciar a "Programación cultural e de divulgación do coñecemento científico do ano 2022" e do correspondente convenio de colaboración.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar a concesión dunha subvención nominativa por importe de **90.000 €**, á Universidade da Coruña para cofinanciar a *Programación cultural e de divulgación do coñecemento científico para o ano 2022*, cun orzamento subvencionado de 112.500,00 €, de acordo co texto do convenio que se achega.

2.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

No presente caso, hai que sinalar que a Deputación ten aberta unha liña de subvencións dirixida a entidades sen fins de lucro para a realización de actividades culturais durante o ano 2022, polo que, á vista do obxecto da convocatoria, a Universidade da Coruña podería concorrer á convocatoria, aínda que na convocatoria fíxase o importe máximo das subvencións que poden concederse en 30.000 €, cantidade moi insuficiente á vista do orzamento presentado pola UDC.

A maiores desta limitación, estímase que o carácter singular da presente solicitude ven determinado polas características especiais da entidade solicitante (na letra a) do artigo 1.2 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, afírmase que entre as funcións da universidade ao servizo da sociedade se atopa «a creación, desenvolvemento, transmisión e crítica da ciencia, da técnica e da cultura»), polo que non poden valorarse nunha mesma convocatoria entidades privadas, como son as

asociacións culturais, anpas, asociacións veciñais e outras similares, e as universidades que forman parte da administración educativa pública, cuxo ámbito de actuación e persoas beneficiarias non son comparables.

Coa motivación incorporada nos parágrafos anteriores levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 20 de setembro de 2022.

3.- Incluír a dita subvención no Plan Estratéxico Provincial de Subvencións 2020/2022, da Deputación da Coruña.

4.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2023, autorice o correspondente Orzamento.

“ Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Universidade da Coruña polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento da *Programación cultural e de divulgación do coñecemento científico do ano 2022*

Na Coruña, a

REÚNENSE

Don/a....., en representación da Deputación Provincial da Coruña.

Don/a....., en representación da Universidade da Coruña (en adiante UDC).

EXPOÑEN

Que a UDC é unha entidade de dereito público que ten atribuída por lei a prestación do servizo público de educación superior no ámbito territorial da provincia da Coruña, e de acordo co artigo 1º dos seus Estatutos, son funcións da universidade ao servizo da sociedade:

* A creación, desenvolvemento, transmisión e crítica da ciencia, da técnica e da cultura.

* A difusión, a valorización e a transferencia do coñecemento ao servizo da cultura, da calidade da vida e do desenvolvemento económico.

* A difusión do coñecemento e da cultura a través da extensión universitaria e da formación ao longo de toda a vida.

Que a comunidade da UDC, nos seus campus da Coruña e de Ferrol, goza dunha vida cultural dinámica grazas a unha programación de actividades singulares de carácter anual e cuatrimestral de ampla tipoloxía. Para alén de impulsar por medio desta oferta a creación de redes de implicación e participación entre todos os membros da comunidade universitaria, un dos obxectivos fundamentais da política cultural da UDC é acadar a participación do resto da sociedade a través de diversas

accións culturais e científicas chegando, na medida do posible, a toda a provincia da Coruña.

Que a Deputación da Coruña ten entre os seus obxectivos o fomento da educación e a programación e subvención das actividades culturais, artísticas e científicas, en colaboración con outras entidades e organismos, para contribuir de maneira sustentable ao avance do coñecemento e ao benestar social.

Que a Deputación da Coruña e a UDC desexan formalizar a súa colaboración no ámbito da educación, a investigación, a transferencia do coñecemento, as actividades culturais, artísticas e científicas, nun novo convenio marco que favoreza o entendemento entre as partes e axilice os procesos.

En virtude do exposto, e dando cumprimento á vontade das entidades ás que respectivamente representan, os comparecentes outorgan neste acto o presente Convenio de Colaboración, e acordan formalizar o presente convenio que se rexe polas seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto fixar as bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol da Universidade da Coruña co NIF Q6550005J, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para o financiamento parcial da **Programación cultural e de divulgación do coñecemento científico do ano 2022**.

O presente convenio contempla as seguintes liñas de actuación prioritarias, sen prexuízo de que ambas institucións, de mutuo acordo, contemplen outras que puidesen xurdir máis adiante.

Xornadas e premios divulgativos. Procúrase atinxir un duplo obxectivo a través destas actividades: achegar á sociedade os avances desenvolvidos desde a UDC no ámbito da investigación, así como motivar á mocidade –nomeadamente ás mozas– a realizar estudos superiores no ámbito científico.

Premios Isabel Zendal. O concurso, que no presente ano chega á súa cuarta convocatoria consecutiva, ten como obxectivo fomentar a práctica do escepticismo, entendido como o pensamento crítico e racional como ferramenta indispensable para a comprensión do mundo e a toma de decisións na vida diaria, especialmente entre a xente moza. O formato é o artigo xornalístico, conto ou relato curto ou exposición divulgativa dun experimento desenvolvido polo alumnado de secundaria, bacharelato, formación profesional básica e ciclos formativos de grao medio.

First Lego League 2022. Trátase dun campionato que en 2022 se celebra por oitavo ano no Campus Industrial de Ferrol. Nel participan varios centos de

mozos e mozas de toda Galicia e pode seguirse tamén a través de YouTube. Trátase dun programa de ámbito internacional que desafia á mocidade de entre 4 e 16 anos (divididos en tres categorías) a resolver problemas do mundo real como poden ser a reciclaxe, a educación ou as enerxías renovables a través da ciencia e da tecnoloxía.

Obradoiros creativos. Os obradoiros ofertados inclúen diversos ámbitos da arte e da cultura e neste inicio de 2022 voltouse a unha impartición totalmente presencial e ampliouse o número de horas en moitos casos, algo moi desexado polo alumnado, tal e como comentaron reiteradamente nos formularios de avaliación dos obradoiros previos.

Obradoiros en NORMAL. Danza contemporánea, danzas urbanas, interpretación, fotografía orgánica, guións, creación musical e novas tecnoloxías, obradoiro de escrita.

Obradoiros co Centro Cultural Universitario do Campus de Esteiro. Danza contemporánea, interpretación, fotografía creativa.

Aulas de Teatro e Danza. Recupérase en 2022 a actividade das Aulas de Teatro e de Danza tanto no campus da Coruña como no de Ferrol, o que implica a produción de obras teatrais e a creación de pezas de danza que serán exhibidas en diversos lugares da xeografía galega como por exemplo, e entre outros, o Centro Ágora (A Coruña) ou a capela do Centro Torrente Ballester (Ferrol).

Neste sentido retómase tamén o FITEUC, Festival Internacional de Teatro Universitario da Coruña, que non puido ser celebrado os dous últimos anos pola mesma causa.

Clube de Lectura. De xeito máis ou menos coincidente no tempo cos obradoiros creativos, desenvólvese en NORMAL o Clube de Lectura, guiado pola poeta Estíbaliz Espinosa e que ten carácter mensual. Nos seus encontros coméntanse obras narrativas, poéticas, de divulgación etc.

Residencias artísticas. Os diversos programas de residencias artísticas teñen como finalidade apoiar a artistas ou colectivos artísticos que desexen desenvolver un proxecto de investigación e/ou creación nos ámbitos das artes visuais, danza, música etc.

Estes programas pretenden ofrecer ás e aos artistas recursos materiais, técnicos e de infraestruturas para o correcto desenvolvemento dos seus proxectos, favorecendo tamén o intercambio entre artistas e disciplinas artísticas.

Residencia de creadores emerxentes “Interacción Artísticas en Galicia”. Este programa é froito dun convenio entre a Real Academia Galega de Belas Artes, os Conservatorios Superiores de Música da Coruña e de Vigo e as tres Universidades galegas (A Coruña, Santiago de Compostela e Vigo), coa colaboración da Deputación da Coruña.

II Convocatoria do Programa de Residencias Artísticas Normal – Fundación María José Jove Nesta ocasión convócanse dúas residencias, en lugar dunha, nas que a través deste convenio coa Fundación María José Jove, se proporcionará ás persoas seleccionadas o acceso a un espazo de traballo, acompañamento curatorial e recursos materiais e económicos para a produción de proxectos inéditos no ámbito das artes visuais.

Diálogos de creación en NORMAL. Programa no que se pon en diálogo a persoas pertencentes a diversos ambitos artísticos coa finalidade de que, tras un período de residencia en NORMAL, presenten un produto final, unha performance froito do traballo realizado.

Exposicións. A Sala de Exposicións de Normal é un espazo de máis de quiñentos metros cadrados que ten acollido e acolle proxectos expositivos de grande interese e que dan cabida á mostra da obra de artistas emerxentes do noso ámbito xeográfico ou exposicións colectivas de diverso teor. Neste ano 2022 están previstas dúas grandes exposicións entre as cales se introducirá tamén na sala algunha instalación audiovisual.

“Cabria para Normal”, de Diego Vites. Curada por Ángel Calvo Ulloa Trátase dunha proposta para a cal, emulando as cabrias de Muxía, Diego Vites propón ocupar cunha grande estrutura de madeira a case totalidade do espazo expositivo de NORMAL, converténdoo nun lugar para a experimentación, nun proxecto que abordado desde diferentes disciplinas ten como obxectivo a análise e a observación das formas, dos materiais, dos movementos e dos usos que de dan nese proceso artesán para trasladalos ao eido da arte contemporánea.

“A Galicia Deseñada. Símbolos, marcas e identidades gráficas”. Curadores: Cibrán Rico e Suso Vázquez (Desescribir) e Marcos Dopico Esta mostra pretende ofrecer unha panorámica da evolución no deseño de símbolos, marcas e identidades gráficas galegas a un público non especialista, a partir de medio cento de exemplos seleccionados en base á súa calidade e relevancia, creadas por profesionais do deseño galego, do resto do estado ou internacionais para empresas e institucións galegas.

Coro UDC. Fundado en 1990, o coro ensaia dous días por semana e participa en numerosos actos académicos e culturais, dentro e fóra da UDC. O número de integrantes, que se renova cada ano, é sempre superior ás vinte persoas. Na actualidade, e desde o ano 2012, o director é Rupert Twine.

Actividades fixas e puntuais.

- Letras Galegas
- Roteiros singulares
- Ano María Casares
- Artes performativas e masterclasses
- Ciclos de música
- Ciclos de cinema

II.- Orzamento de gastos da actividade a realizar pola entidade beneficiaria.

Compras de bens destinados á actividade	5.500,00
Contratacións externas	71.300,00
Desprazamentos	3.000,00
Compras de outros aprovisionamentos	100,00
Axudas monetarias	4.200,00
Primas seguros	500,00
Publicidade, propaganda e relacións públicaS	1.000,00
Transportes	4.400,00
Soldos e salarios e Seguridad Social	22.500,00
Total	112.500,00 €

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou aporten para a mesma finalidade.

1.- A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **90.000 €**, o que representa unha porcentaxe do **80 %** do orzamento total.

A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos, propios ou alleos, acreditando a UDC que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á UDC.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só alcanzará o importe que represente o 80%, da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75% do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3269/ 45390 na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

5.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación e execución.

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarias para a execución da actividade corresponderalle á UDC, asumindo, xa que logo, as conseguíntes responsabilidades.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á UDC, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000 €, con carácter previo á contratación, a UDC deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades da UDC, ben sexa por medios escritos, radiofónicos ou televisivos, audiovisuais ou internet, etc. deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da UDC.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle abonada á UDC unha vez asinado o convenio e logo que se presente de xeito telemático a través da plataforma subtel, a seguinte documentación:

* **Memoria de actuación**, subscrita polo representante legal da UDC, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas, dos beneficiarios e dos resultados obtidos.

* **Relación clasificada dos gastos** realizados (con IVE e sen IVE), no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

* **Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiránse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2022.

* **Relación** detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións

públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non telas.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* **Acreditación** do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se teña feito das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

VII. Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, realizaranse entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2022.

2.- Unha vez rematadas as actividades, a UDC deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de marzo de 2023**.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á UDC para que a presente no prazo improrrogable de **quinze días**.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á UDC da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola UDC.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- A UDC deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por esta.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- A UDC destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a UDC deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a UDC poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a UDC queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3.- Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable,.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da UDC serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á UDC será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2023** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizadas dende o 1 de xaneiro de 2022.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2023, autorice o correspondente Orzamento.

2.- Previa solicitude da UDC, realizada alomenos un mes antes do fin da vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, e previos os informes preceptivos da Unidade Xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na

Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, logo dos informes previos preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ----

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuaduplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

7.- Aprobación da concesión dunha subvención nominativa á Universidade de Santiago de Compostela para cofinanciar a "Programación para fomento da educación, a investigación, a transferencia do coñecemento e as actividades culturais, artísticas e científicas no ano 2022" e do correspondente convenio de colaboración.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar a concesión dunha subvención nominativa á Universidade de Santiago de Compostela, por importe de **108.000,00 €**, concedida para financiar a *Programación para fomento da educación, a investigación, a transferencia do coñecemento e as actividades culturais, artísticas e científicas no ano 2022* cun orzamento subvencionado de **135.000,00 €**, de acordo co texto do convenio que se achega.

2.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

No presente caso, hai que sinalar que a Deputación ten aberta unha liña de subvencións dirixida a entidades sen fins de lucro para a realización de actividades culturais durante o ano 2022, polo que, á vista do obxecto da convocatoria, a Universidade de Santiago de Compostela podería concorrer á convocatoria, non entanto, na convocatoria fíxase o importe máximo das subvencións que poden concederse en 30.000 €, que é unha cantidade moi insuficiente á vista do orzamento presentado pola USC.

A maiores desta limitación, estímase que o carácter singular da presente solicitude ven determinado polas características especiais da entidade solicitante, xa que non poden valorarse nunha mesma convocatoria entidades privadas como son as asociacións culturais, ampas, asociacións veciñais e outras similares, e as universidades que forman parte da administración educativa pública, cuxo ámbito de actuación e persoas beneficiarias non son comparables.

Coa motivación incorporada nos parágrafos anteriores levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 21 de setembro de 2022.

3.- Incluír a dita subvención no Plan Estratéxico Provincial de Subvencións 2021/2022, da Deputación da Coruña.

4.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2023, autorice o correspondente Orzamento.

“ Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Universidade de Santiago de Compostela polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento da *Programación para fomento da educación, a investigación, a transferencia do coñecemento e as actividades culturais, artísticas e científicas no ano 2022.*

Na Coruña a

REÚNENSE

Don/a, en representación da Deputación Provincial da Coruña

Don/a, en representación da Universidade de Santiago de Compostela,

EXPOÑEN

Primeiro.- Que a USC ten como obxecto esencial a impartición de docencia, a promoción da investigación científica e técnica, e a transferencia do coñecemento no seu marco territorial de actuación. Neste senso a USC, para o cumprimento dos seus fins, vén desenvolvendo, con recoñecido prestixio, a súa actividade docente, investigadora e de transferencia do coñecemento, estando chamada por razón de esencia, finalidade e obxectivos, a establecer as canles de comunicación que permitan o intercambio do coñecemento científico e cultural das persoas pertencentes ao mundo universitario, formando profesionais, investigadores, profesores

universitarios e técnicos útiles á sociedade, en beneficio todo iso da cultura e o benestar social.

Segundo.- Que a Deputación da Coruña ten entre os seus obxectivos o fomento da educación e a programación e subvención das actividades culturais, artísticas e científicas, en colaboración con outras entidades e organismos, para contribuír de maneira sustentable ao avance do coñecemento e o benestar social.

Terceiro.- Que a Deputación da Coruña vén colaborando coa Universidade de Santiago no financiamento de parte das súas actividades culturais, artísticas e científicas, sendo un exemplo deste tipo de colaboración o apoio ao financiamento parcial do Proxecto ESTALMAT-Galicia, o cal ten como obxectivo principal detectar, orientar e estimular, de maneira continuada, o talento matemático en alumnos entre os 12 e os 15 anos; e, desde o ano 2016 contribúe ao financiamento da programación cultural, artística e científica da USC.

Cuarto.- Que a Deputación da Coruña e a USC desexan formalizar a súa colaboración no ámbito da educación, a investigación, a transferencia do coñecemento, as actividades culturais, artísticas e científicas, nun novo convenio que favoreza o entendemento entre as partes e axilice os procesos.

En virtude do exposto, e dando cumprimento á vontade das entidades ás que respectivamente representan, os comparecentes outorgan neste acto o presente Convenio de Colaboración, e acordan formalizar o presente convenio que se rexe polas seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol da Universidade de Santiago de Compostela CIF Q1518001A, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para o financiamento parcial da ***Programación para fomento da educación, a investigación, a transferencia do coñecemento e as actividades culturais, artísticas e científicas no ano 2022.***

O presente convenio contempla as seguintes liñas de actuación prioritarias, sen prexuízo de que ambas institucións, de mutuo acordo, contemplan outras que puidesen xurdir máis adiante.

1.- Apoio aos programas de detección e captación de talento.

Neste ámbito inclúense, entroutras, as accións dirixidas á captación e detección de talento de estudantes; estarán recolleitos, alomenos:

1.1.- Programa A Ponte entre a USC e o Ensino Medio dentro destas accións cabe destacar unha que a Universidade de Santiago de Compostela considera

fundamental: a captación dos mellores expedientes procedentes do bacharelato e ciclos formativos.

1.2.- *ESTALMAT Galicia*, que busca detectar aptitudes matemáticas avanzadas entre o alumnado de secundaria e proporcionarlles un programa de actividades adaptadas ao desenvolvemento do seu talento.

2.- Apoio á Programación Cultural.

Neste ámbito inclúense, entroutras actividades, as seguintes:

2.1.- Teatro

- Estrea do espectáculo 2022 da Aula de Teatro
- XXI Mostra de Teatro Universitario de Galicia

2.2.- Música

- Encontros orquestrais de primavera, verán e nadal da Orquestra da USC.
- Ciclo de concertos no Paraninfo.

2.3.- Danza

- XX Encontro Universitario de Danza

2.4.- Exposicións

- A Minerva Compostelá II. O seu patrimonio
- O Arquivo Histórico da USC. Crónica dunha custodia
- Isabel Rey. A Universidade Pintada
- Palabras Orfas. Esculturas de Soledad Penalta
- Home devorador. Obras de Xosé Luis Otero

2.5.- Plan de posta en valor e Musealización do Patrimonio Histórico-Artístico da USC.

- Programa pedagóxico de difusión do patrimonio da USC

2.6.- Programa para Incentivar á industria cultural Galega trala COVID-19.

- Programación especial de empresas galegas vinculadas ás artes escénicas e musicais seguindo os parámetros de traballo desenvolvidos pola Aula de Teatro da USC relativos a calidade e especificidade estilísticas, poñendo atención especial en colectivos non marcadamente comerciais, razón pola que, no contexto da pandemia do COVID-19, atravesan unha maior dificultade.

3.- Apoio a congresos e seminarios.

Financiamento parcial de eventos científicos encamiñados ao intercambio de coñecemento que se van a celebrar durante o ano 2022 na Universidade de Santiago de Compostela. .

4.- Programa Camiños de Coñecemento e Experiencia (IV Ciclo).

Programa universitario para as persoas de máis de 50 anos das comarcas da contorna de Santiago de Compostela e da súa zona de influencia administrativa e sociocomunitaria, que por diferentes motivos (xeográficos ou económicos entre outros moitos) non poden asistir ao devandito programa de formación para maiores nas instalacións universitarias.

5.- 100 anos de Estudos de Química na USC.

Neste ano 2022 cúmprense 100 anos da creación da Facultade de Ciencias da Universidade de Santiago de Compostela, e dos estudos de química que foi o primeiro título que se impartiu desde o ano 1922 de maneira ininterrompida hasta hoxe. Por eso a actual Facultade de Química está celebrando ó longo deste ano, os 100 anos de Estudos de Química na USC

II.- Orzamento de gastos da actividade a realizar pola entidade beneficiaria.

A USC desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

Compra de bens necesarios para o desenvolvemento das actividades	18.156,00
Contratacións externas (Servizos de profesionais independentes)	28.952,00
Desprazamentos: Gastos de manutención/avituallamento, viaxes e aloxamento	9.792,00
Outros aprovisionamentos	2.300,00
Primas de seguros	1.500,00
Publicidade e propaganda	39.600,00
Reparacións e conservación	2.500,00
Seguridade social a cargo da entidade	9.000,00
Soldos e salarios	20.200,00
Transportes	3.000,00
Total	135.000,00 €

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1.- A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **108.000,00 €** o que representa unha porcentaxe do **80,00 %** do orzamento total.

A cantidade restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos, propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80,00 %, da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75% do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3269/45390, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación e execución.

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarias para a execución da actividade corresponderalle á USC, asumindo, xa que logo, as conseguíntes responsabilidades.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á USC, nin con calquera outra na que conorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000 €, con carácter previo á contratación, a USC deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades da USC, ben sexa por medios escritos, radiofónicos ou televisivos, audiovisuais ou internet, etc. deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da USC.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle abonada á USC unha vez asinado o convenio e logo que se presente de xeito telemático a través da plataforma subtel, a seguinte documentación:

* **Memoria de actuación**, subscrita polo representante legal da USC, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas, dos beneficiarios e dos resultados obtidos.

* **Relación clasificada dos gastos** realizados (con IVE e sen IVE), no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

* **Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2022.

* **Relación** detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non telas.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* **Acreditación** do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se teña feito das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

VII. Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, realizaranse entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2022.

2.- Unha vez rematadas as actividades, a USC deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de marzo de 2023**.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á USC para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación

aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á USC da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola USC.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- A USC deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por esta.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- A USC destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a USC deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a USC poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a USC queda sometida aos procedementos de fiscalización que

leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3.- Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable,.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da USC serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á USC será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2023** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizadas dende o 1 de xaneiro de 2022.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2023, autorice o correspondente Orzamento.

2.- Previa solicitude da USC, realizada alomenos un mes antes do fin da vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, e previos os informes preceptivos da Unidade Xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, logo dos informes previos preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ----

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

8.- Aprobación da concesión de subvención nominativa a Asociación Cultural Correlingua para financiar o proxecto O Correlingua 2022 na provincia da Coruña, Fálame! e aprobación do correspondente convenio de colaboración

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

1º. Exceptuar para este convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención e que son as seguintes:

a.- A promoción da lingua galega é competencia de todas as AAPP galegas segundo o artigo 5 do Estatuto de autonomía, e a Ordenanza de uso da lingua galega na Deputación da Coruña que dedica o capítulo XI.–Impulso institucional do idioma galego (artigos 19 e seguintes) ao mesmo fin.

b.- No Plan estratéxico de subvencións establécese como obxectivo estratéxico E.09 *"Contribuír aos obxectivos de normalización da lingua galega e fomentar o seu uso desde a institución provincial e os concellos"* sendo área ou servizo referente, entre outras Normalización Lingüística, destacando dentro deste obxectivo estratéxico os seguintes obxectivos operativos:

- O.43 Apoiar o desenvolvemento de iniciativas sociais normalizadoras a través de concellos e entidades sociais.
- O.45 Apoiar a existencia e difusión de contidos en lingua galega.

Polo tanto, non prevendo o PES 20-22 ningunha liña de concorrencia competitiva que poida fomentar este tipo de actuacións que desenvolve A C Correlingua, e tendo en conta o grande apoio coa actuación que desenvolve para as súas actividades de defensa dos dereitos lingüísticos e de fomento da lingua galega, enténdese que concorre causa excepcional que xustifica a concesión da subvención nominativa.

2º Levantar o reparo interposto pola Intervención Provincial na tramitación do expediente coa motivación incorporada no apartado 1º do presente acordo, e instar a que este siga os trámites oportunos para proceder á súa aprobación e formalización.

3º. Aprobar o convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Cultural Correlingua, CIF G70325683, co obxecto de financiar o proxecto Correlingua 2022 na provincia da Coruña. Fálame! cunha subvención nominativa por importe de 20.000,00 euros. A porcentaxe de financiamento proposta é do 78,16 % de acordo co texto do convenio que se achega.

4º. Subordinar o presente acordo ao crédito que para o exercicio de 2023, autorice o correspondente orzamento.

5º. Incluír a subvención no Plan estratéxico provincial de subvencións 2020/2022, da Deputación da Coruña.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN CULTURAL CORRELINGUA, CIF G70325683, PARA FINANCIAR O

“CORRELINGUA 2022 NA PROVINCIA DA CORUÑA. FÁLAME!”

Na Coruña, o de de na sede da Deputación Provincial da Coruña

Ante min, Amparo Taboada Gil, secretaria xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedataria actuante,

REUNIDOS

D/Dna. _____ en nome e representación de Deputación Provincial da Coruña,

D/Dna. _____ en nome e representación de Asociación Cultural Correlingua

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

MANIFESTAN

A Asociación Cultural Correlingua, CIF G70325683, organiza coa denominación, que adoptaron, de Correlingua desde 2001 diversas actividades a prol do idioma por Galicia.

Unha proposta de carácter lúdico, educativo e reivindicativo que pretende convidar a mocidade, alumnado e centros de ensino de titularidade pública e privada, de diferentes niveis a participar nun acto público de reivindicación do dereito de medrar en galego e tamén exercer de maneira efectiva como galegos e galegas a través do uso do noso idioma, única forma de garantir o seu futuro.

O proxecto do Correlingua mantén as actividades que se veñen desenvolvendo nos centros de ensino como os concursos de elaboración do manifesto, vídeo, banda deseñada, o Cantalingua e concertos; proxéctanse as actividades Regueifando, Desata a lingua, Banda deseñada, PALabras PARA o VENTO (alternativas ás festas finais e carreiras) para o Correlingua 2022.

A Deputación da Coruña, é competente para a colaboración prevista no convenio, de conformidade coa Lei de bases de réxime local 7/85 do 2 de abril, art. 36 e coa Lei de administración local de Galicia 5/97, art. 109 e 119, así mesmo, co disposto no Estatuto de autonomía para Galicia, que proclama a lingua galega como oficial de Galicia e a disposición de medios para facilitar o seu coñecemento no seu artigo 5, así como na Lei de normalización lingüística do 15 de xuño de 1983 e especialmente conforme á Lei 5/88 do uso do galego como lingua oficial polas entidades locais.

A deputación proxecta, conforme ás previsións do presente exercicio orzamentario, o desenvolvemento de accións diversas, encamiñadas á normalización lingüística no ámbito territorial da súa competencia.

Dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e a Asociación Cultural Correlingua, ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

Este convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e Asociación Cultural Correlingua, CIF G70325683, para financiar o Correlingua 2022 na provincia da Coruña. Inmunízate co galego (do 1 de xaneiro ao 31 de decembro) un proxecto que pretende incentivar o uso oral do galego e polo tanto a súa normalización como medio de comunicación habitual entre a xente nova.

Na provincia realizaranse as seguintes actividades:

Festa en Santiago de Compostela, na Alameda 11-05-2022

Festa en Carballo, no Auditorio do Pazo da Cultura 18-05-2022

Festa no Auditorio Municipal de Narón 31-05-2022

Festa da Coruña no Centro Socio Cultural Ágora 28-09-2022

2 obradoiros de BD Correlingua impartidos por Xulia Pisón e/ou Manel Cráneo en Santiago de Compostela e noutra cidade por determinar. Xuño/setembro/outubro 2022

1 obradoiro PALabras PARA o VENTO en Santiago de Compostela. Xuño/setembro/outubro 2022

2 obradoiros de escrita Desata a lingua impartidos por Lucía Aldao En Carballo e en Santiago de Compostela. Xuño/setembro/outubro 2022

Regueifando! Setembro - outubro

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE VAI REALIZAR A ENTIDADE BENEFICIARIA

GASTOS

1. Organización de actividades _____ 18.316,80 euros

1.1 Actividades nos centros de ensino participantes

Correlingua2022 _____ 1.170,00 euros

Dous Obradoiros escrita Desata a lingua por Lucía Aldao _____ 420,00 euros

Dous Obradoiros BD CORRELINGUA de Xulia Pisón /

Manel Cráneo / _____ 550,00 euros

Un Obradoiro PALabras PARA o VENTO por Míriam Ferradáns _____ 200,00 euros

1.2 Contratación de profesionais Festas Correlingua 2021 _____ 16.762,80 euros

Presentación Isabel Risco na Festa de Coruña _____ 435,60 euros

Mekánika Rolling Band (Cantalingua) na Festa de Coruña _____ 1.000,00 euros

Sonorización Bungalow Festa Santiago de Compostela _____ 1.026,08 euros

Mekánika Rolling Band (Cantalingua) Festa Santiago de C. _____ 1.000,00 euros

Aluguer Grupo Electrónico para Festa Santiago de Compostela	_____	181,50 euros
Presentación Isabel Risco na Festa de Santiago de Compostela	_____	435,60 euros
Mekánica Rolling Band (Cantalingua) na Festa de Carballo	_____	1.000,00 euros
Presentación e dinamización Fran Rei Festa de Carballo	_____	363,00 euros
Coordinación Correlingua: catro nóminas Helena Torres Blanco	_____	8.755,12 euros
Emisión directo e gravar festa de Narón Videoh!	_____	677,60 euros
Presentación e dinamización Isabel Risco na Festa de Narón	_____	641,30 euros
Actuación Paco Nogueiras na Festa de Narón	_____	400,00 euros
Comunicación e redes sociais Merlolab	_____	847,00 euros

1.3 Desprazamentos _____ 384,00€
Autobuses para o desprazamento do alumnado á Festa de Narón _____ 384,00 euros

2. Deseño - Edición de material e publicitación _____ 7.271,90 euros

2.1 Deseño imaxe Correlingua 2021 Xulia Pisón _____ 480,00 euros
2.2 Agasallos para o alumnado _____ 6.791,90 euros
5.500 mochilas agasallo alumnado Correlingua da Coruña _____ 6.521,90 euros
Envío agasallos ás diferentes comarcas da provincia onde se celebra o Correlingua _____ 270,00 euros

TOTAL DE GASTOS 25.588,70 euros

INGRESOS PREVISTOS

Deputación de Coruña _____ 20.000,00 euros
Concello de Santiago de Compostela _____ 2.500,00 euros
Concello de Ferrol _____ 1.000,00 euros
Concello de Carballo _____ 583,00 euros

TOTAL DE INGRESOS PREVISTOS 24.083,00 euros

Asociación Cultural Correlingua acredita que asume con Fondos propios o importe de 1.505,70 euros.

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **20.000,00 euros**, o que representa unha porcentaxe de **78,16 %**. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80% da cantidade efectivamente xustificada, podendo variar a porcentaxe sen que supere a contía máxima e a porcentaxe citadas neste apartado. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito para imputar a totalidade do gasto.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0116/3344/481**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Asociación Cultural Correlingua obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle a A C Correlingua. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas a A C Correlingua, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera os 15.000 euros, con carácter previo á contratación, A C Correlingua deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que a entidade tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña. Ademais o logotipo da deputación deberá figurar na web da entidade.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da entidade.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle aboada a A C Correlingua unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal de A C Correlingua, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.
- Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsas deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola deputación.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberán estar rematadas **o 31 de decembro de 2022** como máximo.

2. Unha vez rematadas as actividades, a entidade deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de marzo de 2023**.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento a A C Correlingua para que a presente no prazo improrrogable de **quinze días**.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá a entidade da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade na documentación achegada.

Se transcorresen máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a entidade terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. A C Correlingua deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma e coa Seguridade Social.

Para este fin poderá autorizar a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A C Correlingua destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 euros, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a entidade deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, A C Correlingua poderá ser escollida pola Intervención provincial para realizarlle un control financeiro sobre a subvención

pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Igualmente, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a entidade queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iníciase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o devandito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previsto nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos do atraso na realización das actividades ou atraso na presentación da xustificación estarase ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da C Correlingua serán remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto e co debido respecto á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e ás normas relativas á libre circulación de tales datos, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais en tanto non se opoña ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

2. Igualmente, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á A C CORRELINGUA será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de Convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2023** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel realizaranse dende o 1 de xaneiro de 2022.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o exercicio 2023, autorice o correspondente orzamento.

2. Por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e despois dos informes da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría Xeral e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e cos informes previos indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

4.- Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida ter rematadas as actividades e presentada a xustificación no prazo sinalado na cláusula VII, deberá solicitar antes do 15/03/2023 a PRÓRROGA do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo (cronograma) co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do proxecto. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do 2023. Esta prórroga será aprobada mediante resolución da Presidencia, despois do informe da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e da Intervención Provincial. Nesta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na citada data.

Todo isto, igualmente condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que

xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, logo dos informes previos preceptivos da unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento."

9.- Aprobación do Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación de Padres Profesionales y Amigos de personas con discapacidade intelectual Special Olympics Galicia para cofinanciar a realización do proxecto: Fin da peregrinación e simbólica 2, na convivencia de Familias do día 3 de xullo do 2022

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobado o convenio coa **Asociación de Padres Profesionales y Amigos de personas con discapacidade intelectual Special Olympics Galicia**, correspondente á subvención nominativa, por importe de **60.000 €**, concedida para **cofinanciar a realización do proxecto: Fin da peregrinación e simbólica 2, na convivencia de Familias do día 3 de xullo do 2022**, cun orzamento subvencionado de **75.424,29 €**, de acordo co texto que se achega.

2.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada no parágrafo anterior levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 21 de setembro de 2022.

3.- Incluir a dita subvención no Plan Estratéxico Provincial de Subvencións 2020/2022, da Deputación da Coruña.

4.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o exercicio 2023 autorice o correspondente Orzamento.

“ Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación de Padres Profesionales y Amigos de personas con discapacidad intelectual Special Olympics Galicia para cofinanciar a realización do proxecto: Fin da peregrinación e simbólica 2, na convivencia de Familias do día 3 de xullo do 2022.

Na Coruña, a

REUNIDOS

D/Dna. _____, en nome e representación da Deputación Provincial da Coruña.

D/Dna. _____, en nome e representación da **Asociación de Padres Profesionales y Amigos de personas con discapacidad intelectual Special Olympics Galicia**

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que detentan, e recoñecéndose recíprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento.

MANIFESTAN

Que ámbalas partes recoñécense plena capacidade para outorgar o presente convenio.

Que a Deputación Provincial da Coruña, coñecedora da necesidade de impulsar o fomento do deporte está interesada en colaborar coas entidades que promociónen a práctica deportiva e en especial con aqueles programas de apoio e fomento ao deporte.

Que a **Asociación de Padres Profesionales y Amigos de personas con discapacidad intelectual Special Olympics Galicia** é unha entidade adicada a fomentar actividades de **lecer, deporte e cultura**, con fins rehabilitadores e terapéuticos, para as persoas con discapacidade intelectual.

En función das consideracións anteriores, a Deputación Provincial da Coruña e a **Asociación de Padres Profesionales y Amigos de personas con discapacidad**

intelectual Special Olympics Galicia coa finalidade de fixar as condicións da súa colaboración, acordan formalizar o presente convenio de colaboración, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio de colaboración ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol da **Asociación de Padres Profesionales y Amigos de personas con discapacidade intelectual Special Olympics Galicia**, con CIF: G15771777, fixando as condicións que se imponen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para o cofinanciamento da realización do proxecto: **Fin da peregrinación e simbólica 2, na convivencia de Familias do día 3 de xullo do 2022**

II.- Orzamento de gastos da actividade a realizar pola entidade beneficiaria.

A **Asociación de Padres Profesionales y Amigos de personas con discapacidade intelectual Special Olympics Galicia** desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte a un orzamento, que ascende a 75.424,29 €, e se desagrega de acordo co seguinte:

Concepto	Importe
Transporte (autobus, etc)	9.418,60 €
Manutención	30.566,00 €
Persoal	3.478,89 €
Publicidade e propaganda	11.683,22 €
Ambulancia e outros	2.800,00 €
Furgonetas apoio	96,84 €
Material e outros (non inventariable)	1.700,00 €
Material oficina e difusión	100,00 €
Alugueres (Material, Bañosquímicos, etc..)	8.375,38 €
Seguros	123,10 €
Orquesta , coral e ocio	5.665,00 €
Limpeza	516,07 €
Refrescos e outros	901,19 €
TOTAL	75.424,29 €

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou aporten para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **60.000 €**, o que representa unha porcentaxe do **79,55%**.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación achegará o importe que represente o **79,55 %** da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3411/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a **Asociación de Padres Profesionales y Amigos de personas con discapacidade intelectual Special Olympics Galicia** obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustifico, minorarase a aportación provincial no importe necesario para darlle estricto cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución.

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministros necesarios para a execución da actividade corresponderalle á **Asociación de Padres Profesionales y Amigos de personas con discapacidade intelectual Special Olympics Galicia**.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas o entidades vinculadas á **Asociación de Padres Profesionales y Amigos de personas con discapacidade intelectual Special Olympics Galicia**, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000 €, con carácter previo á contratación, a **Asociación de Padres Profesionales y Amigos de personas con discapacidad intelectual Special Olympics Galicia** deberá solicitar alomenos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento destas obrigas da **Asociación de Padres Profesionales y Amigos de personas con discapacidad intelectual Special Olympics Galicia**.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle abonada á **Asociación de Padres Profesionales y Amigos de personas con discapacidad intelectual Special Olympics Galicia** unha vez que se presente de xeito **telemático** (a través da plataforma subtel) a seguinte documentación:

* **Memoria** de actuación, suscrita polo representante legal da **Asociación de Padres Profesionales y Amigos de personas con discapacidad intelectual Special Olympics Galicia**, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* **Relación clasificada dos gastos** realizados (con IVE e sen IVE), no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse copia das facturas e demais xustificantes de gasto.

Os gastos e as correspondentes facturas referiránse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2022.

* **Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* **Declaración** doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* **Declaración** de si a entidade está ou non exenta do IVE.

* **Certificación** da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a aportación de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberán estar rematadas o **31 de decembro de 2022**.

2.- Unha vez rematadas as actividades, a **Asociación de Padres Profesionales y Amigos de personas con discapacidad intelectual Special Olympics Galicia** deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de marzo de 2023**.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibida xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requerimento á **Asociación de Padres Profesionales y Amigos de personas con discapacidad intelectual Special Olympics Galicia** para que a presente no prazo improrrogable de **quinze días**.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á **Asociación de Padres Profesionales y Amigos de personas con discapacidad intelectual Special Olympics Galicia** da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

4.- O abono da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola **Asociación de Padres Profesionales y Amigos de personas con discapacidad intelectual Special Olympics Galicia**.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- A **Asociación de Padres Profesionales y Amigos de personas con discapacidad intelectual Special Olympics Galicia** deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por ésta.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- A **Asociación de Padres Profesionales y Amigos de personas con discapacidade intelectual Special Olympics Galicia** destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a **Asociación de Padres Profesionales y Amigos de personas con discapacidade intelectual Special Olympics Galicia** deberá contar alomenos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a **Asociación de Padres Profesionales y Amigos de personas con discapacidade intelectual Special Olympics Galicia** poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a **Asociación de Padres Profesionales y Amigos de personas con discapacidade intelectual Special Olympics Galicia** queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuciamiento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do

reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3.- Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da **Real Asociación de Padres Profesionales y Amigos de personas con discapacidade intelectual Special Olympics Galicia** serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no precepto e co debido respecto á protección de datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantías dos dereitos dixitais, en tanto non se opoña ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se Derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento Xeral de Protección de Datos).

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á **Asociación de Padres Profesionales y Amigos de personas con discapacidade intelectual Special Olympics Galicia** será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **30 de maio de 2023** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2022.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio 2023, autorice o correspondente Orzamento.

2.- Previa solicitude da **Asociación de Padres Profesionales y Amigos de personas con discapacidade intelectual Special Olympics Galicia**, realizada alomenos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdicción competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicararanse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdicción contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdicción, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan por cuadruplicado exemplar o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

10.- Aprobación do convenio entre a Deputación e o Concello de Carral para a realización da festa "Festa do Pan de Carral"

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

1º.-Exceptuar para o presente convenio o cumprimento dos principios de concurrencia, publicidade, igualdade e non discriminación, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios se encontran recollidos nos artigos 22.2 da lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo queda solventada a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe.

2º.- Aprecianse no presente expediente razóns de interese público, que dificultan a convocatoria de concurrencia competitiva:

- A actividade proposta polo Concello de Carral enmarcase na promoción económica, e segundo consta na motivación das razóns expostas polo Concello e xustifican a concesión da citada subvención dada a relevancia tan importante na conservación do produto máis básico como é o pan. Neste senso cabe sinalar a importancia de manter a produción de pan dun xeito artesanal con produtos como os cereais cultivados na comarca de Carral evitándose a utilización de fariñas refinadas e conservando o valor da fariñas fina e o privilexio da fornada lenta e artesanal.
- A implicación do comercio e a industrial local e comarcal e a masiva asistencia de visitantes ten convertido esta festa nun dos principais impulsores económicos do municipio
- Segundo a memoria presentada pola concello a natureza do evento consiste en converter este lugar nun referente do mantemento das actividades artesanais neste caso o pan para isto ofrecen as seguintes actividades:
 - Obradoiros para os rapaces e rapazas da comarca para aprender a facer o seu propio pan.
 - O obradoiro dos máis pequeno é o símbolo dunha festa que segue tendo ás familias e a propia infancia entre o seu público principal que ademais do amasado de pan poden desfrutar de actuacións de rúa pensadas especialmente para eles.
 - Os centros educativos do concello participan nun concurso do que sairá o cartel elixido para a promoción da festa.
 - Este ano a festa incluírá unha campaña de Libros Solidarios que propón o intercambio de libros usados por alimentos para beneficio de familias necesitadas.
 - Na súa parte máis lúdica a Feira inclúe actuacións de artistas de teatro

de rúa e a exhibición de cetrería coa participación de aves rapaces.

- Por outra banda o proxecto pola envergadura e importes que conleva, excede dos parámetros das subvencións que veñen a concederse nas convocatorias de réxime de concorrencia competitiva do Servizo.

3º Aprobar o texto do convenio de colaboración a subscribir entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Carral con CIF P1504800B para financiar o proxecto “XVIII Festa do Pan de Carral” que queda condicionado á aprobación no vindeiro EMC cunha achega provincial de 39.999,70 € con cargo á aplicación presupuestaria 0510/3341/46201, que representa un coeficiente de financiación do 80 % con respecto a un orzamento de 49.999,62 €.

4º Facultar ao sr. Presidente da Corporación para a sinatura do convenio.”

O texto íntegro do convenio é o seguinte:

Convenio de colaboración entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e o CONCELLO DE CARRAL para financiar o proxecto “XVIII Festa do Pan de Carral”

En A Coruña a

REUNIDOS

Dunha parte, o representante da Deputación

E doutra parte, o representante do Concello de Carral

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas.

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do CONCELLO DE CARRAL, ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o **CONCELLO DE CARRAL, CIF P1502100I**, para o financiamento das “XVIII Festa do pan de Carral”.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE A REALIZAR

O CONCELLO DE CARRAL levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

CONTRATACIÓNS EXTERNAS	
Actuacións musicais	9.000,00 €
Animación	3.100,00 €
Outras actividades	2.370,00 €
Persoal	1.422,00 €
Seguridade	1.145,50 €
Ambulancia e Servizos médicos	632,00 €
Asistencia técnica	5.000,00 €
ALUGUERES E CÁNONES	
Equipo e matererial técnico audiovisual	1.469,40 €
Escenarios e carpas	4.740,00 €
Sanitarios	237,00 €
Funxibles	1.975,00 €
Valos	142,20 €
SGAE	276,50 €
PROMOCIÓN E PUBLICIDADE	
Decoración	948,00 €
Carteleria e outros materiais impresos	938,20 €
Lonas e vinilos	1.406,20 €
Merchandising	4.545,00 €
Radio	1.975,00 €
TOTAL	41.322,00 €
IVE	8.677,62 €
TOTAL CON IVE	49.999,62 €

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU APORTEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **39.999,70 €** o que representa unha porcentaxe de 80,00 %. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80,00 % da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (proprios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.
2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.
3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0510/3341/46201**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención

de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o CONCELLO DE CARRAL obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Corresponderalle ao CONCELLO DE CARRAL o outorgamento dos contratos de subministro, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.

2. No procedemento de contratación o CONCELLO DE CARRAL axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3. No caso de que o CONCELLO DE CARRAL tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do CONCELLO DE CARRAL.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación provincial seralle aboada ao CONCELLO DE CARRAL, unha vez que se presente a seguinte documentación:

1.- Memoria de actuación, subscripta polo representante legal do CONCELLO DE CARRAL, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

2.- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.

3.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.

4- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

5.- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

6.- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

O CONCELLO DE CARRAL deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA, terán lugar entre os días 1 de xaneiro de 2022 ata o 31 de decembro de 2022 e deberán estar rematadas antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

2. Unha vez rematadas as actividades, o CONCELLO DE CARRAL deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao CONCELLO DE CARRAL para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao CONCELLO DE CARRAL da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CONCELLO DE CARRAL na documentación achegada.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1 O CONCELLO DE CARRAL deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2 A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

- 3 A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. O CONCELLO DE CARRAL destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, o CONCELLO DE CARRAL poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o CONCELLO DE CARRAL queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuzamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN S.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguírse o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.
2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Ordenanza provincial reguladora do control financeiro de subvencións e dos procedementos de reintegro e sancionadores derivados (BOP núm. 116 de data luns, 22 de xuño do 2015)
3. Para os supostos de retrasos na realización das obras ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na Ordenanza provincial reguladora do control financeiro de subvencións e dos procedementos de reintegro e sancionadores

derivados (BOP núm. 116 de data luns, 22 de xuño do 2015)

4. Si o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VII.3 e a data do pago efectivo ao terceiro

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do CONCELLO DE CARRAL serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención ao CONCELLO DE CARRAL será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados dende o 1 de xaneiro ao 31 de decembro do ano 2022, sen que en ningún caso sexán subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o **día 31 de xullo do ano 2023, sempre e cando exista crédito para tal fin.**

2. O CONCELLO DE CARRAL deberá presentar a xustificación **antes do día 30 de xuño de 2023.**

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de

xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o do CONCELLO DE CARRAL, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Acordo Plenario do de

E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar duplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O representante da Deputación

O representante do
CONCELLO DE CARRAL"

11.- Aprobación do Plan de Vías Provinciais (VIPI) 2018, 2ª FASE integrado polo proxecto "TERM DP 6104 Creta na AC-862 AO PICÓN, PQ 0+000 AO PQ 2+400 da ampliación e mellora (Ortigueira)"

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobación do Plan de INVESTIMENTO EN VIAS PROVINCIAIS 2018 SEGUNDA FASE cun orzamento total de 536.391,92 €, con cargo á aplicación 2022/0410/4531/60900 que se detalla:

CODIGO	DENOMINACIÓN	CONCELLO	PRESUPOSTO (DEPUTACIÓN FONDOS PROPIOS), 2022/0410/4531/60900
2018.1110.0004.2	TERMINACIÓN DA AMPLIACIÓN E MELLORA DP 6104 Creta na AC-862 AO PICÓN, PQ 0+000 AO PQ 2+400	Ortigueira	536.391,92

2.- Expor ao público os Proxectos mediante anuncio a inserir no Boletín Oficial da

Provincia nun prazo de dez días a efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas producísense, consideraranse definitivamente aprobados.

3.- Remitir o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe."

12.- Aprobación dun convenio de cooperación entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e o concello de Muxía polo que se instrumente unha subvención nominativa para cofinanciar as obras de Mellora do viario entre o núcleo de Leis e o límite municipal de Muxía

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

1º.- Levantar o reparo formulado pola Intervención Provincial na tramitación do expediente de aprobación dun convenio de Cooperación entre a Excm. Deputación provincial da Coruña e o **Concello de Muxía** para cofinanciar as obras de **Mellora do viario entre o núcleo de Leis e o límite municipal de Muxía, polas razóns que obran no expediente.**

2º.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan as razóns de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 LXS e 65-67 do seu Regulamento.

3º.- Aprobar o texto e a formalización do Convenio de Cooperación entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e o **Concello de Muxía** para cofinanciar as obras de **Mellora do viario entre o núcleo de Leis e o límite municipal de Muxía** cunha achega provincial de **160.000,00** euros con cargo a la **aplicación orzamentaria 0112/1532/76201**, o que representa un coeficiente de financiamento do **80,00%** respecto dun orzamento de **200.000,00 euros.**

4º.- Condicionar o convenio á existencia de crédito adecuado e suficiente e ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, no próximo exercicio orzamentario, de acordo coa normativa vixente no momento.

ANEXO

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE MUXÍA POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O COFINANCIAMENTO DAS OBRAS DE MELLORA DO VIARIO ENTRE O NÚCLEO DE LEIS E O LÍMITE MUNICIPAL DE MUXÍA

Na Coruña, a ___ de _____ de 2022

Ante min, Amparo Taboada Gil, Secretaria Xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedataria actuante

REUNIDOS

Dunha parte, o/a representante da Excma. Deputación Provincial da Coruña

E doutra parte o/a representante do Concello de **MUXÍA**

Os comparecentes interveñen en uso das potestades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

MANIFESTAN

Son competencias propias da Deputación Provincial de A Coruña, en virtude do establecido no artigo 36 Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión.

A este efectos, a Deputación asegura o acceso da poboación da Provincia ao conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal e á maior eficacia e economía na prestación destes mediante fórmulas de asistencia e cooperación municipal. Con esta finalidade, a Deputación poderá outorgar subvencións e axudas con cargo aos seus recursos propios para a realización e o mantemento de obras e servizos municipais, que se instrumentarán a través de plans especiais ou outros instrumentos específicos.

Así mesmo, o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos no artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local

O Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras, as seguintes materias: d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.

Neste sentido, o Concello de **MUXÍA** considera de primeira necesidade a **Mellora do viario entre o núcleo de Leis e o límite municipal de Muxía**, con tal motivo e dada a necesidade imperiosa das actuación preténdese por parte do Concello realizar as

obras, motivadas principalmente por razón de interese público, social e económico.

...Trátase dunha vía pola que discorre o Camiño de Santiago e que tamén dá acceso a importantes lugares de interese turístico como son as praias de Lago, Os Muíños e Leis.

...O estado do firme no tramo que falta por executar (Praia de Lago-Leis) é moi deficitario, con numerosos baches e estreitamentos. Por outra banda nalgún núcleo polo que a vía discorre, faríanse melloras que aumentarían a seguridade dos viandantes (moitos deles peregrinos) e adecentaríase a súa estética

Dado o interese coincidente da Deputación e do **Concello de Muxía** ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COOPERACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1- O presente convenio de cooperación ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do Concello de Muxía con CIF P1505300B, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria, para o financiamento das obras de **“Mellora do viario entre o núcleo de Leis e o límite municipal de Muxía”**, tal e como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado polo Enxeñeiro de Camiños, C. e P. D Pablo Blanco Ferreiro N^o colexiado 22.992.

2- A entidade beneficiaria, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 233 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, a entidade beneficiaria, comprométese a destinala a uso público para o cal está prevista.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, desagregase co seguinte detalle:

Orzamento Execución Material	138.898,54 euros
Gastos xerais 13,00%	18.056,81 euros
Beneficio Industrial 6,00 %	8.333,91 euros
IVE (21%)	34.710,74 euros
ORZAMENTO DE LICITACIÓN	200.000,00 euros

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **160.000,00** euros o que representa unha porcentaxe de **80,00** %. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento da contrata, estará financiada con cargo a recursos propios ou alleos do Concello, sempre e cando acredite a entidade beneficiaria que consignou crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento.

2. No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **80,00** % da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se coa cantidade efectivamente xustificada non se conseguira rematar a obra e entregala ao uso público previsto, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, **non serán subvencionables** os gastos de **redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc.**

Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0112/1532/76201**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

Para a anualidade corrente existe crédito dabondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírtese á entidade beneficiaria de que o compromiso de gasto queda condicionado a efectiva aprobación do Orzamento para dito ano e a que existe no mesmo dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto, así como ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

1. Na condición de promotor, corresponderalle á entidade beneficiaria o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, a entidade beneficiaria axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público, **ben mediante o procedemento aberto ou procedemento aberto simplificado.**

3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderá recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que a entidade beneficiaria tramite e APROBE ALGUNHA MODIFICACIÓN do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación, con anterioridade á aprobación do mesmo polo órgano competente, un exemplar do Proxecto modificado, achegando co mesmo os informes emitidos, para a súa supervisión polos Servizos Técnicos Provinciais. Posteriormente, se achegará a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1. Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, a entidade beneficiaria estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible alomenos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure a marca, símbolo ou logotipo da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. **Rematada a obra**, deberase colocar **unha placa** en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

3. Asemade, a entidade beneficiaria deberá cumprir coas obrigas de información que lle impón a Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno, dándolle **publicidade a este convenio no Portal de Transparencia da súa páxina web.**

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1. Coa posibilidade prevista nas Bases 54º das de execución do Orzamento para o ano 2022, **ata o 40 por cento** da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol da entidade

beneficiaria pola contía resultante de aplicar dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación (só admisible por medios electrónicos a través do aplicativo SUBTEL):

- Certificación do **acordo de adxudicación do contrato de obras**, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- **Acta de reformulo da obra**, asinada pola súa dirección, polo/a contratista e no seu caso, polo **funcionario técnico designado pola Deputación**.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula VIII.
- **Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade das axudas e outros ingresos afectados a mesma finalidade ou obxecto desta subvención**.
- **Acreditación da colocación do cartel informativo** ao que se refire a cláusula V, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada pola dirección da obra.

2. Rematada completamente a obra, procederase ao abono do **60 por cento restante**, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- **Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada**, que debe ser dilixenciada pola dirección técnica. Ao acto de Recepción da Obra deberá acudir un técnico designado pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente Acta.
- **Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga**, expedida polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula VIII.
- **Declaración doutras axudas ou subvencións** solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas de publicidade previstas na cláusula V** (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- **Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario** de bens da entidade beneficiaria, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención alomenos durante un prazo de cinco anos.
- Deberá acreditar o **pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable**

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao abono dos xuros de demora, ao tipo de xuro legal, que se perciba, dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

4. Deberá acreditar ter aboado a os terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento. Esta obriga será comprobada pola Deputación, no seu caso, no procedemento de control financeiro que se poida instruír para tal efecto, sen que se teña que presentar documentación adicional ningunha no expediente de xestión e pagamento da subvención.

VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal e como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula I, deberán estar **rematadas e presentada a documentación xustificativa** indicada na cláusula VI **no prazo indicado na cláusula XIII.**

2. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

3. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvencións e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto, tal e como se indica na cláusula XIII. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á a entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social. A entidade beneficiaria autoriza á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por ésta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación.
2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, á entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de cooperación poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.
2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.
3. Nos supostos de retraso na realización das obras ou retraso na presentación da xustificación, estarase ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable

4. Se o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención ao **Concello** será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1.O presente convenio de cooperación producirá efectos dende a data da súa sinatura e conservará a súa **VIXENCIA** ata o día **31 de OUTUBRO do 2023**. Dado que a existencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.

2. Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación no prazo sinalado na cláusula VII, deberá solicitar **antes do 30 de SETEMBRO de 2023**, a **PRÓRROGA** do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado pola dirección de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que **en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do 2024**, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.

De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo,

sen que se presentase a xustificación, a unidade xestora requirira a entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido, comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha **comisión de seguimento** formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o polo Concello respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4. Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación Provincial en sesión celebrada o _____"

13.- Aprobación da modificación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de A Coruña e o concello de Trazo para a execución de obras de reparación de camiños municipais afectados polo desvío de tráfico como consecuencia da execución da obra Ponte sobre Rego Gatofero na DP 7804

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º.- Aprobar a modificación das cláusulas III, V e VII do Convenio de Colaboración co concello de Trazo que ten por obxecto a execución das obras de reparación de estradas municipais incluídos no proxecto DE ACTUALIZACIÓN DE ACONDICIONAMENTO DE ESTRADAS MUNICIPAIS DE TRAZO AFECTADAS POLO DESVÍO DE TRÁFICO DA OBRA DP 7804 CONSTRUCCION DE PONTE SOBRE REGO GATOFERO, CONCELLO DE TRAZO, suscrito o 17 de decembro de 2021, n.º 99/2021, que quedan redactadas do seguinte modo:

“III.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, desagregase co seguinte detalle:

CONCEPTO	IMPORTE (€)
Presuposto execución material	114.109,48
13 % gastos xerais	14.834,23
6 % beneficio industrial	6.846,57
Presuposto base de licitación IVE Incluído	135.790,28
Imposto sobre valor engadido 21%	28.515,96
Total presuposto das obras	164.306,24

E cláusula :

V.- CONTRATACIÓN DA SEGURIDADE E SAÚDE E CONTROL DE CALIDADE

A Deputación contratará os servizos de coordinación da seguridade e saúde polo importe de 1.711,64 euros e control de calidade por importe de 1.141,10 euros, das referidas obras,

E cláusula

VII.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1 A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras e servizos, tal como se define na cláusula anterior, con cargo a aplicación orzamentaria 0410/4532/650, cun orzamento total de 167.158,98 euros sendo o desglose o que se indica:

IMPORTE OBRA	IMPORTE COORDINACION SEGURIDADE E SAÚDE	IMPORTE CONTROL DE CALIDADE
164.306,24	1.711,64	1.141,10

2º.- Aprobar o proxecto de DE ACTUALIZACIÓN DE ACONDICIONAMENTO DE ESTRADAS MUNICIPAIS DE TRAZO AFECTADAS POLO DESVÍO DE TRÁFICO DA OBRA DP 7804 CONSTRUCCION DE PONTE SOBRE REGO GATOFERO, CONCELLO DE TRAZO, código 2021.7490.0001.0 polo seu

presuposto de 164.306,24 euros, que incluíndo os servizos de coordinación de seguridade e saúde e control de calidade ascende a: 167.158,98 euros, con arreglo ao seguinte detalle:

IMPORTE OBRA	IMPORTE COORDINACION SEGURIDADE E SAÚDE	IMPORTE CONTROL DE CALIDADE
164.306,24	1.711,64	1.141,10

3º.- Unha vez formalizada a modificación do Convenio contratar mediante procedemento aberto e con arranxo ao Prego Tipo de Cláusulas Administrativas Particulares aprobado polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o 26 de febreiro de 2021, as obras incluídas no Convenio suscrito entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Trazo que se relaciona

DENOMINACIÓN:

PROXECTO DE ACTUALIZACIÓN DE ACONDICIONAMENTO DE ESTRADAS MUNICIPAIS DE TRAZO AFECTADAS POLO DESVÍO DE TRÁFICO DA OBRA DP 7804 CONSTRUCCION DE PONTE SOBRE REGO GATOFERO

CONCELLO:TRAZO

CÓDIGO:

2021.7490.0001.0

ORZAMENTO: 164.306,24 euros

PRAZO DE EXECUCIÓN: 5 meses para o que se terán que facer as operacións contables oportunas. Información do contrato:

- 1.1 Tipo de contrato: obras.
- 1.2 Procedemento aberto con único criterio de valoración (factor prezo).

A financiación do contrato poderá efectuarse con cargo á aplicación 2022/0410/4532/650

ANEXO

CONVENIO DE COLABORACION ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE TRAZO PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS INCLUIDAS NO PROXECTO DE ACTUALIZACIÓN DE ACONDICIONAMENTO DE ESTRADAS MUNICIPAIS DE TRAZO AFECTADAS POLO DESVÍO DE TRÁFICO DA OBRA DP 7804 CONSTRUCCION DE PONTE SOBRE REGO GATOFERO, CONCELLO DE TRAZO

Na Coruña, a

REUNIDOS

Dunha parte, Don Valentin González Formoso, Presidente da Deputación Provincial da Coruña. Doutra parte, Dona Josefina Suárez López, a Alcaldesa Presidenta do Concello de Trazo

Os comparecentes interveñen en uso das potestades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas

MANIFESTAN

A execución das obra: "DP 7804 Construción de Ponte sobre Rego Gatofero, na estrada DP 7804 de Val do Du bra a Santiago de Compostela fixo necesario realizar o desvío do tráfico por as seguintes estradas municipais:

1) Estrada dende a DP 7804 á altura de Pontealbar a Chaián (P.Q. 0 a 2+440. N este tramo a estrada tiña un pavimento con tratamento superficial. Faíse unha reparación dos baches e afundimentos ocasionados polo tráfico e se realiza un dobre tratamento superficial en todo o ancho da plataforma. Arranxase un tramo de canalización danada, un tramo de cuneta de formigón e para completar a actuación execútase a sinalización horizontal e vertical.

2) Estrada dende cruce en Chaián ata a Ponte sobre o Río Tambre (lonxitude de 1300m). Neste tramo a estrada tiña un pavimento de mestura bituminosa en quente. Para súa reparación se realiza o fresado e reposición das zonas deterioradas e posteriormente, co fin de unificar todo o firme, exténdese un microaglomerado en frío en todo o ancho da plataforma. Se recrecen os sumideiros afundidos polo paso de vehículos pesados sobre eles, así como o tramo de canalización danado. Refaíse un pozo e un sumideiro. Para completar a actuación execútase a sinalización horizontal e vertical e cuxo dimensionamento do firme non estaba preparado para soportar o tráfico pesado que habitualmente circula pola DP 7804.

3) Por acordo plenario de data 29/10/2021 aprobouse o texto e a formalización do texto do convenio formalizándose en documento administrativo o 17/12/2021 co número 99/2021.

4) Por razóns de revisión de prezos do proxecto obxecto do convenio suscrito fíxose necesario actualizar o mesmo, tendo como resultado da actualización un novo orzamento que ascende a 164.306,24 euros, o que conleva a modificación do texto do convenio suscrito no ano 2021, quedando redactado do seguinte xeito, rexindo o presente texto dende a súa sinatura e quedando sen efecto o formalizado en documento administrativo o 17/12/2021 co número 99/2021.

Ambas partes consideran que tendo en conta que os danos producidos nas estradas municipais son como consecuencia do desvío do tráfico para execución das obras da Deputación na DP 7804 a reparación das mesmas debe ser realizada pola Deputación da Coruña.

Dado o interese coincidente da Deputación e do **Concello de Trazo** ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COOPERACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1- O presente convenio ten por a execución das obras de reparación de estradas municipais incluídos no Proxecto DE ACTUALIZACIÓN DE ACONDICIONAMENTO DE ESTRADAS MUNICIPAIS DE TRAZO AFECTADAS POLO DESVÍO DE TRÁFICO DA OBRA DP 7804 CONSTRUCCION DE PONTE SOBRE REGO GATOFERO,

CONCELLO DE TRAZO

II.- PROXECTO

1.- O Concello de Trazo autoriza a Deputación Provincial da Coruña a execución das obras incluídas no proxecto DE ACTUALIZACIÓN DE ACONDICIONAMENTO DE ESTRADAS MUNICIPAIS DE TRAZO AFECTADAS POLO DESVÍO DE TRÁFICO DA OBRA DP 7804 CONSTRUCCIÓN DE PONTE SOBRE REGO GATOFERO, CONCELLO DE TRAZO

2.- Coa aprobación do presente convenio a Deputación aproba o proxecto DE ACTUALIZACIÓN DE ACONDICIONAMENTO DE ESTRADAS MUNICIPAIS DE TRAZO AFECTADAS POLO DESVÍO DE TRÁFICO DA OBRA DP 7804 CONSTRUCCIÓN DE PONTE SOBRE REGO GATOFERO, CONCELLO DE TRAZO

III.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

Orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, desagregase co seguinte detalle:

CONCEPTO	IMPORTE (€)
Presuposto execución material	114.109,48
13 % gastos xerais	14.834,23
6 % beneficio industrial	6.846,57
Presuposto base de licitación IVE Incluído	135.790,28
Imposto sobre valor engadido 21%	28.515,96
Total presuposto das obras	164.306,24 E cláusula :

IV.- CONTRATACION DAS OBRAS

A Deputación contratará as obras incluídas no referido proxecto mediante procedemento aberto cun único criterio de adxudicación e con arranxo ao Prego aprobado polo Pleno da Corporación en sesión de data 26-02-2021 (BOP 42 de 04-03-2021).

V.- CONTRATACIÓN DA SEGURIDADE E SAÚDE E CONTROL DE CALIDADE

A Deputación contratará os servizos de coordinación da seguridade e saúde polo importe de 1.711,64 euros e control de calidade por importe de 1.141,10 euros, das referidas obras

VI.- DIRECCIÓN DAS OBRAS

A dirección das obras corresponderá aos Técnicos do Servizo de Vías e Obras Provinciais.

VII.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras e servizos, tal como se define na cláusula anterior, con cargo a aplicación orzamentaria 0410/4532/650, cun orzamento total de 167.158,98 euros sendo o desglose o que se indica:

IMPORTE OBRA	IMPORTE COORDINACION SEGURIDADE ESAÚDE	IMPORTE CONTROL DE CALIDADE
164.306,24	1.711,64	1.141,10

2. A Deputación financiará os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra e contratos conexas, previa a correspondente proposta da dirección de obra, e informes de Secretaría e Intervención, existencia de crédito adecuado e suficiente e aprobación polo órgano competente da Deputación

3. As economías que se produzan na adxudicación ou execución das obras se imputarán a Deputación Provincial da Coruña.

VIII.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, o concello de Trazo se compromete a manter en perfecto estado de conservación, os carteis de obra que instale a Deputación nas citadas estradas ata o remate do prazo de garantía

IX.- ACTA DE RECEPCION

Unha vez rematadas as obras procederase a formalización da acta de recepción coa asistencia do director das obras, representante da administración e intervención, así como poderá asistir un técnico representante do Concello de Trazo

X.- ACTA DE ENTREGA

Unha vez formalizada a acta de recepción a Deputación e o concello de trazo asinarán a acta de entrega das obras realizadas asumindo novamente o Concello de Trazo o seu mantemento e conservación, sen perxuízo da responsabilidade do contratista adxudicatario durante o prazo de garantía.

XI.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1 O presente convenio producirá efectos dende a data da súa sinatura e conservará a súa vixencia polo prazo de dous anos, (tendo en conta que o prazo de licitación e adxudicación estimado é de 3 meses, o prazo de formalización da comprobación de replanteo é de 1 mes, o prazo de execución 5 meses e o prazo de garantía 1 ano). Dado que a existencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.

2 Para o caso de que a Deputación Provincial da Coruña non poida ter rematadas as obras nese prazo, éste poderá prorrogarse polo prazo dun ano máis, todo ello condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.

XII.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.
2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio poderá crearse unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o polo Concello respectivamente.
3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.
4. Faise constar que o presente convenio modifica ao aprobado polo Pleno da Corporación Provincial en sesión celebrada o 29 de outubro de 2021 e formalizado o 17/12/2021

E en proba de conformidade, asinan por cuadruplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento."

14.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Melloras básicas das condicións térmicas e acústicas no pavillón polideportivo de Milladoiro" do Concello de Ames, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2021 co código 2021.2000.0102.0

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver o expediente relativo á aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Melloras básicas das condicións térmicas e acústicas no pavillón polideportivo de Milladoiro", do Concello de Ames, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2021, co código 2021.2000.0102.0, no que se acreditan os seguintes

ANTECEDENTES

Logo de ver o acordo plenario desta deputación adoptado na sesión ordinaria realizada o 30 de xuño de 2021 polo que se aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2021 e o seu Plan Complementario no que se inclúe este investimento cos datos que se indican:

Concello	Código	Denominación	Financiamento		
			Deputación	Concello	Orzamento Total
Ames	2021.2000.0102.0	Melloras básicas das condicións térmicas e acústicas no pavillón polideportivo de Milladoiro	66.535,12	0,00	66.535,12

Logo de aprobar o Concello de Ames un proxecto técnico modificado deste investimento, asinado o 26 de setembro de 2022 polo arquitecto técnico - enxeñeiro de edificación, Xabier Pardiñas Suárez, cun orzamento de 94.506,38 €, o que supón un incremento do orzamento de contrata respecto do proxecto inicial incluído no Plan por importe de 27.971,26 €, que é asumido integramente polo concello, habida conta do informe de supervisión favorable emitido o 4 de outubro de 2022 polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación, así como cos correspondentes informes técnicos e xurídicos favorables relativos a esta modificación e coa finalidade de axustar o proxecto inicial aos prezos actuais de mercado.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Logo de ver as Bases reguladoras aprobadas mediante acordo plenario provincial do 27 de novembro de 2020 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) nº 205 do 1 de decembro de 2020, cuxas Bases 7 e 9 foron modificadas por acordo plenario provincial do 30 de decembro de 2020 e publicadas no BOP nº 225 do 31 de decembro de 2020.

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña **ACORDA:**

1.- Aprobar o proxecto modificado do investimento denominado “Melloras básicas das condicións térmicas e acústicas no pavillón polideportivo de Milladoiro”, do Concello de Ames, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2021, co código 2021.2000.0102.0, asinado dixitalmente o 26 de setembro de 2022, que foi aprobado polo concello previos os correspondentes informes técnicos e xurídicos favorables, cun orzamento de contrata de 94.506,38 € e coa finalidade de axustar o proxecto técnico inicial aos prezos actuais de mercado, o que supón un incremento do seu orzamento que é asumido integramente polo Concello de Ames, tal e como se indica na seguinte táboa:

Concello de Ames “Melloras básicas das condicións térmicas e acústicas no pavillón polideportivo de Milladoiro” Código 2021.2000.0102.0	PROXECTO INICIAL	PROXECTO MODIFICADO	DIFERENZA
Deputación	66.535,12	66.535,12	0,00
Concello	0,00	27.971,26	27.971,26
Total	0	0	0

2.- A achega provincial a este investimento financiarase con cargo ao crédito consignado na partida 0430/4592/76201 do vixente orzamento provincial. O Concello de Ames asume integramente o incremento do financiamento que se experimenta coa modificación do proxecto, segundo consta no documento contable de Retención de crédito (RC) do día 27 de setembro de 2022

3.- Notificarlle este acordo ao Concello de Ames para os efectos oportunos”.

15.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Reordenación do entorno do parque infantil da rúa Francisco Rodríguez", do Concello de Cambre, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2021 co código 2021.2000.0135.0

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver o expediente relativo á aprobación do proxecto modificado do investimento denominado “Reordenación do entorno do parque infantil da rúa Francisco Rodríguez”, do Concello de Cambre, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2021 co código 2021.2000.0135.0, no que se acreditan os seguintes

ANTECEDENTES

Logo de ver o acordo que adoptou o Pleno desta deputación na sesión ordinaria do 30 de xuño de 2021, que aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2021 e o seu Plan complementario, no que se inclúe este investimento cos seguintes datos:

Concello	Código	Denominación	Financiamento		
			Deputación	Concello	Orzamento Total
Cambre	2021.2000.0135.0	Reordenación do entorno do parque infantil da rúa Francisco Rodríguez	69.802,41	0,00	69.802,41

Logo de aprobar o Concello de Cambre, previos os informes técnicos e xurídicos favorables, un proxecto modificado deste investimento, asinado dixitalmente o 28 de xullo de 2022 polo enxeñeiro de camiños, canles e portos, Alejandro Peña López, que xa redactara o proxecto inicial, cun incremento do seu orzamento de contrata de 22.640,74 €, que é asumido integramente polo concello e que ten como único obxecto evitar que a licitación quede outra vez deserta, realizando só un axuste dos prezos contidos no proxecto inicial para que se adecúen á situación actual de mercado, mantendo inalterable o resto do proxecto.

Logo de ver o informe emitido polo interventor municipal con data 7 de setembro de 2022 de que na contabilidade municipal existe crédito axeitado e suficiente para facer fronte ao incremento do orzamento base de licitación deste proxecto modificado con respecto do proxecto inicial.

Logo de ver o informe técnico (Anexo V), asinado o 19 de setembro de 2022 pola aparelladora municipal, no que indica que o proxecto modificado non precisa de ningunha autorización sectorial e que os terreos son aptos urbanisticamente para a execución da obra.

Logo de ver o informe técnico- xurídico (Anexo VI), asinado o 29 de setembro de 2022 pola arquitecta técnica municipal e a secretaria accidental do Concello de Cambre, no que esta última conclúe que o concello conta coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución do investimento, ao tratarse de bens de titularidade municipal, coa cualificación de bens demaniais de uso público.

Tendo en conta que este investimento aínda non está adxudicado, xa que quedou deserta a licitación ao non presentar ofertas ningunha empresa e que consta no expediente un informe de supervisión favorable emitido o 30 de agosto de 2022 polo Servizo de asistencia Técnica a Municipios desta deputación respecto deste proxecto modificado.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Logo de ver as Bases Reguladoras do POS+ 2021, aprobadas polo Pleno provincial na sesión realizada o 27 de novembro de 2020 e publicadas no BOP nº 205 do 1 de decembro de 2020, cuxas bases 7 e 9 foron modificadas por acordo plenario do 30 de decembro de 2020 e publicadas no BOP nº 225 do 31 de decembro de 2020.

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA:

1.- Aprobar o proxecto modificado do investimento denominado “Reordenación do entorno do parque infantil da rúa Francisco Rodríguez”, do Concello de Cambre, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia

municipal (Plan único de concellos) POS+ 2021, co código 2021.2000.0135.0, que aínda non está adxudicado, dado que quedou deserta a súa licitación e que foi aprobado polo Concello de Cambre, previos os correspondentes informes técnicos e xurídicos favorables, coa única finalidade de realizar un axuste dos prezos contidos no proxecto inicial para que se adecúen á situación actual de mercado e evitar que a licitación quede novamente deserta, cun incremento do seu orzamento total de contrata respecto do proxecto inicial que é asumido integramente polo Concello de Cambre, tal e como se indica na seguinte táboa:

Proxecto modificado con incremento Concello de Cambre "Reordenación do entorno do parque infantil da rúa Francisco Rodríguez" Código 2021.2000.0135.0	PROXECTO INICIAL Contrata	PROXECTO MODIFICADO Contrata	DIFERENZA Contrata
Deputación	69.802,41	69.802,41	0,00
Concello	0,00	22.640,74	22.640,74
Total	69.802,41	92.443,15	22.640,74

2.- A achega provincial a este investimento financiarase con cargo ao crédito consignado na partida 0430/4592/76201 do vixente orzamento provincial.

3.- Notificarlle este acordo ao Concello de Cambre para os efectos oportunos."

16.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Rehabilitación de cuberta e fachadas do edificio do Concello de Ferrol", do Concello de Ferrol, incluído na primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 1/2019 por maior achega provincial, co código 2019.2001.0484.0

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver o expediente relativo á aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Rehabilitación de cuberta e fachadas do edificio do Concello de Ferrol", do Concello de Ferrol, incluído na 1ª fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos)

POS+Adicional 1/2019 por maior achega provincial, co código 2019.2001.0484.0, no que se acreditan os seguintes

ANTECEDENTES

Logo de ver o acordo do Pleno da Deputación de data 26 de abril de 2019, en relación coa Resolución da Presidencia desta Deputación número 19076 do 31 de maio de 2019, polo que se aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2019 e o seu Plan Complementario

Logo de ver as Resolucións de presidencia desta Deputación nº 32577 do 27/09/2019 (modificada por Resolución nº 37340 de data 23/10/2019) en relación coa Resolución nº 36014 do 17/10/2019 (modificada por Resolución nº 37339 de data 23/10/2019), polas que se aprobou definitivamente a 1ª fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 1/2019 por maior achega provincial, no que se inclúe o investimento do Concello de Ferrol denominado “Rehabilitación de cuberta e fachadas do edificio do Concello de Ferrol” co código 2019.2001.0484.0

Logo de ver que o Concello de Ferrol o día 23 de maio de 2022, adxudicoulle a obra á empresa PROSEMA NOROESTE,SL, por un importe de 562.650,00 € e que a día de hoxe aínda está pendente de executar na súa totalidade

Logo de aprobar o Concello de Ferrol un proxecto técnico modificado deste investimento, cun incremento do orzamento de contrata respecto do proxecto técnico inicial incluído no Plan, que é asumido integramente polo concello, co obxecto de incluír novas partidas e variacións nas medicións de partidas xa contidas no proxecto orixinal, por causas imprevisibles no momento da súa redacción que obrigaron a facer os axustes necesarios para posibilitar a súa execución, que conta cun informe de supervisión favorable do Servizo de Asistencia Técnica a municipios desta deputación, así como cos correspondentes informes técnicos e xurídicos favorables á modificación do proxecto.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Logo de ver as Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2019, aprobadas polo Pleno desta Deputación o día 28 de setembro de 2018 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 188 do 2 de outubro de 2018 e que lle son aplicables ao POS+ Adicional 1/2019

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña **ACORDA:**

1.- Aprobar o proxecto modificado do investimento denominado “Rehabilitación de cuberta e fachadas do edificio do Concello de Ferrol”, do Concello de Ferrol, incluído na 1ª fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 1/2019, co código

2019.2001.0484.0, que foi aprobado polo concello de Ferrol previos os correspondentes informes técnicos e xurídicos favorables, coa conformidade da empresa adxudicataria desta obra e que presenta un incremento no seu orzamento cuxo financiamento é asumido integramente polo concello, tal e como se indica na seguinte táboa:

Proxecto modificado Rehabilitación de cuberta e fachadas do edificio do Concello de Ferrol 2019.2001.0484.0						
Axentes financeiros	Orzamento de contrata Proxecto Inicial	Orzamento de adxudicación Proxecto Inicial	Orzamento de contrata Proxecto Modificado	Orzamento de adxudicación Proxecto Modificado	Diferenza de contrata	Diferenza de adxudicación
Deputación	444.622,68	444.622,68	444.622,68	444.622,68	0,00	0,00
Concello	211.567,37	118.027,32	308.717,05	201.328,28	97.149,68	83.300,96
Total	0	0,00	0	0	0	0

2.- A achega provincial a este investimento financiarase con cargo ao crédito consignado na partida 0430/93396/76201 do vixente orzamento provincial. O Concello de Ferrol asume integramente o incremento do financiamento que experimenta o proxecto con motivo da súa modificación, segundo consta no documento contable de Retención de crédito (RC) remitido polo concello xustificativo de que existe crédito dispoñible para o seu financiamento no orzamento do concello 2022.

3.- Notificarlle este acordo ao Concello de Ferrol para os efectos oportunos."

17.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Camiño a Casanova (Cabruí)", do Concello de Mesía, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2022, co código 2022.2000.0194.0

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver o expediente relativo á aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Camiño a Casanova (Cabruí)", do Concello de Mesía, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2022, co código 2022.2000.0194.0, no que se acreditan os seguintes

ANTECEDENTES

Logo de ver o acordo adoptado polo Pleno desta deputación na sesión ordinaria realizada o 23 de xuño de 2022 que, en relación coa Resolución da Presidencia número 2022/33529, do 27 de xullo de 2022 e o acordo plenario adoptado na sesión realizada o 29 de xullo de 2022, aprobou definitivamente o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2022 e o seu Plan Complementario, no que se inclúe, entre outros, este investimento cos seguintes datos:

Concello	Código	Denominación	Financiamento		
			Deputación	Concello	Orzamento Total
Mesía	2022.2000.0194.0	Camiño a Casanova (Cabruí)	30.564,72	0,00	30.564,72

Logo de presentar o Concello de Mesía un proxecto modificado deste investimento, asinado dixitalmente o 30 de agosto de 2022 polo enxeñeiro de camiños, canles e portos, Pablo Blanco Ferreiro, que xa redactara o proxecto inicial, mantendo o mesmo importe total do orzamento de contrata, que foi aprobado por Resolución da Alcaldía do 21 de setembro de 2022, previos os correspondentes informes técnicos e xurídicos favorables e que está aínda sen adjudicar, coa finalidade de empregar na mellora da capa de rodaxe do viario recollido no proxecto, regas asfálticas en vez de mesturas bituminosas, dado o estado actual do camiño, de xeito que o aforro obtido polo cambio do material empregado permite aumentar a superficie a pavimentar, pasando de 500 metros a 1710 metros de actuación

Logo de ver a Resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, asinada polo Xefe do Servizo de Coordinación Cultural o 20 de setembro de 2022 autorizando as obras contidas neste proxecto modificado coa imposición dunha condición para a execución da obra

Logo de informar favorablemente o arquitecto técnico municipal, á vista da autorización concedida pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, as obras previstas neste proxecto modificado

Logo de ver os anexos emitidos polo arquitecto ao servizo do concello e o secretario municipal, nos que consta que para a execución deste proxecto modificado é necesaria unha nova autorización sectorial da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural e que xa foi obtida e que o concello conta coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución deste proxecto modificado

Logo de constar no expediente un informe de supervisión favorable emitido o 12 de

setembro de 2022 polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación con respecto deste proxecto modificado

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Logo de ver as Bases Reguladoras do POS+2022, aprobadas polo Pleno desta deputación na sesión realizada o 26 de novembro de 2021 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) nº 228 do 30 de novembro de 2021, que foron posteriormente modificadas mediante acordo plenario do 27 de maio de 2022 (BOP núm. 102 do 31 de maio de 2022) para engadir a base 13 que regula o POS+ Adicional 2/2022 e que, tras ser sometidas a información e exposición pública, foron aprobadas definitivamente mediante novo acordo plenario adoptado na sesión ordinaria realizada o 23 de xuño de 2022

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA:

1.- Aprobar o proxecto modificado do investimento denominado "Camiño a Casanova (Cabruí)", do Concello de Mesía, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2022, co código 2022.2000.0194.0, sen variación do seu orzamento total de contrata, que está sen adxudicar, que se aprobou pola Alcaldía do concello, previos os correspondentes informes técnicos e xurídicos favorables, para empregar na mellora da capa de rodaxe do viario recollido no proxecto, regas asfálticas en vez de mesturas bituminosas, dado o estado actual do camiño, aumentando, co aforro obtido polo cambio de material empregado, a superficie a pavimentar, pasando de 500 metros a 1710 metros de actuación, sendo os seus datos os que se indican na seguinte táboa:

Concello	Código	Denominación	Financiamento		
			Deputación	Concello	Orzamento Total
Mesía	2022.2000.0194.0	Camiño a Casanova (Cabruí)	30.564,72	0,00	30.564,72

2.- A achega provincial a este investimento farase efectiva con cargo á partida orzamentaria 0430/4592/76201 do vixente orzamento provincial.

3.- Notificarlle este acordo ao Concello de Mesía para os efectos oportunos".

18.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Camiño na Tieira (Cabruí) e outro", do Concello de Mesía, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2022, co código 2022.2000.0195.0

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver o expediente relativo á aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Camiño na Tieira (Cabruí) e outro", do Concello de Mesía, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2022, co código 2022.2000.0195.0, no que se acreditan os seguintes

ANTECEDENTES

Logo de ver o acordo adoptado polo Pleno desta deputación na sesión ordinaria realizada o 23 de xuño de 2022 que, en relación coa Resolución da Presidencia número 2022/33529, do 27 de xullo de 2022 e o acordo plenario adoptado na sesión realizada o 29 de xullo de 2022, aprobou definitivamente o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2022 e o seu Plan Complementario, no que se inclúe, entre outros, este investimento cos seguintes datos:

Concello	Código	Denominación	Financiamento		
			Deputación	Concello	Orzamento Total
Mesía	2022.2000.0195.0	Camiño na Tieira (Cabruí) e outro	30.686,18	0,00	30.686,18

Logo de presentar o Concello de Mesía un proxecto modificado deste investimento, asinado dixitalmente o 30 de agosto de 2022 polo enxeñeiro de camiños, canles e portos, Pablo Blanco Ferreiro, que xa redactara o proxecto inicial, mantendo o mesmo importe total do orzamento de contrata, que foi aprobado por Resolución da Alcaldía do 22 de setembro de 2022, previos os correspondentes informes técnicos e xurídicos favorables e que está aínda sen adjudicar, coa finalidade de empregar na mellora da capa de rodaxe do viario recollido no proxecto, regas asfálticas en vez de mesturas bituminosas, dado o estado actual do camiño, de xeito que o aforro obtido polo cambio do material empregado permite aumentar a superficie a pavimentar, pasando de 400 metros a 1.050 metros de actuación

Logo de ver a Resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, asinada polo

Xefe do Servizo de Coordinación Cultural o 20 de setembro de 2022 autorizando as obras contidas neste proxecto modificado coa imposición dunha condición para a execución da obra

Logo de ver a declaración responsable de actuacións menores no dominio público hidráulico e zona de policía, presentada polo concello o 1 de setembro de 2022 ante o Servizo Territorial da Zona Hidrográfica Galicia Centro en relación coa execución das obras ás que se refire este investimento

Logo de ver os anexos emitidos polo arquitecto ao servizo do concello e o secretario municipal, nos que consta que para a execución deste proxecto modificado é necesaria a presentación ante Augas de Galicia dunha nova declaración responsable para a execución de actuacións menores, que xa foi presentada, e unha nova autorización sectorial da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, que xa foi obtida, e que o concello conta coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución deste proxecto modificado

Logo de constar no expediente un informe de supervisión favorable emitido o 12 de setembro de 2022 polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación con respecto deste proxecto modificado

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Logo de ver as Bases Reguladoras do POS+2022, aprobadas polo Pleno desta deputación na sesión realizada o 26 de novembro de 2021 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) nº 228 do 30 de novembro de 2021, que foron posteriormente modificadas mediante acordo plenario do 27 de maio de 2022 (BOP núm. 102 do 31 de maio de 2022) para engadir a base 13 que regula o POS+ Adicional 2/2022 e que, tras ser sometidas a información e exposición pública, foron aprobadas definitivamente mediante novo acordo plenario adoptado na sesión ordinaria realizada o 23 de xuño de 2022.

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA:

1.- Aprobar o proxecto modificado do investimento denominado "Camiño na Tieira (Cabruí) e outro", do Concello de Mesía, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2022, co código 2022.2000.0195.0, sen variación do seu orzamento total de contrata, que está sen adjudicar, que se aprobou pola Alcaldía do concello, previos os correspondentes informes técnicos e xurídicos favorables, para empregar na mellora da capa de rodaxe do viario recollido no proxecto, regas asfálticas en vez de mesturas bituminosas, dado o estado actual do camiño, aumentando, co aforro obtido polo cambio de material empregado, a superficie a pavimentar, pasando de 400 metros a 1.050 metros de actuación, sendo os seus datos os que se indican na seguinte táboa:

Concello	Código	Denominación	Financiamento		
			Deputación	Concello	Orzamento Total
Mesía	2022.2000.0195.0	Camiño na Tieira (Cabruí) e outro	30.686,18	0,00	30.686,18

2.- A achega provincial a este investimento farase efectiva con cargo á partida orzamentaria 0430/4592/76201 do vixente orzamento provincial.

3.- Notificarlle este acordo ao Concello de Mesía para os efectos oportunos”.

19.- Aprobación do convenio interadministrativo de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Ferrol para o financiamento do proxecto "Difusión e publicidade do Campionato de surf Junior Pro Ferrol"

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º Excepcionar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns de interese público no outorgamento de la subvención, sendo especialmente destacable o acordo entre administracións públicas, fomentando a colaboración e o desenvolvemento de proxectos comúns que contribúan á mellora dos recursos turísticos provinciais.

2º Apréciase no presente expediente razóns de interese público e social que xustifican a concesión da subvención nominativa.

O evento Junior pro Ferrol diríxese a unha audiencia con máis de 120 millóns de fans globais e máis de 35 millóns de surfeiros en todo o mundo, promocionando uns valores que combinan á perfección entre os proxectados pola cidade de Ferrol: Slow Living, Healthy Food, Healthy Lifestyle, Eco Friendly... A difusión do evento a través das redes sociais, dos resúmenes diarios das mellores imaxes do evento, da páxina oficial, etc., dirixen a súa mirada a Ferrol como destino preferente de Turismo Activo. As publicacións a través das redes sociais, con surfeiros que teñen millóns de seguidores e moita influencia nas redes, contribúe a transmitir as bondades da comarca, a calidade das ondas, a gastronomía, etc o que repercute na proxección de Ferrol coma un destino turístico de referencia a nivel mundial. Os participantes e os

seus acompañantes contribuirán a aumentar o retorno local, que se aloxaran en hoteis da zona durante os días do evento e farán uso dos servizos tanto públicos como privados existentes no Concello e na Comarca, co conseguinte retorno económico e a dinamización da comunidade. A presentación do evento na feira FITUR 2022 e a produción do mesmo constitúen un notable impulso de difusión turística e unha oportunidade de consolidar a comarca de Ferrol como destino turístico de surf a nivel internacional.

3º Salvar a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe, coa motivación incorporada nos apartados 1º e 2º do presente acordo.

4º Aprobar o texto do convenio de colaboración a subscribir entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e CONCELLO DE FERROL con CIF P1503700E, para financiar o “DIFUSIÓN E PUBLICIDADE DO CAMPIONATO DE SURF JUNIOR PRO FERROL” cun orzamento total de 22.500,00 €

5º A subvención provincial prevista no convenio ascende a un total de 18.000,00 euros, cunha porcentaxe de financiamento do 80,00 %.

6º A subvención poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0510/4321/46201

Convenio interadministrativo de cooperación entre a Excma. Deputación Provincial de A Coruña e o CONCELLO DE FERROL polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o financiamento do “DIFUSIÓN E PUBLICIDADE DO CAMPIONATO DE SURF JUNIOR PRO FERROL”.

En A Coruña, a

REUNIDOS

Dunha parte....., en representación da Deputación da Coruña

Doutra parte, en representación do CONCELLO DE FERROL

Ambos comparecentes recoñécense mutuamente capacidade, lexitimación e representación suficientes para formalizar o presente convenio de cooperación, e reunidos en presenza do Secretario Provincial.

EXPOÑEN

- 1 Que a Excma. Deputación provincial da Coruña e o CONCELLO DE FERROL consideran de gran interese a celebración do PROXECTO "DIFUSIÓN E PUBLICIDADE DO CAMPIONATO DE SURF JUNIOR PRO FERROL" consistente en coordinar unha serie de accións de desenvolvemento do evento deportivo co obxectivo de optimizar a experiencia dos visitantes e promocionar o municipio de Ferrol, mediante a presentación do evento en FITUR 2022 e dar visibilización en redes, retransmisión do evento, publicidade e produción de soportes e espazos

necesarios para a realización do mesmo.

- 2 Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e do CONCELLO DE FERROL, as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes.

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do CONCELLO DE FERROL, con CIF P1503700E, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria, para o financiamento da "DIFUSIÓN E PUBLICIDADE DO CAMPIONATO DE SURF JUNIOR PRO FERROL".

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE A REALIZAR

Presentación do evento JUNIOR PRO FERROL na pasada edición de FITUR, en enero de 2022, contando coa presenza do Vicepresidente da Deputación de A Coruña D. Xosé Regueira e do Alcalde de Ferrol e Presidente da Sociedade Mixta de Turismo de Ferrol, D. Ángel Mato. Elaboración de vídeo e dossier específico.	605,00 €
Enlace na web oficial do evento á web oficial de Turismo de Ferrol www.visitferrol.com	605,00 €
Enlace na web oficial da World Surf League á web oficial de Turismo de Ferrol www.visitferrol.com	
Contratación de publicidade e artigos sobre o evento en revistas en papel (se hai tempo) e webs especializadas en turismo activo (por exemplo Aire Libre) e deportes, especialmente de surf.	720,00 €
Comunicación, en galego, castelán e inglés, nas redes sociais nas plataformas seguintes: Facebook, Twitter, Instagram, YouTube e Vimeo. Para o que se deseñarán estratexias específicas, adaptando o contido, de carácter turístico e do evento de surf, para cada unha delas.	3.025,00 €
Difusión da imaxe corporativa da Deputación da Coruña e da Sociedade Mixta de Turismo de Ferrol nas plataformas das redes sociais de JUNIOR PRO Ferrol.	

Contratación dos servicios de seguridade e control de accesos ao evento.	3.630,00 €
Producción dos espazos e estruturas necesarias para o desenvolvemento do evento (Escenarios, Carpas, planchada autonivelante, estruturas, etc..)	
Producción de soportes ca presenza da imaxe corporativa da Deputación da Coruña e da Sociedade Mixta de Turismo nos soportes gráficos de todo tipo do evento: licra competición, photocall, fondo do pódium, carteis, periódicos, web, e redes sociais. 50% dos anuncios do “streaming”, 50% de presenza en fachada da zona Staff, 50% de presenza en soportes de praia.	5.445,00 €
Facer constar a cooperación da Deputación e da Sociedade Mixta de Turismo en toda a información que se difunda sobre as actuacións, tanto nos medios de comunicación como no material informativo a distribuír.	
<ul style="list-style-type: none"> • Contratación dos servicios audiovisuais do evento en base aso seguintes: <ul style="list-style-type: none"> A Realización dun video de promoción turística do evento e da súa contorna de 2' de duración.. B Retransmisión do evento EN DIRECTO a través de Internet nos canais propios do evento C Inclusión de videos publicitarios na retransmisión EN DIRECTO do evento a través de Internet. D Elaboración de vídeo recap do evento ca presenza da Deputación da Coruña e da Sociedade Mixta de Turismo no evento. 	8.470,00 €
TOTAL ORZAMENTO	22.500,00 €

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU APORTEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 18.000,00 €, o que representa unha porcentaxe do 80.00 %. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80.00 % da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a

recursos (propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/4321/46201, onde existe crédito corrente suficiente para o financiamento do proxecto.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o CONCELLO DE FERROL obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle ao CONCELLO DE FERROL. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas o entidades vinculadas ao CONCELLO DE FERROL, nin con calquera outra na que conorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000,00 euros, con carácter previo á contratación, o CONCELLO DE FERROL deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que o CONCELLO DE FERROL tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do CONCELLO DE FERROL.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle aboada ao CONCELLO DE FERROL, unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal do CONCELLO DE FERROL, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA..
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.
- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

O CONCELLO DE FERROL deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA terán carácter retroactivo e abrangerán as datas sinaladas na cláusula XIII.
2. Unha vez rematadas as actividades, a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA deberá estar presentada como máximo DE UN MES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA
3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao CONCELLO DE FERROL para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto tal como se indica na cláusula XIII. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao CONCELLO DE FERROL da sanción que, de conformidade con disposto na Lei de subvencións e na

ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CONCELLO DE FERROL na documentación achegada no prazo máximo de catro meses.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

- 1 O CONCELLO DE FERROL deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
- 2 A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
- 3 A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O CONCELLO DE FERROL destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.
3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o CONCELLO DE FERROL deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificandos e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, ó CONCELLO DE FERROL poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de

cooperación.

2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a CONCELLO DE FERROL queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuciamiento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio interadministrativo de cooperación poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se debeñan desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

4. Se o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VII.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do CONCELLO DE FERROL serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018 de 5 de decembro de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención á CONCELLO DE FERROL será publicada

no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de cooperación terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados dende o día 1 de xaneiro de 2022 ata o 31 de outubro do 2022, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día 31 de marzo do 2023. Dado que a existencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.

2. O CONCELLO DE FERROL deberá ter e presentada a xustificación en todo caso antes do día 28 de febreiro de 2023.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario

XIV.- NATURALEZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o do CONCELLO DE FERROL, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____ do día ___ de ___ de ___

E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O Representante da Deputación da Coruña,

O representante do CONCELLO
DE FERROL,

A Secretaria Provincial"

20.- Aprobación do convenio interadministrativo de colaboración entre a Deputación da Coruña e a Axencia de Turismo de Galicia para o financiamento do proxecto "Bono Turístico Axencia Turismo de Galicia 2022"

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º Aprobar o texto do convenio de colaboración a subscribir entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e a XUNTA DE GALICIA con CIF S1511001H, para financiar o "COFINANCIAMENTO DO BONO TURÍSTICO QUEDAMOSENGALICIA22 DA XUNTA DE GALICIA"

2º A aportación provincial prevista no convenio ascende a un total de 600.000,00 euros, que constitúe unha porcentaxe de financiamento do 28,58 % sobre un orzamento total de 2.100.000,00 €.

3º A aportación provincial poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0510/4321/45101

O texto do convenio sería o seguinte;

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA O COFINANCIAMENTO DO BONO TURISTICO QUEDAMOSENGALICIA22 DA XUNTA DE GALICIA

Santiago de Compostela,

REUNIDOS

Por unha parte, D. Alfonso Rueda Valenzuela, Presidente da Xunta de Galicia nomeado por Decreto 373/22, do 12 de maio, e da Axencia de Turismo de

Galicia (CIF Q1500394J), conforme establece a Disposición adicional novena do Decreto 130/2020, do 17 de setembro (DOG núm. 190, do 18 de setembro), e de conformidade coa atribución do artigo 15.2.c) dos estatutos da Axencia Turismo de Galicia, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro (DOG núm. 193, do 9 de outubro).

Doutra parte D. Valentín González Formoso, presidente da **Deputación provincial da Coruña**, (CIF P1500000C), que actúa en nome e representación daquela, en virtude das atribucións que lle confire o artigo 106 da Lei 5/1997, do 22 de xullo de administración local de Galicia e concordantes da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos en exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan, teñen conferidas

EXPOÑEN

Primeiro.- Que a Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o disposto no artigo 27.21 do Estatuto de autonomía de Galicia, ten competencia exclusiva en materia para a promoción e ordenación do turismo.

Segundo.- Que a Axencia Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, ten como obxectivo, impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade.

Para lograr esta finalidade a Axencia Turismo de Galicia, acomete no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas accións que lle permiten acadar os seus obxectivos

Terceiro.- Que entre as competencias que, no relativo ás relacións coas entidades locais galegas, corresponden á Xunta de Galicia, de acordo co disposto nos artigos 194 y 195 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, está a de cooperación e colaboración, podéndose levar a cabo mediante a subscripción de convenios

Cuarto.- Que, de acordo co artigo 6 da Lei 7/2011, de 27 de outubro, do Turismo de Galicia, corresponde ás entidades locais supramunicipais, sen prexuízo das competencias establecidas pola lexislación de réxime local, a promoción dos recursos turísticos que se determinen dentro do seu ámbito territorial, en coordinación con todos os entes locais afectados e a Administración autonómica

Quinto.- Que o Programa Bono Turístico trata de estimular a demanda turística interna en Galicia, que se instrumenta coa materialización dun bono vinculado á adquisición de servizos e prestacións turísticas en Galicia en calquera dos establecementos que se sumen ao programa. O bono é una

tarxeta de prepagamento que se entregará ás persoas beneficiarias que voluntariamente o soliciten e se cargará dunha soa vez coa contía que se determine nas bases reguladoras da axuda. Poderá ser empregado nos establecementos de aloxamento turístico e axencias de viaxes, así como nos seus servizos asociados, que se adhiran ao programa a través da correspondente convocatoria.

A terceira edición, que pretende paliar a estacionalidade turística, promovendo o uso da tarxeta fóra dos meses de verán, estará dirixida a todas as persoas maiores de 18 anos, empadroadas en calquera dos municipios de Galicia.

As achegas doutras administracións públicas, como é o caso da Deputación provincial da Coruña, permite que o programa expanda o seu efecto sobre o sector da hostalaría, logrando así una optimización dos recursos públicos destinados ao sector.

En consecuencia, as partes acordan subscribir o presente convenio con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto do convenio.

Constitúe o obxecto deste convenio establecer o marco da colaboración entre as partes asinantes para o cofinanciamento do programa Bono Turístico no ano 2022.

As actuacións obxecto deste convenio executaranse por parte da Axencia de Turismo de Galicia mediante a publicación e resolución dunha convocatoria pública de concorrencia non competitiva pola que se estableza o procedemento de concesión da tarxeta Bono turístico para o ano 2022.

Segunda.- Orzamento e operativa da colaboración.

O importe total do proxecto estímase en dous millóns cen mil euros (2.100.000,00 €), coa seguinte distribución:

- A Axencia de Turismo de Galicia, un millón e medio de euros (1.500.000 €) con cargo á aplicación orzamentaria 05.A2.761A.480.0, código de proxecto 2020 00001.
- A Deputación provincial da Coruña, seiscientos mil euros (600.000 €) con cargo á aplicación orzamentaria 0510/4321/45101. Tendo en conta que a poboación da provincia é en torno a un 41,50 % da poboación de Galicia, a Deputación financia coa súa achega o 68,84 % do gasto previsto para aos beneficiarios potenciais da provincia da Coruña.

Os fondos comprometidos pola Deputación provincial da Coruña xerarán crédito na antedita aplicación orzamentaria 05.A2.761A.480.0, código de proxecto 2020 00001.

Estes fondos comprometidos pola Deputación provincial da Coruña ingresaranse, unha vez asinado este convenio, no Tesouro Público da Xunta de Galicia na súa conta operativa aberta na entidade ABANCA (Conta nº: ES96 2080 0388 2731 1000 2484), no concepto de: Colaboración financeira coa Axencia de Turismo de Galicia para o cofinanciamento do programa Bono Turístico no ano 2022, no marco do convenio asinado o 7 de marzo de 2022.

Coa achega da Axencia de Turismo de Galicia, da Deputación provincial da Coruña e doutras achegas que no seu caso puideran incrementar a dotación do programa, a Axencia de Turismo de Galicia convocará o procedemento de concesión da tarxeta Bono turístico para o ano 2022.

Rematado o programa, a Axencia de Turismo de Galicia remitirá certificación da total realización da mesma e de que os fondos se destinaron ao financiamento das accións descritas neste convenio.

Terceira.- Compromiso das partes.

A Axencia Turismo de Galicia comprométese á realización dunha convocatoria pública de concorrncia non competitiva pola que se estableza o procedemento de concesión da tarxeta Bono turístico para o ano 2022.

Así mesmo, a Axencia Turismo de Galicia comprométese a incorporar no deseño do tarxeta, que en todo caso se axustará ás normas que para este tipo de tarxetas teñan establecidas tanto a entidade bancaria como os sistemas de medios de pago asociados, tanto o símbolo e logotipo que conforman a imaxe corporativa institucional do Goberno e da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia como o símbolo e logotipo da identidade corporativa institucional da Deputación Provincial da Coruña.

A Deputación Provincial de Coruña comprométese ao cofinanciamento do programa Bono Turístico no ano 2022 de acordo co establecido na cláusula segunda.

Cuarta.- Inexistencia de relación laboral.

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre a Axencia Turismo de Galicia, e as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o obxecto do mesmo, de xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha directa nin subsidiaria por actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento deste.

Quinta.- Comisión de seguimento.

Para o seguimento do convenio e da súa execución así como para propoñer solucións aos conflitos que poidan xurdir na aplicación e interpretación das cláusulas do convenio constituirase unha comisión de seguimento que estará integrada por un representante designado por cada unha das partes asinantes

e por un representante da Axencia Turismo de Galicia.

A actuación da Comisión de Seguimento axustarase ao establecido nos preceptos básicos da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, de 17 decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Sexta.- Modificación do convenio.

As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes, e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.

Sétima.- Causas de resolución.

Serán causas de resolución deste convenio:

- O incumprimento do seu obxecto.
- O incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas que nel se establecen.
- O transcurso do tempo fixado sen que se executen e/ou xustifiquen as actuacións obxecto da subvención ou sen se ter acordado a súa prórroga.
- O acordo unánime de todos os asinantes.

- A decisión xudicial declarativa da nulidade do convenio.

- Calquera outra causa prevista nas leis.

Oitava.- Natureza xurídica, réxime xurídico e xurisdición competente.

A este convenio seralle aplicable o réxime xurídico previsto nos artigos 47 a 53 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, concibíndose como un convenio de carácter administrativo que se rexe polas súas cláusulas e, no seu defecto, aplicaráselles os principios establecidos na norma reguladora de contratos do sector público, para resolver as lagoas e dúbidas que se puidesen presentar.

As controversias derivadas da aplicación ou interpretación do presente convenio serán resoltas en última instancia pola persoa titular da Dirección da Axencia Turismo de Galicia, cuxas resolucións poñen fin a vía administrativa. Será competente a xurisdición contencioso-administrativa para resolver na vía xurisdiccional as citadas controversias.

Novena.- Publicidade e rexistro do convenio. Consentimento para a publicidade de datos persoais que figuran no convenio.

En cumprimento do disposto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno as persoas asinantes do convenio manifestan o seu

consentimento para que os datos relacionados co obxecto do convenio poidan ser publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto e a Dirección da Axencia Turismo de Galicia remitirá os datos necesarios para a publicidade do acordo nos rexistros públicos e informará na súa páxina web oficial da subscrición cos seguintes datos básicos: identificación das partes, data da sinatura, finalidade e período de vixencia. A sinatura do acordo leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade.

No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos do presente convenio serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto. e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018 de 5 de decembro de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

Décima.- Protección de datos persoais.

As partes asinantes responsabilizaranse de que calquera tratamento de datos persoais que puideran levarse a cabo en virtude do mesmo se realice con absoluto respecto ás normas de seguridade e de conformidade co establecido no Regulamento 2016/179 (UE) Xeral de Protección de datos (en adiante, RXPD), na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (en adiante, LOPDGDD) e demais normativa concordante.

Os datos persoais das persoas físicas asinantes do Convenio serán tratados polos asinantes unicamente para a adecuada formalización e desenvolvemento do mesmo e en base ao disposto no artigo 6.1 b) do RXPD.

Décimo primeira.- Vixencia.

Este convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2022.

Décimo segunda.- Notificación electrónica.

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a

relacionarse electrónicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica.gal, (<https://notifica.xunta.gal>). Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

E en proba de conformidade de canto antecede, asinan este documento dixitalmente

Pola Axencia Turismo de Galicia
Alfonso Rueda Valenzuela

Pola Deputación provincial de Coruña
Valentín González Formoso"

21.- Aprobación da modificación do convenio entre a Deputación da Coruña e a Asociación de Concellos do Camiño Inglés para o financiamento do proxecto "Mellora e posta en valor do Camiño Inglés"

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns de interese público no outorgamento da esta subvención, sendo especialmente destacable o acordo entre administracións públicas, fomentando a cooperación e o desenvolvemento de proxectos comúns que contribúan á mellora dos recursos turísticos provinciais. Estes principios se encontran recollidos nos artigos 22.2 da lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

2º Aprecianse no presente expediente razóns de interese público que dificultan a convocatoria de concorrencia competitiva, como o incorporado no presente

expediente:

A ASOCIACIÓN CONCELLOS DO CAMIÑO INGLÉS a través do proxecto "MELLORA E POSTA EN VALOR DO CAMIÑO INGLÉS" ten por finalidade principal realizar unha serie de actuacións de investimento e mellora nas infraestructuras existentes no Camiño Inglés para resolver parte das deficiencias e urxencias detectadas no informe de accións de mellora do Camiño Inglés. Desenvolveranse unha serie de actuacións nos concellos pertencentes á asociación polos que discorre o recorrido deste Camiño.

3º Salvar a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe, coa motivación incorporada nos apartados 1º e 2º do presente acordo.

4º Aprobar a modificación das cláusulas II, III VII e XIII do texto do convenio de colaboración entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e co ASOCIACIÓN CONCELLOS DO CAMIÑO INGLÉS CIF G70586425 para financiar o proxecto "MELLORA E POSTA EN VALOR DO CAMIÑO INGLÉS"

- A cláusula II achega unha modificación no importe do orzamento do proxecto, aumentado de 435.893,78 € ata acadar os 473.131,79 €.

- A cláusula III modifica a porcentaxe de financiamento provincial, pasando dun 78,55458 % a un 72,37192 %

- A cláusula VII establece a data de xustificación antes da finalización da vixencia do convenio

- A cláusula XIII modifícase no prazo de execución dos gastos devengados, establecéndose desde o día 1 de maio de 2021 ata o 31 de outubro de 2023, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día 31 de xaneiro do 2024; a data de vixencia anterior era o 31/10/2022

5º A subvención provincial prevista no convenio ascende a un total de **342.414,54** euros, cunha porcentaxe de financiamento do 72,37192 %.

6º A subvención poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0510/4322/781.

7º Ratificar a encomenda para contratar por parte da Deputación das actuacións incluídas no presente proxecto "Mellora e posta en valor do Camiño Inglés" segundo proxecto achegado pola entidade Ingeniería Arquitectura Atomo redactado por Jesús Mallo, David Piña e Carlos Lantes de outubro de 2022. Nº EXPED. E-03218/20_9

O texto íntegro do convenio é o seguinte:

Convenio de colaboración entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e a ASOCIACIÓN DE CONCELLOS DO CAMIÑO INGLÉS polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento do proxecto "MELLORA E

POSTA EN VALOR DO CAMIÑO INGLÉS"

En A Coruña

REUNIDOS

Dunha parte en representación da Deputación da Coruña

E doutra parte,, en representación do ASOCIACIÓN DE CONCELLOS DO CAMIÑO INGLÉS

Ambos comparecentes recoñécense mutuamente capacidade, lexitimación e representación suficientes para formalizar o presente convenio de colaboración, e reunidos en presenza do Secretario Provincial.

- 1 Que a Excma. Deputación provincial da Coruña e o ASOCIACIÓN DE CONCELLOS DO CAMIÑO INGLÉS consideran de gran interese para a provincia a realización de investimentos e traballos de mellora no recorrido do Camiño Inglés, actuacións a realizar en cada un dos concellos da asociación así como labores de sinalización.
- 2 Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e do ASOCIACIÓN DE CONCELLOS DO CAMIÑO INGLÉS, as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do **ASOCIACIÓN DE CONCELLOS DO CAMIÑO INGLÉS**, CIF G70586425, , polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento do proxecto "MELLORA E POSTA EN VALOR DO CAMIÑO INGLÉS" tal e como aparecen definidas na memoria de actividades

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE A REALIZAR

O ASOCIACIÓN DE CONCELLOS DO CAMIÑO INGLÉS leva a cabo as actuacións programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

1 FERROL	21.278,93
1.1.- Actuacións de mellora da sinalización	1.594,88
1.2.- Actuacións de mellora de seguridade	7.432,78
1.3.- Actuacións de mellora da iluminación	12.251,27
1.3.1.- Actuacións previas	175,35

1.3.2.- Alumeado	12.075,92
2 NARÓN	21.647,65
2.1.- MOVIMIENTO DE TERRAS	857,95
2.2.- INSTALACIÓNS ALUMEADO	20.789,70
3 NEDA	20.233,90
3.1.- DEMOLICIÓNS	2.077,48
3.2.- FIRMES E PAVIMENTOS	18.156,42
4 FENE - CABANAS	38.011,77
4.1.- ACTUACIÓNS PREVIAS	1.844,19
4.2.- MOVIMENTOS DE TERRAS E CAPAS GRANULARES	17.782,95
4.3.- REDE DE ALUMEADO	14.538,71
4.4.- REPOSICIÓNS	281,20
4.5.- MOBILIARIO	3.564,72
5 PONTEDEUME	22.093,80
5.1.- EMPEDRADO TRAVESÍA FERREIROS	8.215,59
5.2.- EMPEDRADO RÚA DA IGREXA	13.628,21
5.3.- VARIOS	250,00
6 MIÑO	20.441,90
6.1.- TRABALLOS PREVIOS E DEMOLICIÓNS	571,90
6.2.- PAVIMENTOS	15.311,02
6.3.- DRENAXE	760,05
6.4.- SINALIZACIÓN	950,98
6.5.- REPOSICIÓNS E VARIOS	2.847,95
7 PADERNE	19.019,76
8 BETANZOS	17.713,69
8.1.- FONTE DE SAN PAIO	2.864,36
8.2.- FONTE DA SEÑORA JESUSA	5.244,73
8.3.- FONTE DO CRISTO DOS REMEDIOS	2.213,70
8.4.- FONTE DE NOSA SEÑORA	2.367,07
8.5.- FONTE DE CORRAL - PONTE VELLA	2.598,42
8.6.- FONTE DE DIANA CAZADORA	2.425,41
9 ABEGONDO	21.226,19
9.1.- ACTUACIÓNS PREVIAS	1.643,29
9.2.- MOVIMENTOS DE TERRAS E CAPAS GRANULARES	8.019,04
9.3.- REPOSICIÓNS	1.916,31
9.4.- REDES SOTERRADAS	9.647,55
10 MESÍA	18.059,86
10.1.- DEMOLICIÓNS	894,70
10.2.- FIRMES E PAVIMENTOS	16.621,26
10.3.- INSTALACIÓNS ALUMEADO	543,90
11 ORDES	18.570,13
11.1.- ACTUACIÓNS PREVIAS	2.463,60
11.2.- ALBANELARÍA	7.074,23
11.3.- CUBERTA	4.390,43
11.4.- CARPINTARÍA	1.798,27
11.5.- INST. ABASTECIMENTO	255,14
11.6.- INST. SANEAMENTO, FECAIS E PLUVIAIS	1.321,13
11.7.- INST. ALUMEADO, ELECTRICIDADE	1.267,33

E CONTRA INCENDIOS	
12 OROSO	25.795,62
12.1.- ACONDICIONAMENTO DO TERREO	129,56
12.2.- CIMENTACIÓN	1.047,96
12.3.- CUBERTA	5.523,35
12.4.- CERRAMENTOS E PARTICIÓN	3.586,40
12.5.- REVESTIMENTOS, PAVIMENTOS E FALSOS TEITOS	8.183,00
12.6.- ILLAMENTOS E IMPERMEABILIZACIÓNS	429,98
12.7.- CARPINTARÍA INTERIOR	261,90
12.8.- CARPINTARÍA EXTERIOR	5.821,26
12.9.- INSTALACIÓN ELECTRICIDADE	750,67
12.10.- INSTALACIÓN CONTRA INCENDIOS	61,54
13 SANTIAGO	19.789,92
14 A CORUÑA	18.068,56
14.1.- Actuacións de mellora da sinalización	7.996,66
14.2.- Mobiliario	10.071,90
15 CARRAL	17.242,73
15.1.- DEMOLICIÓN	558,87
15.2.- ESTRUTURA	1.650,00
15.3.- ALBANELARÍA	1.673,00
15.4.- ACABADOS	3.784,41
15.5.- CARPINTARÍA	1.166,38
15.6.- APARATOS SANITARIOS	2.102,45
15.7.- INSTALACIÓNS DE ABASTECIMENTO	873,87
15.8.- INSTALACIÓNS DE SANEAMENTO DE FECAIS	203,68
15.9.- INSTALACIÓNS DE ELECTRICIDADE	850,38
E CONTRA INCENDIOS	
15.10.- SINALIZACIÓN	4.379,69
16 SEGURIDADE E SAÚDE	4.904,54
16.1.- PROTECCIÓN	2.946,51
16.1.1.- PROTECCIÓN	1.804,62
COLECTIVAS	
16.1.2.- PROTECCIÓN INDIVIDUAIS	1.141,89
16.1.2.1.- TRABALLOS	
OBRA CIVIL	1.141,89
16.2.- EQUIPAMENTO	1.901,17
16.3.- ACTIVIDADES PREVENTIVAS	56,86
17 XESTIÓN DE RESIDUOS	4.487,62
Total	328.586,57

ORZAMENTO DE EXECUCIÓN MATERIAL	328.586,57
13% DE GASTOS XERAIS	42.716,25
6% DE BENEFICIO INDUSTRIAL	19.715,20
VALOR ESTIMADO	391.018,02
21 % IVA	82.113,78
ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN	473.131,80

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU APORTEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **342.414,54 €**, o que representa unha porcentaxe de 72,37192 %. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 72,37192 % da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos redacción de proxectos, tributos devengados pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc. Tampoco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/4322/781, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

5. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o ASOCIACIÓN DE CONCELLOS DO CAMIÑO INGLÉS obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

- 1 Na condición de promotor, corresponderalle á ENTIDADE BENEFICIARIA o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.
- 2 Con carácter previo á contratación, A ENTIDADE BENEFICIARIA deberá solicitar aloments tres orzamentos a distintos constructores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

- 3 A contratación cos terceiros para a execución total ou parcial das obras realizarase garantindo, en todo caso, os principios de publicidade, concorrencia, igualdade e non discriminación.

No procedemento de contratación deberá participar un funcionario provincial, designado polo Presidente da Corporación, que formará parte da Comisión técnica que evalúe as ofertas dos licitadores.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, A ENTIDADE BENEFICIARIA estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible alomenos a unha distancia de 25 metros no que, xen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

Rematada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1. A achega da Deputación seralle abonada á ENTIDADE BENEFICIARIA a medida que se vaian expedindo as correspondentes certificacións de obra, aplicándose sobre o seu importe o coeficiente de financiamento provincial. Para tal efecto, a ENTIDADE BENEFICIARIA deberá achegar a seguinte documentación (documentos orixinais ou, no seu caso, debidamente compulsados):

- Copia do contrato e do expediente de contratación.
- Certificación de obra subscria polo Técnico-director e polo contratista
- Factura expedida polo contratista. No caso de que se presente unha fotocopia compulsada, con carácter previo á compulsada deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña
- Certificación de aprobación da mesma polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Designación de conta bancaria no modelo aprobado pola Deputación Provincial e debidamente certificado pola entidade financeira.

Asemade, coa derradeira certificación de obra, deberase aportar acta de recepción e acreditación, no seu caso, do cumprimento das obrigas de publicidade previstas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas) e da inscrición de nota marxinal no Rexistro da propiedade na que se deixe constancia do financiamento provincial e da afectación do inmovible á finalidade para a que foi concedida a subvención alomenos por un prazo de DEZ anos.

A entidade deberá acreditar terlles aboado aos terceiros o importe xustificado no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o pago. Esta obriga será comprobada pola Deputación, no seu caso, no procedemento de control financeiro que se poida instruír para tal efecto, sen que se teña que presentar documentación adicional ningunha no expediente de xestión e pagamento da subvención

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA deberán estar realizadas antes do vencemento do período de vixencia establecido na cláusula XIII.

2. Unha vez rematadas as actividades, o ASOCIACIÓN DE CONCELLOS DO CAMIÑO INGLÉS deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo de DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento ao ASOCIACIÓN DE CONCELLOS DO CAMIÑO INGLÉS para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao ASOCIACIÓN DE CONCELLOS DO CAMIÑO INGLÉS da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo ASOCIACIÓN DE CONCELLOS DO CAMIÑO INGLÉS na documentación achegada nun prazo máximo de catro meses.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

- 1 O ASOCIACIÓN DE CONCELLOS DO CAMIÑO INGLÉS deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
- 2 A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

- 3 A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A ASOCIACIÓN DE CONCELLOS DO CAMIÑO INGLÉS destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.
3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o ASOCIACIÓN DE CONCELLOS DO CAMIÑO INGLÉS deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, o ASOCIACIÓN DE CONCELLOS DO CAMIÑO INGLÉS poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o ASOCIACIÓN DE CONCELLOS DO CAMIÑO INGLÉS queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuciamiento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNNS.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.
2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei

9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na Ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

4. Se o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VII.3 e a data do pago efectivo ao terceiro

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONES E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do ASOCIACIÓN DE CONCELLOS DO CAMIÑO INGLÉS serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018 de 5 de decembro de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención ao ASOCIACIÓN DE CONCELLOS DO CAMIÑO INGLÉS será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración abranguerá con carácter retroactivo os gastos devengados dende o día 1 de maio de 2021 sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día 31 de outubro de 2023, sempre e cando exista crédito para tal fin.

2. Para o caso de que o ASOCIACIÓN DE CONCELLOS DO CAMIÑO INGLÉS non poida ter presentada a xustificación antes do día 31 de outubro de 2023, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o ASOCIACIÓN DE CONCELLOS DO CAMIÑO INGLÉS perderá o dereito ao cobro do importe corresponde á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o do ASOCIACIÓN DE CONCELLOS DO CAMIÑO INGLÉS, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Acordo Plenario

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por do día ___ de ___ de ___
E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O representante da Deputación,

O Representante da ASOCIACION

A Secretaria Provincial"

22.- Aprobación da toma de coñecemento da información do período medio de pago a provedores (PMP) e da relación detallada das facturas pagadas pola Deputación provincial, polo Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e pola Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña, correspondente a setembro de 2022.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"PRIMEIRO: Dáse conta dos resultados do período medio de pago a provedores, calculado cos criterios do Real decreto 1040/2017, do 22 de decembro, polo que se modifica o Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, da Deputación Provincial da Coruña, e dos seus entes dependentes (Consortio Provincial Contraincendios e Salvamento de A Coruña e a Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña) do mes de setembro de 2022.

SEGUNDO: Dáse conta, así mesmo, da relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación Provincial da Coruña, polo Consortio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e pola Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña, no mes de setembro de 2022.

TERCEIRO: Dispor que se proceda a publicación na páxina web da Deputación da documentación referida nos apartados anteriores, para xeral coñecemento."

23.- Dación de conta do informe sobre o estado de execución orzamentaria correspondente a setembro de 2022 e proxección a 31/12/2022.

PRIMEIRO.- Dar conta sobre o estado de execución orzamentaria a 30 de setembro de 2022, que informa a Sección I do Servizo de Orzamentos e Asistencia Económica a Concellos, adscrito á Intervención provincial.

SEGUNDO.- Reiterar o compromiso provincial de orientar a xestión orzamentaria no marco das normas de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira e de adoptar as actuacións que procedan para o seu cumprimento durante o exercicio.

TERCEIRO.- Considerar que non é necesario nin procedente no momento presente formular un Plan económico-financieiro sobre os ingresos e gastos definitivos previstos para o exercicio 2022, aínda que as previsións actuais permiten estimar o incumprimento da Regra do Gasto, porque se trata de estimacións previas e porque a orixe do posible incumprimento é o financiamento de novos gastos con Remanente de Tesourería do exercicio 2021 que ten a natureza de recurso financeiro propio e que ten un fundamento contable real e efectivo.

O Consello de Ministros o 27 de xullo de 2021 e polo Congreso dos Deputados en sesión do 13 de setembro de 2021 acordaron suspender as regras fiscais.

CUARTO.- Informar periodicamente ao Pleno sobre o estado de execución orzamentaria dos ingresos e gastos previstos e formular, cando cumpra, as propostas correspondentes que aseguren en todo momento o cumprimento das normas de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, á vista dos informes preceptivos previstos na normativa vixente.

24.- Aprobación inicial do expediente de modificación de créditos número 5/2022 de aprobación polo Pleno e modificación da base 54 de execución do orzamento provincial.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito núm. 5/2022 de competencia do Pleno que se tramita dentro do vixente orzamento xeral por un importe 5.096.443,97 € e que ofrece o seguinte resumo:

A) NECESIDADES E FONTES DE FINANCIAMENTO

A.1) Aumentos (necesidades de financiamento):	de	A.2) Baixas (fontes de financiamento):	
CE. Créditos extraordinarios:	891.936,19	Remanente de Tesourería:	2.868.217,59
SC. Suplementos de crédito:	4.204.507,78	Baixas por anulación:	2.228.226,38
Total aumentos:	5.096.443,97	Total financiamento:	5.096.443,97

B) RESUMOS POR CAPÍTULO DE GASTOS E INGRESOS

B.1 Resumo por capítulos do Estado de Gastos

B.2 Resumo por capítulos do Estado de Ingresos

Capítulo	Altas	Baixas	Capítulo	Altas
1. Gastos de persoal	458.000,00	0,00	1 Impostos directos	0,00
2. Gastos correntes	579.948,26	1.466.817,35	2 Impostos indirectos	0,00
3. Gastos financeiros	0,00	0,00	3 Taxas e outros ingresos	0,00
4. Trans. Correntes	569.817,35	723.909,03	4 Transferencias correntes	0,00
5. Fondo	0,00	0,00	5 Ingresos patrimoniais	0,00

continx. e o. i.				
6. Investimentos reais	80.000,00	0,00	6 Alleamento investimentos reais	0,00
7. Trans. de capital	3.408.678,36	37.500,00	7 Transferencias de capital	0,00
8. Activos financeiros	0,00	0,00	8 Act. Finan. (Reman. Tesourería)	2.868.217,59
9. Pasivos financeiros	0,00	0,00	9 Pasivos financeiros	0,00
TOTAL:	5.096.443,97	2.228.226,38	TOTAL:	2.868.217,59

2.- Modificar a Base 54 de execución do orzamento provincial do seguinte xeito:

Onde di:

APLICACIÓN	NIF	NOME	OBXECTO	2022
0510/24101/481	G32115941	COGAMI	Programa de Intermediación Laboral 2022	45.000,00
0510/3341/46201	P1501600I	Concello de Camariñas	Organización Mostra Encaixe Camariñas 2022	100.000,00

Debe figurar:

APLICACIÓN	NIF	NOME	OBXECTO	2022
0510/24101/481	G32115941	COGAMI	Programa de Intermediación Laboral 2022	135.000,00
0510/3341/46201	P1501600I	Concello de Camariñas	Organización Mostra Encaixe Camariñas 2022	120.000,00

3.- Dispor a exposición ao público polo prazo de quince (15) días hábiles, mediante a publicación do oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de reclamacións, segundo o establecido no artigo 38 en relación cos artigos 20 e 22 do citado RD 500/90.

Se transcorrido o dito prazo non se formularon reclamacións, o expediente considerarase aprobado definitivamente sen necesidade de adoptar un novo acordo. No caso de que se presentaran reclamacións, o pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

4.- O resumo por capítulos do devandito expediente publicarase no Boletín Oficial da Provincia como requisito previo para a súa entrada en vigor, segundo o establecido no artigo 20.5 do citado Real decreto 500/90, do 20 de abril e os artigos 169 e 177 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.

Do expediente definitivamente aprobado remitirase copia á Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia e á Delegación do Ministerio de Economía, en cumprimento do disposto nos artigos 20.4 e 38.2 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril e os artigos 169.4 e 177.2 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.

5.- Reiterar o compromiso provincial de orientar a xestión orzamentaria no marco das normas de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

6.- Se as obrigacións efectivamente recoñecidas ao finalizar o exercicio 2022 exceden do límite establecido na regra de gasto deberán levarse a cabo as actuacións descritas nos artigos 21 a 23 da Lei orgánica de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, nos prazos, condicións e polo procedemento establecido neles. Coidamos que tendo en conta a resposta do Ministerio de Facenda e Función Pública a unha consulta sobre un posible incumprimento desta regra posta de manifesto nunha avaliación trimestral e o sinalado na páxina 1 do manual da aplicación PEFEL2 para a elaboración e remisión do plan económico financeiro publicada por ese Ministerio en febreiro de 2017, non haberá que adoptar medidas correctoras xa que o incumprimento ven explicado pola utilización do remanente de tesourería para financiar as incorporacións de remanentes de crédito e outras modificacións orzamentarias que non teñen carácter estrutural nin se teñen que reproducir no futuro.

Ademais, a estes efectos hai que ter en conta o acordo adoptado polo Congreso dos Deputados o 22 de setembro de 2021 sobre a suspensión da aplicación das regras fiscais no exercicio 2022 como consecuencia da situación excepcional de pandemia formalmente declarada.

7.- No que atinxe á dotación económica prevista neste expediente de modificación de créditos para subvencións de concesión directa, que non xera ningún dereito cara ós potenciais beneficiarios, resaltar que a xustificación da presenza de causas excepcionais e de interese público resulta extemporánea neste intre, segundo mostra a práctica habitual desta institución nas últimas décadas; deixando tamén constancia de que en ningún caso se dará tramite a expediente algún que incumpra as prescricións legais, recordando neste senso ás unidades xestoras, e ós órganos de ditame e resolutorios do procedemento, que en ningún caso se asignará recurso algún a través de convenio administrativo que non incorpore a debida xustificación da excepcionalidade, interese público, que non permitan a aplicación dos principios de concorrencia, igualdade e non discriminación, tal e como informa a Intervención Xeral, que reitera a necesidade de facelo na tramitación administrativa posterior do expediente, e, en todo caso, previamente á firma do convenio de achega provincial á obra ou á actividade de que se trate.

A maior abundamento, é de salientar a posibilidade de asignación de fondos provinciais con carácter excepcional, tal e como sinala o Informe de Asesoría Xurídica desta institución (nº 45/2018, sobre "*Cuestións relativas ó procedemento de concesión de subvencións nominativas*", de 23 de marzo), cando se xustifique no expediente administrativo a tramitar; debendo resaltar neste senso a asignación a todos e cada un dos Concellos da provincia do maior Plan de Obras e Servizos de

todo o estado.

8.- Informar periodicamente ao Pleno sobre a execución orzamentaria dos ingresos e gastos previstos e formular, cando proceda, as propostas correspondentes que aseguren en todo momento o cumprimento das normas de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, á vista dos informes preceptivos previstos na normativa vixente."

25.- Dación de conta do informe sobre o estado da tramitación das facturas da Deputación Provincial e da remisión ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas dos informes de Morosidade da Entidade e dos seus entes dependentes (Consortio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e Fundación Axencia Enerxética) correspondente ao terceiro trimestre de 2022.

PRIMEIRO: Dáse conta do informe sobre o estado da tramitación das facturas da Deputación Provincial e da remisión ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas dos informes de Morosidade da Entidade e dos seus entes dependentes (Consortio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e Fundación Axencia Enerxética da Coruña) correspondentes ao terceiro trimestre de 2022, en cumprimento do establecido na Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

SEGUNDO: Dispor que se proceda a publicación na páxina web da Deputación da documentación referida no apartado anterior, para xeral coñecemento.

TERCEIRO: Dispor o envío da devandita documentación aos órganos competentes da Comunidade Autónoma."

26.- Aprobación da aceptación da delegación de competencias do Concello de Aranga respecto do Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña (PLAN PREMADECOR).

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1. Aceptar o acordo da delegación de competencias do Concello de Aranga, adoptado na sesión plenaria do 29 de setembro de 2022, respecto do Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña, PLAN PREMADECOR, no tocante ás funcións e competencias referidas a análise de

riscos, uso da canle de bo goberno e denuncias, instrucións e resolución dos procedementos administrativos de competencia da administración local.

2. Publicar no Boletín Oficial da Provincia o acordo de aceptación da delegación para xeral coñecemento e no seu caso, para que as persoas interesadas poidan presentar recurso potestativo de reposición ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo da Coruña.

A delegación entrará en vigor unha vez sexa publicado este acordo no Boletín Oficial da Provincia e o seu exercicio levárase a cabo nos termos establecidos no citado plan aprobado ao efecto por esta Deputación Provincial."

27.- Aprobación da aceptación da delegación de competencias do Concello de Cedeira respecto do Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña (PLAN PREMADECOR).

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1. Aceptar o acordo da delegación de competencias do Concello de Cedeira, adoptado na sesión plenaria do 29 de setembro de 2022, respecto do Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña, PLAN PREMADECOR, no tocante ás funcións e competencias referidas a análise de riscos, uso da canle de bo goberno e denuncias, instrucións e resolución dos procedementos administrativos de competencia da administración local.

2. Publicar no Boletín Oficial da Provincia o acordo de aceptación da delegación para xeral coñecemento e no seu caso, para que as persoas interesadas poidan presentar recurso potestativo de reposición ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo da Coruña.

A delegación entrará en vigor unha vez sexa publicado este acordo no Boletín Oficial da Provincia e o seu exercicio levárase a cabo nos termos establecidos no citado plan aprobado ao efecto por esta Deputación Provincial."

28.- Aprobación da aceptación da delegación de competencias do Concello de Coirós respecto do Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña (PLAN PREMADECOR).

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1. Aceptar o acordo da delegación de competencias do Concello de Coirós, adoptado na sesión plenaria do 15 de setembro de 2022, respecto do Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña, PLAN PREMADECOR, no tocante ás funcións e competencias referidas a análise de riscos, uso da canle de bo goberno e denuncias, instrucións e resolución dos procedementos administrativos de competencia da administración local.

2. Publicar no Boletín Oficial da Provincia o acordo de aceptación da delegación para xeral coñecemento e no seu caso, para que as persoas interesadas poidan presentar recurso potestativo de reposición ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo da Coruña.

A delegación entrará en vigor unha vez sexa publicado este acordo no Boletín Oficial da Provincia e o seu exercicio levárase a cabo nos termos establecidos no citado plan aprobado ao efecto por esta Deputación Provincial."

29.- Aprobación da aceptación da delegación de competencias do Concello de Malpica de Bergantiños respecto do Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña (PLAN PREMADECOR).

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1. Aceptar o acordo da delegación de competencias do Concello de Malpica de Bergantiños, adoptado na sesión plenaria do 29 de setembro de 2022, respecto do Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña, PLAN PREMADECOR, no tocante ás funcións e competencias referidas a análise de riscos, uso da canle de bo goberno e denuncias, instrucións e resolución dos procedementos administrativos de competencia da administración local.

2. Publicar no Boletín Oficial da Provincia o acordo de aceptación da delegación para xeral coñecemento e no seu caso, para que as persoas interesadas poidan presentar

recurso potestativo de reposición ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo da Coruña.

A delegación entrará en vigor unha vez sexa publicado este acordo no Boletín Oficial da Provincia e o seu exercicio levárase a cabo nos termos establecidos no citado plan aprobado ao efecto por esta Deputación Provincial."

30.- Aprobación da aceptación da delegación de competencias do Concello de Muros respecto do Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña (PLAN PREMADECOR).

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1. Aceptar o acordo da delegación de competencias do Concello de Muros, adoptado na sesión plenaria do 29 de setembro de 2022, respecto do Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña, PLAN PREMADECOR, no tocante ás funcións e competencias referidas a análise de riscos, uso da canle de bo goberno e denuncias, instrucións e resolución dos procedementos administrativos de competencia da administración local.

2. Publicar no Boletín Oficial da Provincia o acordo de aceptación da delegación para xeral coñecemento e no seu caso, para que as persoas interesadas poidan presentar recurso potestativo de reposición ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo da Coruña.

A delegación entrará en vigor unha vez sexa publicado este acordo no Boletín Oficial da Provincia e o seu exercicio levárase a cabo nos termos establecidos no citado plan aprobado ao efecto por esta Deputación Provincial."

31.- Aprobación da aceptación da delegación de competencias do Concello do Pino respecto do Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña (PLAN PREMADECOR).

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1. Aceptar o acordo da delegación de competencias do Concello do Pino, adoptado na sesión plenaria do 28 de setembro de 2022, respecto do Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña, PLAN PREMADECOR, no tocante ás funcións e competencias referidas a análise de riscos, uso da canle de bo goberno e denuncias, instrucións e resolución dos procedementos administrativos de competencia da administración local.

2. Publicar no Boletín Oficial da Provincia o acordo de aceptación da delegación para xeral coñecemento e no seu caso, para que as persoas interesadas poidan presentar recurso potestativo de reposición ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo da Coruña.

A delegación entrará en vigor unha vez sexa publicado este acordo no Boletín Oficial da Provincia e o seu exercicio levárase a cabo nos termos establecidos no citado plan aprobado ao efecto por esta Deputación Provincial."

32.- Aprobación da aceptación da delegación de competencias do Concello das Somozas respecto do Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña (PLAN PREMADECOR).

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1. Aceptar o acordo da delegación de competencias do Concello das Somozas, adoptado na sesión plenaria do 21 de setembro de 2022, respecto do Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña, PLAN PREMADECOR, no tocante ás funcións e competencias referidas a análise de riscos, uso da canle de bo goberno e denuncias, instrucións e resolución dos procedementos administrativos de competencia da administración local.

2. Publicar no Boletín Oficial da Provincia o acordo de aceptación da delegación para xeral coñecemento e no seu caso, para que as persoas interesadas poidan presentar recurso potestativo de reposición ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo da Coruña.

A delegación entrará en vigor unha vez sexa publicado este acordo no Boletín Oficial da Provincia e o seu exercicio levárase a cabo nos termos establecidos no citado plan aprobado ao efecto por esta Deputación Provincial."

33.- Aprobación da aceptación da delegación de competencias do Concello de Tordoia respecto do Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña (PLAN PREMADECOR).

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1. Aceptar o acordo da delegación de competencias do Concello de Tordoia, adoptado na sesión plenaria do 30 de setembro de 2022, respecto do Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña, PLAN PREMADECOR, no tocante ás funcións e competencias referidas a análise de riscos, uso da canle de bo goberno e denuncias, instrucións e resolución dos procedementos administrativos de competencia da administración local.

2. Publicar no Boletín Oficial da Provincia o acordo de aceptación da delegación para xeral coñecemento e no seu caso, para que as persoas interesadas poidan presentar recurso potestativo de reposición ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo da Coruña.

A delegación entrará en vigor unha vez sexa publicado este acordo no Boletín Oficial da Provincia e o seu exercicio levárase a cabo nos termos establecidos no citado plan aprobado ao efecto por esta Deputación Provincial."

34.- Aprobación da aceptación da delegación de competencias do Concello de Touro respecto do Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña (PLAN PREMADECOR).

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1. Aceptar o acordo da delegación de competencias do Concello de Touro, adoptado na sesión plenaria do 23 de setembro de 2022, respecto do Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña, PLAN PREMADECOR, no tocante ás funcións e competencias referidas a análise de riscos, uso da canle de bo goberno e denuncias, instrucións e resolución dos procedementos

administrativos de competencia da administración local.

2. Publicar no Boletín Oficial da Provincia o acordo de aceptación da delegación para xeral coñecemento e no seu caso, para que as persoas interesadas poidan presentar recurso potestativo de reposición ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo da Coruña.

A delegación entrará en vigor unha vez sexa publicado este acordo no Boletín Oficial da Provincia e o seu exercicio levárase a cabo nos termos establecidos no citado plan aprobado ao efecto por esta Deputación Provincial."

35.- Dación de conta da comisión de control interno co fin de realizar a comprobación das operacións de recadación levadas a cabo polo Servizo de Recadación e polas oficinas de zona no exercicio 2021.

Dáse conta da acta da comisión de control interno na que se informa das operacións de comprobación levadas a cabo nas oficinas recadatorias de zona no exercicio 2021.

36.- Aprobación adhesión á Axenda Rede Entidades Locais 2030

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Aprobar a adhesión da Deputación Provincial da Coruña á Rede de Entidades Locais para a Axenda 2030 e, en consecuencia, comprométese a:

a) Traballar na aprobación dun Plan de Actuación ou Estratexia Local, no que se elabore unha análise de situación e un plan de localización e implementación dos ODS da Axenda 2030.

b) Cumprir coas obrigacións e exercer os dereitos que se establecen nas Normas de Funcionamento da Rede, aprobadas na Asamblea celebrada o 21 de outubro de 2020, na que tamén se estableceron os importes da cota anual fixados en función do número de habitantes.

2º.- Asumir a Declaración da Axenda 2030 aprobada no XII Pleno da FEMP.

3º.- Que pola Presidencia realícense todos os trámites oportunos para que a adhesión da Deputación Provincial da Coruña á Rede de Entidades Locais para a Axenda 2030 sexa efectiva."

ACTUACIÓN DE CONTROL MOCIÓNS

Sr. Presidente

Comezamos coas actuacións de control, a primeira presentada polo grupo provincial Marea Atlántica, referida á ampliación e mellora da estrada DP-0205 no concello de Teo.

1.Moción do Grupo Provincial Marea Atlántica para a ampliación e melloras da estrada DP-0205 no Concello de Teo

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A estrada DP 0205 ten un trazado de 13.010m que une Bertamiráns (Ames) coa Ramallosa (Teo) e soporta un tráfico moi intenso como vía de conexión da AG 59 e da AC-841 coa AG 56 e a N-550. Esta vía foi ampliada na súa totalidade hai máis dunha década, incluso con variantes de varios quilómetros para retirala dos núcleos tradicionais polos que pasaba. Incomprensiblemente, un tramo de algo máis de tres quilómetros comprendido entre o pK 7,850 (Lugar de Cornide, Calo) e o pk 11,200 (O Aido, Luou), quedou fóra do proxecto e nun estado de lamentable abandono en canto á seguridade viaria. A situación actual deste tramo precisa dunha intervención urxente por parte da Deputación da Coruña, que leva anos aprazando estes traballo.

O 27 de xuño de 2008 a Deputación provincial aprobou un proxecto técnico de ampliación e mellora deste tramo, chegando incluso a anunciar a urxente expropiación (BOP do 1 de febreiro de 2010). A realidade é que catorce anos despois as únicas intervencións realizadas sobre o aglomerado incrementaron, no canto de diminuír, os problemas de seguridade viaria, orixinando novos problemas co estancamento das pluviais.

As continuas reclamacións dos gobernos municipais do Concello de Teo foron desatendidas pola Deputación provincial. Tanto no ano 2015, como no 2017 e no 2019 houbo diferentes xuntanzas, visitas e contactos entre o Concello de Teo e a Deputación da Coruña para tratar este tema. Destas xuntanzas saíron, en varias ocasións, compromisos firmes que non foron levados ao cabo.

O último intento dos intentos de negociación para ampliación e mellora da DP-0205 resultou tamén fracasado e entendemos que co obxecto de evitar a grave inseguridade viaria que se recoñece nese punto urxe tomar cartas no asunto.

O Concello de Teo cumpriu co seu compromiso neste ano 2022 de realizar o proxecto de "Recuperación do espazo urbano e paisaxístico na carballeira de Luou" asinado por Crecente y Fuertes SLP cun orzamento de 1.100.662€, e tramitado o permiso diante de Patrimonio. Fronte a ese proxecto e unha vez realizadas as modificacións pertinentes indicadas, a Deputación da Coruña afirmou non ter dado inicio á redacción do proxecto de ampliación da DP 0205. Ademais, e ante as preguntas por parte do Concello de Teo, a Deputación de Coruña indicou, sorprendentemente, que o proxecto redactado polo Concello non poderá realizarse se non existe unha vía alternativa ao tramo de Luou, necesidade nova, que en ningún momento dende 2008 fora mencionada e que imposibilitaría a alternativa xa que o concello non tería gastado os cartos en redactar o proxecto.

Polo anteriormente exposto, o pleno da Deputación Provincial da Coruña, adopta os seguintes acordos:

1. Solicitar á Deputación da Coruña que solucione, de forma inmediata, os graves problemas de seguridade viaria do tramo non ampliado da DP 0205, estrada da súa exclusiva responsabilidade, en concreto nas curvas do Aido, na Carballeira de Luou, e nas curvas de Espasande, Seixos e Cornide.
2. Reclamar á Deputación que licite con urxencia a redacción do proxecto de ampliación do tramo da DP 0205 comprendido entre o pK 7,850 (Lugar de Cornide, Calo) e o pk 11,200 (O Aido, Luou), incluída a construción dunha nova ponte polo risco evidente que esta infraestrutura supón para a circulación dos vehículos pesados e dos autobuses.
3. Dar traslado destes acordos ao Concello de Teo.

Sr. Lema Suárez

Ben, bo día, moitas grazas, presidente.

Esta estrada creo que xa é unha vella coñecida desta casa, creo que xa en ocasións anteriores falamos dela neste mandato, neste pleno. Voulle dar lectura á exposición de motivos porque ten algunhas cuestións de índole técnica que a memoria non sería xusta coa súa precisión. Di o seguinte: “A estrada DP-0205 ten un trazado de 13 km que une Bertamiráns, en Ames, coa Ramallosa, en Teo. Soporta un tráfico moi intenso como vía de conexión da AG-59 coa Nacional 550. Esta vía foi ampliada na súa totalidade hai máis dunha década, incluso con variantes de varios quilómetros para a retirada dos núcleos tradicionais polos que pasaba. Incomprensiblemente, un tramo de algo máis de 3 km comprendido entre o punto quilométrico 7,850 e o punto quilométrico 11,200, situado en Cornide, Calo, quedou fóra do proxecto nun estado de lamentable abandono en canto á seguridade viaria.

A situación actual deste tramo precisa dunha intervención urxente por parte da Deputación da Coruña que leva anos aprazando estes traballos. O 27 de xuño de 2008 a Deputación Provincial aprobou un proxecto técnico de ampliación e mellora deste tramo, chegando incluso a anunciar a urxente aprobación, expropiación no BOP do 1 de febreiro de 2010. A realidade é que 14 anos despois as únicas intervencións realizadas sobre o aglomerado incrementaron, no canto de diminuír, os problemas de seguridade viaria, orixinando novos problemas co estancamento dos pluviais.

As continuas reclamacións dos gobernos municipais do concello Teo foron desatendidas pola Deputación Provincial. Tanto no ano 2015 como no 2017 e 2019 houbo diferentes xuntanzas, visitas e contactos entre o Concello de Teo e a Deputación da Coruña para tratar este tema. Destas reunións saíron en varias ocasións compromisos firmes que non foron levados a cabo. O último intento de negociación para a ampliación e mellora da DP-0205 resultou tamén en fracaso, e entendemos que, co obxecto de evitar a grave inseguridade viaria que se recoñece

nese punto, urxe tomar cartas no asunto. O Concello de Teo cumpriu co seu compromiso neste ano 2022 de realizar o proxecto de recuperación do espazo urbano e paisaxístico na carballeira de Luou; fronte a este proxecto, e unha vez realizadas as modificacións pertinentes indicadas, a Deputación da Coruña afirmou non ter dado inicio á redacción do proxecto de ampliación da devandita DP-0205. Ademais, e ante as preguntas por parte do Concello, a Deputación da Coruña indicou sorprendentemente que o proxecto redactado polo Concello non pode realizarse se non existe unha vía alternativa ao tramo de Luou, necesidade nova que en ningún momento desde o 2008 fora mencionada e que imposibilitará a alternativa, xa que o Concello non tería gastado os cartos en redactar o proxecto.

Por todo o anteriormente exposto, propoñemos a aprobación dos seguintes acordos:

Punto 1: solicitar á Deputación da Coruña que solucione de forma inmediata os graves problemas de seguridade viaria no tramo de ampliación da DP-0205, estrada da súa exclusiva responsabilidade, en concreto nas curvas do Aído, da carballeira de Luou e nas curvas de Espasande, Seixos e Cornide.

Punto número 2: reclamar á Deputación que licite con urxencia a redacción do proxecto de ampliación do tramo da DP-0205 comprendido entre o punto quilométrico 7,850, lugar de Cornide, Calo, e o punto quilométrico 11,200, no Aído, Luou, incluída a construción dunha nova ponte polo risco evidente que esta infraestrutura supón para a circulación dos vehículos pesados e dos autobuses.

Punto terceiro e último: darlle traslado destes acordos ao Concello de Teo.

Sr. Fernández Piñeiro

Ben, bo día a todos e a todas.

Sobre esta moción solicitamos información ao departamento de Vías e Obras e ao seu deputado que me acompaña aquí, cun pequeno relatorio dos feitos, do que se ten falado co Concello de Teo, neste caso co alcalde naquel momento e cunha das concelleiras que agora xa non se atopa no goberno, sobre esta cuestión. Tras os problemas referidos polo anterior concelleiro de Urbanismo do Concello de Teo ao Goberno provincial no mes de outubro de 2020, nas que solicitaba melloras de seguridade e na recollida de pluviais no núcleo de Luou, celebrouse unha reunión do presidente da Deputación co alcalde de Teo o día 13 de xaneiro do 2021. Nesta xuntanza chegouse ao acordo de que sería o Concello quen redactaría o proxecto de humanización da estrada ao seu paso pola parroquia de Luou e a sinatura dun convenio entre a Deputación e o Concello de Teo para a transferencia do tramo a favor do mesmo. Polo tanto, para poder levar a cabo a transferencia dese tramo, dado que se trata dun tramo intermedio da estrada, o alcalde de Teo, na mesma reunión e tras ser informado desta circunstancia prevista no Regulamento de estradas, comprometeuse a modificar o planeamento urbanístico para introducir a variante que servirá para conectar os tramos resultantes da DP-0205.

Así mesmo, a Deputación comprometeuse tamén a contratar a redacción da antedita variante, unha vez coñecida a alternativa proposta polo Concello e como

paso previo para o arranxo do resto da estrada.

En concreto, o Regulamento de estradas de Galicia establece no seu artigo 18: “os cambios de titularidade de treitos de estradas a favor de administracións de menor ámbito territorial só se levarán a cabo cando se trate de treitos terminais ou cando non impliquen a interrupción de ningún dos itinerarios dos que forme parte, sen que exista unha alternativa viaria existente ou planificada para todos eles que proporcione un nivel de servizo cando menos equivalente a través da rede de estradas da Administración cedente ou da rede de estradas de titularidade de administracións de maior ámbito territorial”

O 15 de xullo de 2022 reuniuse o deputado de Vías e Obras co alcalde de Teo, a petición deste último, para poder falar do proxecto de humanización do lugar da Igrexa, en Luou. Tratouse dun tema que quedou pendente de falar e revisar conxuntamente cando o concello tivera avanzado no mesmo, circunstancia que se dá nestes intres. Nesta reunión o alcalde, acompañado dun técnico municipal, presentou uns planos do proxecto de humanización no que se incluían actuacións que, por motivos de dominio público e tipo de obra, quedaban fóra do marco legal de actuación da Deputación e sen incorporar. O deputado recordoulle ao alcalde a necesidade de modificar o planeamento urbanístico do Concello para albergar a variante de acordo co artigo 18.11 do Regulamento de estradas para proceder á sinatura dun convenio no que se recollese o traspaso do tramo e a financiación das obras. Tamén o deputado sinalou que o borrador do prego de condicións para a redacción do proxecto está xa preparado, pero era necesario coñecer os puntos de inicio e final do novo tramo, segundo establece a dita modificación do planeamento urbanístico para poder redactar o proxecto.

É dicir, a Lei de estradas autonómicas establece que, para ceder un tramo dunha estrada, ten que ser ou principio da estrada ou o final da estrada; se é unha zona intermedia, como é este caso que nos ocupa, debe haber unha variante que conecte os outros dous tramos que non se van ceder. Iso foi o que se lle trasladou en distintas reunións ao Concello de Teo porque, lóxicamente, terían que facer unha modificación puntual do seu Plan xeral de ordenación municipal para incluír esa variante, algo que a día de hoxe non se fixo.

O borrador para a redacción deste proxecto xa está listo, pero estamos á espera de que, por parte do Concello de Teo, se nos diga onde vai empezar esa variante e onde vai rematar esa variante, porque, se non, dificilmente se poderá concretar ese proxecto e a súa redacción. E esa é a situación na que estamos actualmente; polo tanto, non entendemos moito a que vén a moción cando a pelota non está no tellado da Deputación provincial e cando ademais a postura da Deputación Provincial, se se pode dicir desa maneira, baséase nunha lei de rango superior, nunha lei autonómica.

Ademais diso, no proxecto de humanización, cando fala aquí dunha serie de actuacións que, por temas competenciais, non poden estar incluídas nun proxecto dunha estrada da Deputación, está porque hai unha carballeira que se pretende humanizar, etc., unha serie de actuacións que non teñen que ver coa propia estrada e, polo tanto, iso competencialmente a Deputación, cando se trata da transferencia

dunha estrada e dunha obra que se vai realizar para proceder a continuación a esa transferencia, non a pode realizar. Por iso –repito– nos sorprende a moción cando estamos á espera de que por parte do Concello de Teo se nos traslade esa información para poder concretar e rematar coa redacción dese prego para sacar a concurso xa a redacción dese proxecto.

Sr. Ben Otero

Gracias, presidente.

Bueno, esta iniciativa, señor Lema, es una iniciativa que el Partido Popular, tanto a través de su grupo municipal en Teo como en esta Diputación, ha venido reclamando con insistencia y ya en el anterior mandato, con la portavocía del señor Hernández, como en este propio mandato, aprobándose varias iniciativas por unanimidad y la última vez presentando un ruego respecto de esto.

Sobre esto hay que aclarar varias cosas, entiendo yo. Lo primero, que es una actuación menor o por lo menos habría que buscar una solución transitoria, de manera urgente, es que no es razonable que en lugar de Luou haya un local de hostelería que cada vez que llueva no se pueda acceder al mismo por el sobreelevamiento que se ha ido haciendo en la carretera año tras año; los constantes asfaltados han generado que la vía fuera creciendo de tal manera que el agua desborda e imposibilita que una persona que tiene una licencia de actividad y que trabaja cada día para ganarse el pan, cuando llueva, pueda abrir su local.

Sobre esto habrá que buscar una solución. Yo no soy técnico, pero hay técnicos competentes en esta casa, hay que buscar una solución para que estos señores no tengan un prejuicio que les impida hacer su actividad cotidiana para ganarse el pan de cada día. Esto no es una gran inversión, es tener interés, sobre todo siendo un vial de competencia provincial, que es quien tiene que buscar esta solución. Punto primero.

Punto segundo: que el Ayuntamiento de Teo pretenda hacer una gran obra de humanización en el entorno de Luou me parece perfecto, pero nada tiene que ver con mejorar la seguridad de la propia carretera provincial porque, en todo caso, cuando se haga la cesión, entiendo yo que el alcalde de Teo no será tan inocente de aceptar un vial sin estar plenamente acondicionado y arreglado, independientemente de que haya variante o no. En consecuencia, aquí hay varias cuestiones. La primera es hacer una nueva variante que aleje el tráfico de esta zona; perfecto, yo no entro en esto, pero hay algo más urgente que llevamos 4, 5 o 6 años con esta cuestión y los vecinos están padeciendo, que es que no se puede cruzar un autobús con un coche, y ya no digo dos camiones o dos autobuses, es imposible, porque yo he estado allí y lo he visto. En consecuencia, yo creo que hay que actuar sobre estas zonas para hacer una actuación urgente de mejora de la seguridad vial y de forma complementaria trabajar en el tema de la variante, son dos cuestiones distintas. Una no solapa a la otra y es una cuestión de interés, porque, como algún día pase algo allí, y ya ha habido siniestros, pero como pase algo algún día grave luego nos lamentaremos todos y diremos: “Hombre, qué pena, tendríamos que haber...”. Es una infraestructura provincial, es una carretera con muchísimo tránsito, que conecta varios municipios y que es transitada todos los días por muchas personas. Yo creo que hay que actuar de

manera urgente en esta cuestión menor de las pluviales en el lugar de la Iglesia allí en Luou, es urgentísimo, porque es una vergüenza lo que está pasando. Y respecto de lo otro hay que ver cómo podemos hacer una actuación aunque sea menor a la espera de la famosa variante, pero actuar ya.

Nuestro voto es obvio que va a ser a favor y me alegro de que el alcalde de Teo se sume a esto después de algún tiempo en el que tenía ciertas dudas.

Nada más y muchas gracias.

Sr. Lema Suárez

O alcalde de Teo é o primeiro interesado en que isto se solucione. Eu, sen que sirva de precedente, subscribo todas as palabras que acaba de dicir o compañeiro Evaristo Ben neste punto, onde creo que compartimos absolutamente todo.

Se mañá houberse un accidente neste punto quilométrico do que falamos, é evidente que a responsabilidade vai ser da Deputación da Coruña, porque de momento non ten delegada a ninguén nin cedida a titularidade deste tramo desta estrada. Isto é así, isto non é un futurible, non é que haxa unha cesión sobre a mesa, nin un proxecto dunha variante acordado; hoxe, agora mesmo esta estrada é de titularidade provincial e este punto quilométrico está como está, tres quilómetros que están realmente mal, e convido a quen sexa a que o visite para que o comprobe *in situ*. Efectivamente, a cuestión das pluviais agrava ou é incómoda para a xente que vive alí pero o trazado e, sobre todo, a ponte que aparece referida nesta moción son realmente perigosos, non dan o ancho para pasar por alí comodamente dous vehículos. E esta é unha estrada provincial, non ten delegada nin acordo de cesión a terceiros, a súa titularidade é da Deputación da Coruña. Polo tanto, o que alí acontece é responsabilidade da Deputación e, polo tanto, creo que deben tomar este asunto con certa urxencia, porque realmente presenta unha situación de posible gravidade ou risco para os que a usan todos os días.

Nós non imos entrar no debate sobre se debe haber ou non debe haber unha variante no actual proxecto ou se simplemente abondaría cunha ampliación da propia vía; tampouco o alcalde, con quen falamos sobre esta cuestión, con Rafael Sixto, a miúdo, nos trasladou nada ao respecto. El o que quere é que canto antes se reforme este tramo do vial, porque está preocupado pola situación e porque leva agardando por unha solución desde hai moito tempo. Entón, a el a cuestión da variante si ou variante non, a verdade é que lle resulta secundaria, el o que di simplemente é basicamente o que acabamos de expresar tanto o voceiro do Partido Popular como nós: trátase dunha vía nunha situación pésima, trátase dunha vía de titularidade provincial e trátase dunha vía que require unha actuación urxente.

Se se quere ir a unha variante, pois que se presente unha proposta, que se negocie esa proposta, pero el o que considera é que é un aspecto secundario, que a Deputación non pode inhibirse nin delegar a súa responsabilidade, a súa competencia neste caso, e que ten que actuar e ter iniciativa, porque é unha situación que pode resultar mañá nun perigo para as persoas ou xa hoxe para as persoas usuarias da mesma, e polo tanto o que se pide é o que aquí se acaba de expoñer, non imos entrar en cuestións de variante si ou variante non, ou de cesión da estrada si, ou cesión da

estrada non, porque é –insisto– unha estrada de titularidade provincial e a quen lle corresponde a competencia para reformala e mantela en boas condicións é unicamente á Deputación da Coruña.

Sr. Fernández Piñeiro

En primeiro lugar, é verdade que os vehículos cada vez son máis grandes e son máis anchos, señor Ben, pero a estrada no ano 2015, na lexislatura 2011-2015, tampouco se cruzaban dous vehículos e gobernaban vostedes esta institución e, polo tanto, entendo que esa necesidade tamén a tiñan sobre a mesa cando estaban no Goberno provincial e, por un motivo ou por outro, non por mala fe, non quero pensar iso, non a deron solventado. E o mal estado da estrada e os problemas que arrastra a estrada imaxino que no ano 2015 ou no 2014 ou no 13 tamén estarían alí; polo tanto, é verdade que hai que arranxala, como outras moitas estradas provinciais, é verdade que os recursos son os que son e non podemos abarcalas todas e seguimos traballando niso. De feito, dixen na miña intervención que está redactado o borrador, pero hai unha cuestión, señor Lema: se o alcalde vén aquí e pide unha cesión que require dunha variante, porque o establece así a lei, se xa non quere esa cesión, terá que comunicarllo á Deputación. Porque, se a Deputación está á espera de que o señor alcalde nos dea unha información para poder rematar coa redacción dese prego e poder contratar a redacción deste proxecto, pois, home, algo nos terá que dicir, porque “donde dije digo, digo Diego” non vale.

E, home, non é que o diga eu, é que este documento que lle acabo de ler é do persoal do propio servizo, do que non teño ningunha dúbida nin desconfío o máis mínimo do que están a dicir, e do que me traslada tanto o presidente como o deputado desa área, que ese é o acordo ao que se chegou. Se agora, porque a situación da estrada é a que é, é máis perentorio amañala sen ter en conta esa cesión e, por tanto deixando esa cesión á marxe, e deixando ese proceso de humanización que o Concello de Teo quería levar a cabo á marxe, pois parécenos ben. Daquela, se iso é o que vostede nos está trasladando aquí é en nome do Concello de Teo, non hai ningún problema. Redáctase ese prego para a redacción dese proxecto de mellora desa estrada por fases e punto.

Pero iso quen o ten que dicir é o Concello de Teo, non vostede, e o Concello de Teo a día de hoxe non trasladou iso; e o acordo que había, e o que acabo de ler, en varias reunións e conversas que houbo co seu alcalde non era iso que vostede acaba de dicir. Entón, sería importante que entre vostedes e o Concello de Teo se aclaren, porque dende logo por parte da Deputación, xa digo, está o borrador redactado, pode vostede consultalo co Departamento de Vías e Obras. Simplemente estamos á espera de que nos digan que é o que queren facer. Que desbotamos a posibilidade desa variante e desa cesión e, polo tanto, se amaña a estrada tal e como está, ampliándoa como se ampliou nos outros tramos?, perfecto, pois adiante, xa está. Simplemente pedimos que nos notifiquen, se pode ser o señor alcalde de Teo, por escrito, esa decisión do seu Concello, de que o proxecto continúe nos mesmos termos nos que xa se efectuou unha mellora desa estrada noutros tramos, e con iso tiramos para adiante. Pero, home, que nos diga algo, porque, se non, vai ser bastante difícil poder acadar un resultado óptimo para todas as partes e mellorar esa estrada, que compartimos con todos e todas vostedes que é mellorable.

Por tanto, nós non imos votar en contra desta moción, imos votar a favor, pero condicionando a que o señor alcalde nos traslade que, efectivamente, si opta por continuar con esa cesión e, polo tanto, ten que traer documentación exacta e concisa de por onde vai ir esa variante para poder redactar o proxecto, ou ben deixamos iso á marxe e amáñase a estrada coas mesmas características que os tramos que xa están amañados. Simplemente con que nos aclare esas dúas dúbidas xa o temos claro. Polo tanto, nós votamos a favor condicionado a que o Concello de Teo nos aclare esa circunstancia.

Nada máis, moitas grazas.

Sr. Ben Otero

No quero meterme yo en este debate a dos que tenéis, que me está encantando, pero yo lo que veo son dos cosas, y hay que entenderlas como son. Es decir, que haya una cesión de la carretera *a posteriori* no indica, entiendo yo, supongo, y si no espero que dentro de unos meses el próximo alcalde de Teo no asuma semejante torpeza, de recepcionar ese tramo de carretera en la situación en la que está. Ojo, son dos cuestiones compatibles: esa carretera para ser entregada a otra Administración o que sigue siendo titularidad de la Diputación no puede seguir en las condiciones en las que está, ese es el primer punto. Pero yo entiendo por dónde va este tema, porque ya lo llevo viendo varias veces en varios asuntos. Es decir, aquí de ahora en adelante, en los 7 meses que quedan hasta las elecciones del 28 de mayo, ya veo cómo va el tema: frente a un problema, un anuncio; frente a un problema, lo estudiaremos. Pero es que yo no quiero frente a un problema un anuncio, yo quiero frente a un problema, una solución, porque tenemos los recursos suficientes en esta institución para afrontar y solucionar muchos problemas. No decir un futurible, luego llegaremos a la campaña electoral en Teo, señor presidente de la Diputación, que hasta aquel momento lo será, y dirá "no, no, vamos a solucionar esto con una variante". Pero, oiga, vamos a ver, lleva usted 8 años aquí y hemos aprobado mociones reiteradamente respecto de este asunto, no se ha invertido un solo euro en esta vía y no se ha solucionado un problema de las inundaciones en el lugar de la Iglesia en Luou, algo tan insignificante como es eso.

Por favor, menos anuncios y más realidades, yo es lo que digo, y a partir de ahí, ¿variante?, por supuesto si los vecinos la quieren, pero antes de una variante solucionamos el problema que a día de hoy es un problema de urgente solución.

Nada más, gracias.

Sr. Fernández Piñeiro

Deduzo polas súas verbas que non se entera moi ben de que vai o asunto, entón volvo explicalo, con todo o respecto o digo, con todo o respecto. Porque, vamos a ver: quérese arranxar a estrada, o Concello de Teo trasládalle á Deputación que un tramo desa estrada lle interesa que se lle ceda cun proxecto de humanización que en principio solicitaba que fixera a Deputación. É dicir, que a Deputación humanizase un tramo desa estrada e que llo entregase ao Concello. A Deputación xa dixo que por temas competenciais non pode facer ese proxecto de humanización, o que pode é amañar esa estrada, ampliála ou dotala dunha senda, ata aí, que é o que se fai en

todas as estradas provinciais. Entón, como o Concello de Teo insistía en que había que facer ese proxecto de humanización, díxose que para poder facelo hai que facer unha variante e dar cumprimento así á lexislación autonómica que, neste caso, regula como deben ser as cesións dos viais cando se trata de tramos intermedios.

A día de hoxe, tras falar diso, estamos esperando que o Concello de Teo nos diga onde empeza e onde remata esa variante para poder redactar ou rematar, contratar a redacción dese proxecto de mellora da estrada, porque hai un tramo que en principio esa humanización a ten que facer o Concello, non a pode facer a Deputación. Mentres non nos diga iso, non podemos avanzar. Non é anuncio, e acábolle de dicir, e repetino varias veces, que está o borrador do prego xa redactado, iso non é un anuncio, é unha realidade que se pode constatar, pero que, namentres non saibamos que tramos se van arranxar, co criterio co que arranxa a Deputación as estradas e que tramo vai asumir o propio Concello a súa humanización, non podemos facer o proxecto, é moi sinxelo.

É como se vostede pide unha subvención aquí para amañar un centro social e non sabe como o vai distribuír por dentro. Pois terame que dicir: oia, pero aquí vai un salón de actos, aquí vai unha oficina, aquí vai un *office*, aquí van os baños. Mentres non defina vostede o proxecto, dificilmente poderei redactalo. Pois é o punto no que estamos agora; cando o Concello de Teo nos diga exactamente que é o que quere e se desbota a posibilidade desa humanización e, polo tanto, a Deputación arranxa toda a estrada coas mesmas características coas que xa arranxou algún dos tramos, ou ben que siga insistindo en que se humanice ese tramo que pasa por Luou, que discorre por Luou, e que polo tanto el asumirá esa parte de humanización. E iso temos que telo en conta para facer o proxecto, non é tan difícil de entender; non sei se queda claro ou me teño que estender un pouco máis na explicación, pero creo que xa quedaba claro na primeira intervención, pero volvo matizalo e a referendar novamente o que dixen no inicio da miña intervención, que é isto: cando se nos traslade tal cousa, tiramos para adiante; agora, non é achacable á Deputación neste caso o tempo que levamos esperando desde que houbo esas conversas no ano 2021 ata o día de hoxe para poder rematar con ese proxecto de mellora, porque estamos á espera de que se nos facilite esa información. Cando nos sexa facilitada –repito–, continuaremos con ese procedemento, acabarán de redactarse eses pregos concretados, concretarase o proxecto e, polo tanto, redactarase o mesmo e a partir de aí poderemos sacar esa obra a licitación nunha fase ou nas fases que se consideren neste caso do Servizo de Vías e Obras.

Espero que quede suficientemente aclarada cal é a miña postura e a postura do noso grupo. Nada máis e moitas grazas.

Sr. Lema Suárez

A ver, para empezar hai que dicir que quen nos traslada a nós esta moción é o Concello de Teo a través do seu alcalde Rafael Sixto, e que esta moción, o seu contido básico, o mesmo, foi xa aprobado no Concello de Teo. Entón a nivel de comunicación e a nivel, digamos, de coherencia entre o que aquí se transmite e o que se aproba no Concello de Teo, non hai ningunha diferenza, é exactamente o mesmo o que acabamos de expoñer nós aquí que o que se aprobou no Concello de Teo, e o

que se plasma nesta moción foi aprobado anteriormente no Concello de Teo. Iso en primeiro lugar.

Eu non creo que sexa unha cuestión de confiar no que transmiten os técnicos que se falou nunha xuntanza técnica de Vías e Obras, ou a palabra do Concello de Teo. Eu creo, non vou entrar nesa cuestión, eu confío tanto na palabra do Sr. Pequeño, por suposto, como na de Rafael Sixto, ou sexa, absolutamente confío, e entendo que estamos probablemente ante un malentendido, entendo que estamos nunha cuestión na que un agarda que outro faga algo e o outro, desde logo, non ten constancia de que teña que facer algo, que iso creo que é evidente, porque o Concello de Teo fixo o labor que se lle pedía de humanización, non o lin na miña exposición inicial. O Concello de Teo cumpriu co seu obxectivo neste ano 2022 de realizar o proxecto de recuperación do espazo urbano paisaxístico na carballeira de Luou asignada por Crecente y Fuente, S. L., cun orzamento de 1.100.000 euros e tramitado mediante permiso de Patrimonio. O Concello de Teo fixo a súa parte de humanización do tramo que se solicita, e agora o que está dicindo é o seguinte: vostedes teñen que facer a súa, entón vamos evitar unha disputa sobre se ten que ser unha variante, se ten que ser que primeiro vostedes fan un proxecto de variante e despois legaliza esa actuación o Concello de Teo mediante unha modificación do Plan Xeral. Vostedes o que teñen que facer é coidar aquilo que é responsabilidade súa, que é esta vía, e eu, Sr. Pequeño, confío completamente na túa palabra tanto como na de Rafael Sixto. Polo tanto, eu quédome co compromiso da Deputación de exercer a súa competencia única e exclusiva non delegada neste asunto, que é o de mantemento e asegurar a seguridade desta vía, e creo que é do que se trata, con iso nós xa estamos conformes, con que se arranxe coa maior brevidade posible esta parte da estrada. Insisto, o resto das cuestións parécennos todas elas secundarias.

Nada máis e grazas.

Sr. Fernández Piñeiro

Un segundo nada máis e xa remato.

Vamos ver, non é secundario, é que podemos darlle as voltas que queiramos, parece mentira ademais que esteamos todos a favor, e imos votar a favor da moción, menos mal, se estivésenos en contra, non sei cando remataría este pleno. Aquí trasládase por parte do Concello de Teo que se ceda esta estrada ao Concello, que se ceda arranxada, iso foi o que se trasladou no Concello de Teo. Para cedela arranxada nun tramo concreto que é intermedio non é unha cuestión secundaria, señor Lema, é unha cuestión que a lei di que, para facelo así, ten que haber unha variante, e foi o que se lle trasladou. Quedou en traer ese proxecto de humanización, que trouxo os planos, non trouxo o proxecto, e quedou en facer un proxecto para esa variante e dicirlle á Deputación onde comeza esa variante e onde remata, e o tramo que hai entre a entrada e a saída da variante sería o que se cede. Se o Concello de Teo prefere que por unha cuestión de tempos, e tendo en conta que a estrada está en mal estado, se arranxe toda ela como está e se ceda enteira, pois non hai ningún problema. Pero, se quere que se ceda un tramo en concreto, ten que traer a variante e, se non, non se pode ceder. Entón que nos digan: miren, vostedes amáñena e despois xa falaremos da cesión, perfecto. Pero é que iso nunca foi o que se falou, e

non é o que dixesen os técnicos, é que o pode confirmar unha propia concelleira do Concello de Teo que estaba na primeira reunión.

Entón, é unha cuestión de clarificar; como vostede dicía, seguramente algunha das partes entendeu mal o asunto. Pois moi ben, pois que nos diga: mire, arránxea, despois xa falaremos da cesión, e como total vou asumir a humanización eu, unha vez que a teñan cedida xa farei eu a humanización que corresponda, pero arránxena toda. Pero que nos diga iso, porque ata o de agora non o dixo; entón nós estábamos esperando, que era o último que se falou, a que nos trasladase o tema da variante, que a vostede lle parecerá secundario porque non lle interesa falar do tema, pero é que esa é a clave, a clave que está retrasando este proceso é esperar por que o Concello de Teo nos diga onde quere esa variante, onde empeza e onde sae; se non é así, perfecto, que nolo diga e tiramos para adiante. Espero que por terceira vez quede claro xa, se non, xa non sei como o vou explicar.

Sr. Lema Suárez

Eu tamén, amigo, Bernardo, vexo que tes o vicio de quedar sempre coas 10 de últimas, como dicía meu pai, pero esta vez vou intentar quedar eu coas 10 de últimas aínda que sexa á custa da paciencia de quen nos escoita. Como dixo antes o compañeiro Sr. Ben, o Concello de Teo claro que está interesado na cesión da vía e ten un proxecto de humanización que xa executou; agora, non quere a vía no estado actual, creo que o expuxo perfectamente o Sr. Ben e non teño nada que engadir. E o responsable de adecentar a vía previa á cesión é unicamente esta Administración, punto e fin. É que non hai máis discusión, e agora podes ti volver falar e eu volverei repetir o mesmo e podemos chegar aquí ata as catro da tarde, pero claro é que é así. Xa está acordado que vostedes teñen a titularidade da vía en exclusiva e que eles fixeron o traballo de humanización deste tramo; polo tanto, faltan vostedes, falta a parte da Deputación e, efectivamente, o Concello de Teo, como ben expuxo o compañeiro Sr. Ben, prefire que se lle ceda a vía en estado óptimo de conservación que no estado actual, e non ten ademais competencias para reparala pola súa propia iniciativa.

Nada máis grazas.

Sr. Presidente

Pois as 10 últimas... Non, simplemente, como na reunión estaba eu, non estaba o Sr. Fernández, dicir que se vai votar a favor da moción porque o espírito é compartido absolutamente por todos os grupos. Agora, previa á licitación e adxudicación desa obra, firmaremos un convenio co Concello de Teo, tamén quero que conste en acta, para que recepcione as obras de humanización e, polo tanto, que recepcione a vía. Porque ao final, por riba da humanización e por riba de que quede mellor ou peor esteticamente, está a seguridade viaria. Eu estaba nesa conversa, eu estiven alí fisicamente en Luou, sei que a sinalización vertical se mellorou, Sr. Ben, mellorouse a sinalización vertical, agora nesta lexislatura non na anterior, nesta mellorouse. Agora, o que se pide coa humanización, a busca da humanización por parte do alcalde de Teo, o cal me parece, era compartido, a humanización o que buscaba era ralentizar o ritmo dos vehículos, porque o que pedía o alcalde de Teo, igual que piden outros alcaldes e alcaldesas da provincia que están aquí sentados, é

que se poida aplicar a posibilidade de pasos elevados de peóns nas estradas. Como ben sabedes, o criterio do técnico desta Deputación, por parte do departamento técnico é non, nunca se autoriza un paso elevado, cuestión que nós non entendemos politicamente, pero que tecnicamente hai que respectar, polo tanto, esa opción non valía. A opción que se escolleu por parte do alcalde con bo criterio, desde o noso punto de vista politicamente falando, é humanizar para darlle prioridade ao peón nun lugar ademais onde se estreita moito a vía, e onde as vivendas nalgúns puntos se botan en contra practicamente do límite do arcén, que xa non é arcén; polo tanto, a única opción é humanizar, que se vexa claramente que o vehículo alí non ten prioridade, preferencia nin protagonismo.

Agora ben, o criterio, non só en Teo, en Boiro, solución adoptada e aprobada polo Concello para chegar a Cabo de Cruz, e de calquera persoa que poida ter un criterio técnico sobre ese aspecto, é evitar aqueles lugares onde a concentración de vivendas chega xusto ata a aresta exterior da estrada. E, polo tanto, as variantes que son as opcións máis custosas, as opcións máis complicadas, porque hai que expropiar e a opción menos desexable ao mellor politicamente, tecnicamente é a mellor das opcións.

Agora, persevera o Concello de Teo en que sexa a humanización?, perfecto, pero nós loxicamente, se a seguridade vial debe ser a nosa prioridade, temos que priorizar a alternativa de circunvalación. En calquera caso, prefiren humanización?, será humanización, compromiso adquirido, e imos incorporalo ao orzamento 2023 e executarase así, coa condición de que o Concello acepte a firma dese convenio onde acepta a entrega da vía e, polo tanto, se responsabiliza da seguridade vial nesa estrada.

E en calquera caso, Sr. Ben, agradecerche que te empeces a preocupar polas vías de Teo, porque a última vez que falamos dunha vía en Teo foi retirar do punto da orde do día a ampliación da estrada Galana a Cacheiras, porque, segundo o voso parecer, había riscos sobre un muro que lle faltaba unha autorización de Patrimonio que se conseguiu finalmente, que estaba autorizada por Patrimonio e simplemente había unha caducidade de datas na autorización. Polo tanto, a seguridade vial debe interesarnos sempre, sempre, agora e en calquera outro expediente que afecte ao concello de Teo ou a calquera outro concello e vía provincial.

Vamos proceder a votar.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

O Pleno, por unanimidade, aproba a seguinte moción:

Moción do Grupo Provincial Marea Atlántica para a ampliación e melloras da estrada DP-0205 no Concello de Teo

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A estrada DP 0205 ten un trazado de 13.010m que une Bertamiráns (Ames) coa Ramallosa (Teo) e soporta un tráfico moi intenso como vía de conexión da AG 59 e da AC-841 coa AG 56 e a N-550. Esta vía foi ampliada na súa totalidade hai máis dunha década, incluso con variantes de varios quilómetros para retirala dos núcleos tradicionais polos que pasaba. Incomprensiblemente, un tramo de algo máis de tres quilómetros comprendido entre o pK 7,850 (Lugar de Cornide, Calo) e o pk 11,200 (O Aido, Luou), quedou fóra do proxecto e nun estado de lamentable abandono en canto á seguridade viaria. A situación actual deste tramo precisa dunha intervención urxente por parte da Deputación da Coruña, que leva anos aprazando estes traballo.

O 27 de xuño de 2008 a Deputación provincial aprobou un proxecto técnico de ampliación e mellora deste tramo, chegando incluso a anunciar a urxente expropiación (BOP do 1 de febreiro de 2010). A realidade é que catorce anos despois as únicas intervencións realizadas sobre o aglomerado incrementaron, no canto de diminuír, os problemas de seguridade viaria, orixinando novos problemas co estancamento das pluviais.

As continuas reclamacións dos gobernos municipais do Concello de Teo foron desatendidas pola Deputación provincial. Tanto no ano 2015, como no 2017 e no 2019 houbo diferentes xuntanzas, visitas e contactos entre o Concello de Teo e a Deputación da Coruña para tratar este tema. Destas xuntanzas saíron, en varias ocasións, compromisos firmes que non foron levados ao cabo.

O último intento dos intentos de negociación para ampliación e mellora da DP-0205 resultou tamén fracasado e entendemos que co obxecto de evitar a grave inseguridade viaria que se recoñece nese punto urxe tomar cartas no asunto.

O Concello de Teo cumpriu co seu compromiso neste ano 2022 de realizar o proxecto de "Recuperación do espazo urbano e paisaxístico na carballeira de Luou" asinado por Crecente y Fuertes SLP cun orzamento de 1.100.662€, e tramitado o permiso diante de Patrimonio. Fronte a ese proxecto e unha vez realizadas as modificacións pertinentes indicadas, a Deputación da Coruña afirmou non ter dado inicio á redacción do proxecto de ampliación da DP 0205. Ademais, e ante as preguntas por parte do Concello de Teo, a Deputación de Coruña indicou, sorprendentemente, que o proxecto redactado polo Concello non poderá realizarse se non existe unha vía alternativa ao tramo de Luou, necesidade nova, que en ningún momento dende 2008 fora mencionada e que imposibilitaría a alternativa xa que o concello non tería gastado os cartos en redactar o proxecto.

Polo anteriormente exposto, o pleno da Deputación Provincial da Coruña, adopta os seguintes acordos:

1. Solicitar á Deputación da Coruña que solucione, de forma inmediata, os graves problemas de seguridade viaria do tramo non ampliado da DP 0205, estrada da súa exclusiva responsabilidade, en concreto nas curvas do Aido, na Carballeira de Luou, e nas curvas de Espasande, Seixos e Cornide.

2. Reclamar á Deputación que licite con urxencia a redacción do proxecto de ampliación do tramo da DP 0205 comprendido entre o pK 7,850 (Lugar de Cornide, Calo) e o pk 11,200 (O Aido, Luou), incluída a construción dunha nova ponte polo risco evidente que esta infraestrutura supón para a circulación dos vehículos pesados e dos autobuses.
3. Dar traslado destes acordos ao Concello de Teo.

Sr. Presidente

Moción do Grupo Provincial Marea Atlántica de apoio ás traballadoras do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar

2.Moción do Grupo Provincial Marea Atlántica de apoio ás traballadoras do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A finais do pasado ano publicase a Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público. Coa finalidade de minimizar a temporalidade nas Administracións públicas, a dita Lei contempla dous supostos:

- Un proceso de estabilización para as prazas de carácter estrutural que estiveran ocupadas ininterrompidamente polo menos nos tres anos anteriores ao 31 de decembro de 2020 (art.2), cun sistema de selección de concurso-oposición.
- Un proceso de estabilización extraordinario de emprego temporal de longa duración para aquelas prazas de carácter estrutural que estiveran ocupadas de forma ininterrompida con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2016, cun sistema de selección de concurso.

Todas as Administracións deben, para ambos casos, ter publicadas as convocatorias dos procesos de estabilización antes do 31 de decembro de 2022.

Así, a práctica totalidade das Administracións están traballando en criterios que valoren prioritariamente, nas fases de concurso, a experiencia das persoas concursantes nas propias prazas das administracións que son obxecto da convocatoria. É dicir, nos criterios para estabilizar o posto de traballo dunha auxiliar administrativa deste concello, valorase máis a experiencia dunha auxiliar administrativa que leve ocupando a praza neste concello, que a experiencia doutra auxiliar administrativa doutro concello ou, por suposto, doutra administración diferente á local. Non facelo así, non só sería desvirtuar o sentido da Lei, senón que sería un prexuízo para a propia Administración que non obtería profesionais con experiencia contrastada para o desenvolvemento do traballo específico nas prazas convocadas.

O Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, segundo os seus Estatutos, é unha entidade de dereito público de carácter interadministrativo, con personalidade xurídica propia e diferenciada da dos entes consorciados, do cal forman parte a Xunta de Galicia e os concellos galegos que concorreron inicialmente

á súa formación subscribindo o convenio do 6 de xullo de 2006, así como todos aqueles incorporados con posterioridade a través dos correspondentes convenios, segundo o previsto no artigo 33 dos seus estatutos. Na actualidade está integrado por 285 concellos e 5 mancomunidades (DOG do 1 de decembro de 2020). Por tanto, o Consorcio Galego, non é a Xunta de Galicia, e as súas traballadoras, non son traballadoras da Xunta de Galicia.

O Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar tense convertido nunha das Administracións con maior taxa de temporalidade, pasando do 90%, unha temporalidade que afecta indiscutiblemente ás mulleres, xa que mais do 95% das mais de 2000 persoas que traballan nel, son mulleres. Estas profesionais atenden a unha media anual de case 20.000 persoas e familias usuarias nos seus distintos servizos: Escolas Infantís, Centros de Día, Centros Residenciais, Vivendas Comunitarias, Oficinas de Igualdade e Benestar ou o Servizo de Xantar na casa. A Xunta ten iniciado o proceso de elaboración de criterios para a baremación de méritos das prazas do Consorcio que saen a proceso de estabilización e que afectan a 1500 profesionais.

Nos borradores que se coñecen, non valoran prioritariamente a experiencia das profesionais no Consorcio para seguir ocupando a súa praza, senón que igualan a baremación desta experiencia das profesionais do Consorcio con profesionais doutras administracións diferentes como é a Xunta de Galicia e que nunca traballaron no Consorcio. Analogamente, sería como si para estabilizar unha praza deste concello, se valorase o mesmo a experiencia no posto deste concello que a experiencia dun posto na Deputación.

Si os criterios non mudan, para unha praza de psicóloga dunha residencia de maiores do Consorcio, puntúase igual a unha profesional que leva ocupando esa praza 15 anos, que a outra psicóloga da Xunta de Galicia que leva 15 anos traballando no ámbito da prevención das drogodependencias. Para unha praza de mestra nunha escola infantil do Consorcio na que se atenden a nenos de 0 a 3 anos, valoraríase igual a unha mestra que leva 15 anos ocupando este posto, que a outra mestra que ten 15 anos de experiencia na Xunta de Galicia educando a nenos e nenas de 5 e 6 anos, pero que ten 0 experiencia con bebés.

Estas profesionais do Consorcio son as mesmas as que dende a Xunta se lles daban medallas de recoñecemento profesional polo seu traballo en primeira liña no peor da pandemia nas residencias de maiores, e pola súa atención e profesionalidade nas residencias integradas onde se coidaba e atendía a todas as persoas maiores con COVID.

Estas profesionais iniciaron unha folga, agora que prevía estenderse durante os primeiros quince días de mes entre setembro e decembro. Unha folga a que se ven obrigadas para conseguir que na fase de concurso se lles valore con prioridade a súa experiencia e bagaxe profesional, mais que demostrada neste últimos quince anos.

Non facelo, ademais de constituír unha anomalía no cumprimento do espírito da lei 20/2021 de resarcir o dano causado polo abuso de temporalidade nas Administracións, conlevaría o desmantelamento dos equipos profesionais dos centros anteditos, e un dano económico para a propia Administración en indemnizacións que pagamos todos.

Polo anteriormente exposto, o pleno da Deputación Provincial da Coruña, adopta os seguintes acordos:

1. Instar a Xunta de Galicia a que a que cumpra a lei e negocie de boa fe co Comité de Folga, intentando chegar a acordos sobre os motivos da mesma.
2. Instar a Xunta de Galicia a que nos criterios de baremación de méritos no proceso de estabilización e de estabilización extraordinaria referidos, se puntúe prioritariamente a experiencia das profesionais nos postos de traballo específicos desenvolto no Consorcio Galego.
3. Trasladar estes acordos ao Parlamento de Galicia e ao Presidente da Xunta de Galicia instando a que actúe en consecuencia e resolva esta grave problema con carácter inmediato.

Sr. Lema Suárez

Antes que nada, saudar as compañeiras Leticia, Flor e Ana aquí presentes, que representan un colectivo de 1.200 persoas, que son agora as que están nunha situación de conflito e negociación coa Xunta de Galicia para que se atenda a especificidade do seu caso no procedemento de estabilización de traballadores da Función Pública que deriva da aprobación da Lei 2021.

Por entrar un pouco en detalle do que estamos falando, dicir que o Consorcio de Igualdade é unha entidade interadministrativa, é un consorcio interadministrativo no que hai un capital que se reparte da seguinte proporción: 51% de titularidade da Xunta de Galicia e un 49% restante dos concellos, é unha cuestión relevante porque é tamén como se reparten *a posteriori* os gastos e os investimentos no propio consorcio. Atenden, como se sabe, tanto a centros de día como a escolas infantís, como a residencias de maiores, e no caso, no episodio complexo e difícilísimo que acabamos de atravesar como sociedade da COVID-19, pois o seu labor foi recoñecido pola propia Xunta de Galicia como un labor absolutamente exemplar.

Son 1.200 persoas as que están traballando desde hai 15 anos co Consorcio do Benestar nunha situación, como indica a Directiva europea e recoñece a lexislación española, de fraude de lei. Non houbo en todo este tempo ningún proceso de estabilización, non se convocou un concurso oposición nin ningunha outra posibilidade para eles de acceder con outra titularidade ao posto de traballo.

(Sale do salón a Sra. Lamas Villar).

En todo caso, como todos sabemos, a Lei 2021 márcalle unhas obrigas ao Estado español de estabilizar aquel persoal que ten contratado en fraude de lei, e sucede –e aquí é onde se plantexa o conflito–, que ao persoal do Consorcio de Benestar non se lle recoñece o seu dereito a que lle sexa recoñecida a súa antigüidade específica no seu propio posto de traballo, senón que se quere todo el levar a unha, o que sería o procedemento xeral de estabilización da Xunta de Galicia. Isto contrasta coa actuación da propia Xunta de Galicia co persoal doutros entes dependentes, como son, por exemplo, o de Portos do Estado, onde ostenta toda a

titularidade da xestión deste organismo, sen embargo –insistimos– o Consorcio de Igualdade, como indica o seu propio nome, é unha entidade de titularidade compartida; onde por tanto pensamos que se debe atender esta especificidade para recollela nas bases do concurso de estabilización da oferta pública de emprego, que ten como data límite para a súa aprobación o 31 de decembro.

A nós foinos presentada esta moción a semana pasada e a nós parécenos absolutamente que teñen todo o dereito e é de Xustiza que á súa reclamación se lle dea efecto, que a súa especificidade de antigüidade no seu posto de traballo sexa atendida, e que a Xunta de Galicia, dalgún xeito, tente recollela nas bases do proceso de negociación que está actualmente en curso.

Esta reclamación do persoal de Consorcio cónstame que foi aprobada xa noutros plenos da nosa provincia e traémolo hoxe aquí tamén para a súa aprobación por esta entidade.

Hai unha proposta que nos fixo o voceiro, o señor Fernández, de emenda que nós aceptamos, por suposto. A nivel de seguridade xurídica, por suposto, nós como o persoal do Consorcio aspiramos a que teña toda a seguridade xurídica o procedemento que agora se inicie, por iso aceptamos a emenda que vostede exporá a continuación, pero, por dar lectura tamén aos acordos, o punto primeiro di o seguinte: “Instar a Xunta de Galicia a que cumpra a lei e negocie de boa fe co comité de folga intentando chegar a acordos sobre os motivos da mesma”. O punto dous di: “Instar a Xunta de Galicia a que nos criterios de baremación de méritos no proceso de estabilización extraordinaria referidos se puntúe prioritariamente a experiencia dos profesionais nos postos de traballo específicos desenvolto no Consorcio galego; e, por último, “Trasladar estes acordos ao Parlamento de Galicia e ao presidente da Xunta de Galicia instando a que se actúe en consecuencia e se resolva este grave problema con carácter inmediato”.

Nada máis e grazas.

Sr. Fernández Piñeiro

Bo día de novo.

A nosa emenda, que era unha cuestión menor, simplemente unha pequena puntualización, que de feito se fai no primeiro punto e que entendiamos que tiña que estar tamén no segundo por unha cuestión máis de forma que outra cousa, que é instar a Xunta de Galicia a que, cumprindo coa lexislación vixente, nos criterios de baremación dos méritos do proceso de estabilización e de estabilización extraordinaria referidos se puntúe prioritariamente a experiencia das profesionais nos postos de traballo específicos desenvolto no Consorcio Galego. Polo tanto, sería incluír esa coletilla de “cumprindo coa lexislación vixente” xusto despois de instar a Xunta de Galicia “a que, cumprindo coa lexislación vixente, nos criterios de baremación dos méritos no proceso de estabilización”, etcétera, esa sería a nosa proposta de emenda, que é unha cuestión, como ben falaba antes co señor Lema, meramente formal e, loxicamente, nós estamos a favor desta moción. De feito, o noso grupo está a presentar tamén nos concellos, onte mesmo no meu Concello, en Pontedeume, se aprobou unha moción similar e cuns acordos tamén moi similares a

estes que hoxe traemos aquí. Polo tanto, estamos de acordo con esa reivindicación e con que, con arreglo á lexislación vixente non se cometan inxustizas ou tratos discriminatorios cuns traballadores e outros, e polo tanto por parte do noso grupo o voto vai ser favorable.

Nada máis e moitas grazas.

Sra. Muíño Filgueira

Nós pola nosa parte anunciamos tamén o noso voto favorable dando o respaldo a este proceso de demandas dun colectivo importante e forte de traballadoras que coas súas demandas e propostas ao que aspiran é a que o proceso de estabilización realmente teña un contido máis xusto e realmente cumpra con esa finalidade de estabilización, atendendo a que se valore de xeito especial a experiencia no que é o propio ente do consorcio e nas funcións que estas traballadoras veñen desenvolvendo dende hai tempo.

Sr. Rodríguez Martínez:

Bo días a todos. Saudar tamén evidentemente as traballadoras do Consorcio que nos acompañan hoxe na tribuna e compartir obviamente, como non pode ser doutro xeito, o recoñecemento que na súa intervención fixo Alberto Lema ao seu labor.

Nós non podemos apoiar esta moción nos termos literais nos que está redactada, e imos intentar explicar o porqué. A lei á que se fixo mención, esa Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, evidentemente, supuxo un cambio no sistema de acceso ao emprego público fixo, ao establecer o sistema de concurso de méritos xeneralizado como sistema para acceder a eses postos de traballo da Administración con carácter fixo, basicamente logo de acreditar a posesión dunha certa antigüidade acompañada evidentemente da posesión da titulación e dos cursos que se estimen.

Polo tanto, si que se está e o que se pretende é primar a experiencia dos profesionais das categorías que están a prestar eses servizos fronte a outras administracións. Neste caso falamos dende a perspectiva da Xunta, non tanto do propio consorcio porque están integrados xa no quinto convenio colectivo.

Polo tanto, a negociación desas bases das que ten que saír ese proceso de estabilización para o acceso ao emprego público estanse a substanciar, pero non por unha decisión discrecional por parte da Xunta de Galicia, senón por imperativo legal na Mesa Xeral de Empregados Públicos, que está composta polas organizacións sindicais que teñen representación alí, neste caso CIG, CCOO, CSIF e UGT.

O negociar nun ámbito distinto con algunha outra organización sindical significaría vulnerar os dereitos destas organizacións que si contarían, ademais hai reiteradísima xurisprudencia sobre esta cuestión, coa tutela xudicial efectiva dicindo que se está vulnerando o seu lexítimo dereito á representación. Polo tanto, tendo en conta que a folga que actualmente está convocada non está convocada por ningunha destas asociacións, pois digamos que ese é un matiz que hai que ter en conta. Quero

deixar claro xa, e insistirei ao remate da miña intervención, por suposto estamos de acordo en avanzar nese proceso de estabilización que recolle o marco legal desa lei, por suposto que si pero, evidentemente, o que tamén estamos a favor de que se avance nese proceso de estabilización, se leve a cabo conforme a legalidade que se establece evidentemente no mesmo. E, polo tanto, o persoal e as categorías profesionais do Consorcio, a día de hoxe, e logo ademais dunha reiterada reclamación que probablemente ademais tardou en verse concretada no tempo, están xa integrados de forma indivisible como parte do quinto convenio colectivo da Xunta de Galicia e, polo tanto, están vinculados ao acordo que alí se acadou e coas organizacións sindicais no ano 2017. Insisto, máis dunha década despois da creación do Consorcio, pero é un acordo que está xa dende o ano 2017. Polo tanto, a día de hoxe non ten unha representación específica fóra dese marco que establece a Mesa Xeral de Empregados Públicos.

En novembro de 2020, ademais, a Asemblea Xeral do Consorcio, que é o órgano máximo de representación deste organismo, modificou o seu artigo 31 dos estatutos atribuíndo a selección do persoal a través da Dirección Xeral de Función Pública. Isto insisto que se aprobou cunha maioría de 559 votos a favor, 16 votos en contra e 67 abstencións, significa que –insisto– a culminación dun proceso que vén sendo demandado pola propia representación dos traballadores do Consorcio practicamente dende a súa creación.

Polo tanto, como consecuencia de todos estes acordos, o que nós estimamos é que as organizacións sindicais, ou o persoal do Consorcio, está como parte do quinto convenio coas súas categorías e funcións correndo neste proceso de estabilización a mesma sorte que o persoal laboral da Xunta de Galicia.

Insisto, avanzar no proceso de estabilización que recolle esta lei, por suposto, sen ningunha dúbida; apoiar que esa estabilización chegue cando chegue, xa sabemos que vai chegar tarde pero ten que chegar, de acordo. Á marxe do proceso que realmente está establecido, entendemos que iso sería incluso contravir aquilo polo que tanto tempo levamos e levan loitando os traballadores do Consorcio, que son concorrer a un concurso, agora mesmo sería un concurso de méritos, pero sempre respectando a igualdade ao mérito e capacidade para o acceso ao emprego público de carácter fixo.

Polo tanto, apoiamos o proceso de estabilización, pero non podemos votar a favor da moción que presenta a Marea Atlántica nos termos nos que está redactada polos motivos que vimos de expoñer.

Máis nada e moitas grazas.

Sr. Lema Suárez

En todo caso é unha mágoa que non se presentase unha proposta de emenda, porque poderíamos estudala a ver se a aprobabamos ou non.

Estamos falando dunha entidade consorciada e interadministrativa, eu creo que a nivel técnico non deixa de ser lóxico que soliciten que teñan unha negociación á marxe das contidas na Mesa Xeral de Negociación, esa é unha cuestión meramente

técnica. Pero a nivel de xustiza, que creo que debe prevalecer o punto de vista de aquilo que é xusto sobre aquilo que pode ser discutible ou non tecnicamente, que insisto que para min é tecnicamente discutible o criterio de que se inclúa co resto de persoal laboral da Xunta de Galicia, o que é xusto é que reclamen que se lles valore a súa antigüidade específica no seu posto de traballo no proceso de estabilización que vén agora por diante; iso é completamente xusto para calquera.

En todo caso, ademais hai que lembrar que é por unha deixación de funcións da propia Xunta de Galicia polo que chegamos a esta situación. A Xunta de Galicia tivo 15 anos para iniciar procesos de estabilización por un procedemento que ninguén discute a vostede con eses criterios de igualdade de mérito e capacidade, non o fixo e agora o que nos di a Unión Europea, afortunadamente ás veces, é que hai que proceder por outro xeito de urxencia para dotar estas persoas da seguridade e garantía que como todo o mundo aspira a ter no seu traballo.

Nada máis e moitas grazas.

VOTACIÓN

Votan a favor: 16 deputados/as (10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: 15 deputados/as (14 do PP , 1 do PSOE - en virtude do art. 74.1 do Regulamento orgánico).

O Pleno, por maioría, aproba a seguinte moción:

Moción do Grupo Provincial Marea Atlántica de apoio ás traballadoras do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A finais do pasado ano publicase a Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público. Coa finalidade de minimizar a temporalidade nas Administracións públicas, a dita Lei contempla dous supostos:

- Un proceso de estabilización para as prazas de carácter estrutural que estiveran ocupadas ininterrompidamente polo menos nos tres anos anteriores ao 31 de decembro de 2020 (art.2), cun sistema de selección de concurso-oposición.
- Un proceso de estabilización extraordinario de emprego temporal de longa duración para aquelas prazas de carácter estrutural que estiveran ocupadas de forma ininterrompida con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2016, cun sistema de selección de concurso.

Todas as Administracións deben, para ambos casos, ter publicadas as convocatorias dos procesos de estabilización antes do 31 de decembro de 2022.

Así, a práctica totalidade das Administracións están traballando en criterios que

valoren prioritariamente, nas fases de concurso, a experiencia das persoas concursantes nas propias prazas das administracións que son obxecto da convocatoria. É dicir, nos criterios para estabilizar o posto de traballo dunha auxiliar administrativa deste concello, valorase máis a experiencia dunha auxiliar administrativa que leve ocupando a praza neste concello, que a experiencia doutra auxiliar administrativa doutro concello ou, por suposto, doutra administración diferente á local. Non facelo así, non só sería desvirtuar o sentido da Lei, senón que sería un prexuízo para a propia Administración que non obtería profesionais con experiencia contrastada para o desenvolvemento do traballo específico nas prazas convocadas.

O Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, segundo os seus Estatutos, é unha entidade de dereito público de carácter interadministrativo, con personalidade xurídica propia e diferenciada da dos entes consorciados, do cal forman parte a Xunta de Galicia e os concellos galegos que concorreron inicialmente á súa formación subscribindo o convenio do 6 de xullo de 2006, así como todos aqueles incorporados con posterioridade a través dos correspondentes convenios, segundo o previsto no artigo 33 dos seus estatutos. Na actualidade está integrado por 285 concellos e 5 mancomunidades (DOG do 1 de decembro de 2020). Por tanto, o Consorcio Galego, non é a Xunta de Galicia, e as súas traballadoras, non son traballadoras da Xunta de Galicia.

O Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar tense convertido nunha das Administracións con maior taxa de temporalidade, pasando do 90%, unha temporalidade que afecta indiscutiblemente ás mulleres, xa que mais do 95% das mais de 2000 persoas que traballan nel, son mulleres. Estas profesionais atenden a unha media anual de case 20.000 persoas e familias usuarias nos seus distintos servizos: Escolas Infantís, Centros de Día, Centros Residenciais, Vivendas Comunitarias, Oficinas de Igualdade e Benestar ou o Servizo de Xantar na casa. A Xunta ten iniciado o proceso de elaboración de criterios para a baremación de méritos das prazas do Consorcio que saen a proceso de estabilización e que afectan a 1500 profesionais.

Nos borradores que se coñecen, non valoran prioritariamente a experiencia das profesionais no Consorcio para seguir ocupando a súa praza, senón que igualan a baremación desta experiencia das profesionais do Consorcio con profesionais doutras administracións diferentes como é a Xunta de Galicia e que nunca traballaron no Consorcio. Análogamente, sería como si para estabilizar unha praza deste concello, se valorase o mesmo a experiencia no posto deste concello que a experiencia dun posto na Deputación.

Si os criterios non mudan, para unha praza de psicóloga dunha residencia de maiores do Consorcio, puntúase igual a unha profesional que leva ocupando esa praza 15 anos, que a outra psicóloga da Xunta de Galicia que leva 15 anos traballando no ámbito da prevención das drogodependencias. Para unha praza de mestra nunha escola infantil do Consorcio na que se atenden a nenos de 0 a 3 anos, valoraríase igual a unha mestra que leva 15 anos ocupando este posto, que a outra mestra que ten 15 anos de experiencia na Xunta de Galicia educando a nenos e nenas de 5 e 6 anos, pero que ten 0 experiencia con bebés.

Estas profesionais do Consorcio son as mesmas as que dende a Xunta se lles daban medallas de recoñecemento profesional polo seu traballo en primeira liña no peor da pandemia nas residencias de maiores, e pola súa atención e profesionalidade

nas residencias integradas onde se coidaba e atendía a todas as persoas maiores con COVID.

Estas profesionais iniciaron unha folga, agora que prevía estenderse durante os primeiros quince días de mes entre setembro e decembro. Unha folga a que se ven obrigadas para conseguir que na fase de concurso se lles valore con prioridade a súa experiencia e bagaxe profesional, mais que demostrada neste últimos quince anos.

Non facelo, ademais de constituír unha anomalía no cumprimento do espírito da lei 20/2021 de resarcir o dano causado polo abuso de temporalidade nas Administracións, conlevaría o desmantelamento dos equipos profesionais dos centros anteditos, e un dano económico para a propia Administración en indemnizacións que pagamos todos.

Polo anteriormente exposto, o pleno da Deputación Provincial da Coruña, adopta os seguintes acordos:

1. Instar a Xunta de Galicia a que a que cumpra a lei e negocie de boa fe co Comité de Folga, intentando chegar a acordos sobre os motivos da mesma.
2. Instar a Xunta de Galicia a que cumprindo coa lexislación vixente nos criterios de baremación de méritos no proceso de estabilización e de estabilización extraordinaria referidos, se puntúe prioritariamente a experiencia das profesionais nos postos de traballo específicos desenvoltos no Consorcio Galego.
3. Trasladar estes acordos ao Parlamento de Galicia e ao Presidente da Xunta de Galicia instando a que actúe en consecuencia e resolva esta grave problema con carácter inmediato.

Sr. Presidente

Moción que presenta o Grupo Provincial Popular na Deputación da Coruña para a creación, mellora, dinamización e ampliación dos parques infantís dos concellos da provincia, así como a creación de novas zonas de integración nos mesmos para dar resposta ás necesidades dos nenos e nenas con diversidade funcional

3.Moción que presenta o Grupo Provincial Popular na Deputación de A Coruña, para a creación, mellora, dinamización e ampliación dos parques infantís dos concellos da provincia, así como a creación de novas zonas de integración nos mesmos para dar resposta ás necesidades dos nenos e nenas con diversidade funcional

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O artigo 7 da Declaración dos Dereitos do Neno afirma que " o neno debe gozar plenamente de xogos e recreacións, os cales deben estar orientados cara aos fins perseguidos pola educación, a sociedade e as autoridades públicas esforzaranse por promover o goce deste dereito"

Así pois, reivíndícase a importancia de que nenos e nenas necesitan espazos de xogo onde compartir o seu tempo sen importar cales son as súas capacidades, onde aprendan a vivir en igualdade.

Os parques infantís son un espazo de garantía para o xogo nos espazos públicos de pobos e cidades. Son toda unha necesidade, xa que son o mellor lugar para que os nenos e maiores descansen do trafego da cidade.

Son moitos os estudos que demostraron a relación que existe entre o desenvolvemento motor social e cerebral do neno ao xogar no parque.

Todos os especialistas falan de que neses espazos abertos poden dedicar o seu tempo de lecer a exercitar a súa creatividade no xogo, moverse con autonomía e contribuír en definitiva ao seu desenvolvemento psicomotriz. Todo iso unido ao papel esencial que xogan na súa socialización debido a que nos parques infantís non só interaccionan con outros nenos senón que son espazos que serven para a aprendizaxe de valores tan importantes para a convivencia dentro dunha sociedade como son a integración e a inclusión, o compartir as cousas ou o respectar aos demais.

Doutra banda, é necesario traballar na inclusión real e eliminar a discriminación das persoas con discapacidade na nosa sociedade e entendemos que hai que dotar os espazos lúdicos infantís de novos elementos de xogo para os/as nenos/as con necesidades especiais e así conseguir que todos os parques infantís da cidade sexan accesibles para todos/as os/as nenos/as, independentemente das súas capacidades

Na nosa provincia e polas súas características climáticas, gozar con nenos/as ao aire libre, e a salvo dos arrefriados, non é tarefa fácil. Os parques infantís convértese en terreo abonado ás mojaduras, as randeiras empapadas, charcos ao pé de cada tobogán e amplos espazos para correr expostos a imprevistos ballóns. Pero hai solución como son os parques públicos cubertos. A eles non fai falta levar paraugas, porque o levan incorporado.

Coa pandemia que estamos a padecer, a procura de alternativas de lecer o máis seguras posible, converten aos parques cubertos nunha das mellores opcións: neles ventilación non falta. E os nenos dispoñen de elementos de xogo cos que entreterse.

"Un parque cuberto daría a posibilidade de poder gozar destas zonas de lecer en calquera momento do ano"

Por todo o anteriormente exposto e facendo un chamamento a todos os representantes públicos desta Corporación e ao seu sentido do deber e da responsabilidade, o Grupo Provincial Popular insta o Pleno da Deputación da Coruña, a adoptar o seguinte:

ACORDO

A posta en marcha dunha convocatoria de concorrencia competitiva destinada á :

Creación de parques infantís naqueles concellos que así o demanden.

Mellora das instalacións, pavimentos, etc, co obxecto de incrementar a seguridade dos parques para os nenos e nenas da nosa provincia.

Innovación nos novos xogos para un maior goce dos nenos e nenas no lecer ao aire libre.

Incorporación de xogos accesibles para a creación de novas zonas de integración para dar resposta ás necesidades dos nenos e nenas con diversidade funcional.

Sustentabilidade da contorna dos parques infantís para un maior goce do conxunto das familias dos parques.

Adaptación das instalacións á climatoloxía da contorna.

Sr. Ben Otero

Grazas de novo, presidente.

Esta moción que traemos, vou dar lectura aos acordos en primeiro lugar. Pedimos a posta en marcha dunha convocatoria de concorrencia competitiva destinada á creación de parques infantís naqueles concellos que así o demanden, mellora das instalacións, pavimentos, etc., co obxecto de incrementar a seguridade dos parques para os nenos e nenas da nosa provincia, innovación dos novos xogos para un maior gozo dos nenos e nenas no lecer ao aire libre, incorporación de xogos accesibles para a creación de novas zonas de integración para dar resposta ás necesidades dos nenos e nenas con diversidade funcional, sustentabilidade da contorna dos parques infantís para un maior gozo do conxunto das familias nos parques e adaptación das instalacións á climatoloxía da contorna.

Esta é unha moción que presentamos, que temos constancia de que son moitos os concellos que teñen solicitado nalgunha institución ou nalgunha outra administración axudas para parques infantís. Entendemos que, adiantándome un pouco ao que pode ser a resposta do Goberno, que coa cuestión do Plan único que son os concellos na súa independencia os que teñen que decidir a que destinan os seus recursos, pero non é menos certo que hai concellos que teñen unhas posibilidades que fan que os rapaces duns concellos teñan moitas vantaxes sobre outros. Obrigarlle a un alcalde a elixir se asfaltar unha pista, se facer unha actuación de abastecemento e saneamento, se implementar melloras de moito tipo ou facer un parque infantil ao mellor na orde das súas prioridades pois, ao final, as cousas son as que son, os recursos son os que son e ás veces non poden dar cumprimento ás necesidades que hai.

Nós entendo que desde aquí temos a posibilidade, estaría máis ben enfocada esta iniciativa para os concellos de menos capacidade, de menos habitantes, para que poidan ter e poidan fixar poboación e dar uns servizos que todo o mundo merece por igual, independentemente de onde viva e a iniciativa é coa mellor das intencións, non falamos dunha partida excesivamente elevada, non tería que ser excesivamente elevada, e non afectaría ao que é o Plan único do que se vai apelar seguramente a continuación das intervencións dos membros do Goberno.

Máis nada e grazas.

Sra. Muíño Filgueira

En primeiro lugar, imos empezar por coincidir. Evidentemente, a planificación dos espazos públicos, dende unha óptica da importancia de facilitar espazos para o lecer, para o encontro, para a socialización de nenos e nenas, e dende un enfoque de accesibilidade universal e cunha visión inclusiva, pois parece unha cuestión que deberíamos ter en mente todas aquelas persoas que traballamos dende os territorios da provincia.

Tamén é verdade esa cuestión de que a diversidade social de necesidades e de urxencias fai que as prioridades dos concellos, efectivamente, na súa planificación teñan que ser distintas e, evidentemente, poderíamos falar do interese e a importancia da existencia de máis e mellores parques infantís, pero tamén de espazos de encontro e lecer accesibles para os nosos maiores e tantas e tantas outras intervencións que derivan nunha mellora da calidade de vida.

Entendemos que, de cara a esa decisión, e respectando a autonomía local, nada impide para que cada concello a través dunha financiación que permita anticipar, planificar e que está establecida en base a criterios obxectivos, sexan os propios concellos os que establezan as súas prioridades. E marcarlle a liña dende un plan destas características, ou atendendo a calquera outra necesidade, o que fai é detraer fondos dispoñibles para esa planificación dende unha óptica de autonomía e atender aquelas cuestións prioritarias, e case é marcarlle o paso aos concellos nas súas decisións.

Tamén teño que dicir que, evidentemente, coincido en que resulta enormemente inxusto que os nenos, nenas e adolescentes ou calquera outra persoa, en función do territorio no que viva e da capacidade económica, ou do número de habitantes do seu territorio pois, efectivamente, non dispoña nin teña garantidas as mesmas oportunidades e dereitos; e non podo evitar facer esta reflexión cando, dende a Xunta de Galicia en ámbitos como a educación, a sanidade e cuestións que afectan a dereitos esenciais, pois se teña moi presente esta óptica e que o feito de onde vivas non supoña unha diferenza no acceso aos teus dereitos.

Nós non imos apoiar a moción.

Sr. Fernández Piñeiro

Menos mal, xa nos imos coñecendo, Sr. Ben. Eu titularía máis esta moción, "moción en contra do Plan único" ou "moción para cargarse o Plan único", ou "moción para defender o reparto de fondos que fai a Xunta de Galicia", ou "moción para defender o reparto de fondos que fai o Partido Popular", é dicir, calquera destes títulos é mellor, ou polo menos se achega máis á realidade do que se persegue con esta moción que o que escollestes no voso grupo para titulala.

É unha moción que confronta directamente co espírito do Plan único, que é transferir fondos aos concellos para que eles, dentro da súa autonomía e as súas necesidades, decidan en qué investilos. Calquera concello que ten necesidade de amañar un parque, pois poderá amañalo con cargo ao Plan único. Eu de feito no meu concello amañamos catro parques, tres deles con cargo, nunha época ao POS, antes

de que estivese o Plan único e outros dous, nos últimos 7 anos estou a falar, con cargo ao Plan único; cal é o problema? Vostede como xa sabía que iamos contestar co Plan único, é verdade, por iso dicía que xa nos coñecemos, adianta un argumento que non ten valor ningún: que é dicir, claro, é que o alcalde se se ten que ver na posición de elixir entre un camiño e o parque, pois igual elixe o camiño, pero é que para iso están os alcaldes, para estamos os alcaldes e os gobernos locais, para priorizar os investimentos; para iso nos elixen os veciños e as veciñas, porque se agora ten que ser outra Administración a que lle priorice os investimentos aos alcaldes, pois para iso con ter alí un funcionario xa chega. Nós estamos para tomar decisións e precisamente como estamos para tomar decisións non pode ser a Deputación a que tome a decisión por un alcalde. Sobre todo, porque que pasaría con aqueles alcaldes que teñen os seus parques en boas condicións, acondicionados, adaptados á normativa de accesibilidade, non poderían acceder a esa subvención e outras necesidades que teña ese concello non poderían ser cubertas, por que?, pois porque eses fondos van só para parques e iso é o que nós non compartimos, e iso é o que vostedes queren. Vostedes non comparten o espírito do Plan único, a vostedes gústalles máis o modelo da Xunta no que os investimentos se dirixen, e ese modelo dos últimos tempos que todos e todas coñecemos de orde de chegada, que xa sabemos o que pasa, que despois se esgotan os fondos en 3 minutos, porque se abre a convocatoria ás 12.00 h da noite cando non hai ninguén nos concellos, e porque todos e todas sabemos que se avisa con anterioridade aos concellos de certa cor política para que poidan ter os proxectos preparados e, polo tanto, chegar antes que o resto dos concellos, e de aí que, a pesar de que o Partido Popular ten menos concellos que o resto de partidos en Galicia, o 90% das achegas sempre caen en concellos do Partido Popular.

(Regresa ao salón a Sra. Lamas Villar).

Por tanto, dicía o refrán: *hecha la ley, hecha la trampa*; claro que aquí non picamos. Pero, bueno, xa están vostedes unha vez máis cunha proposta, como digo, que vai encamiñada a volver ao sistema anterior de dirixir os investimentos e de atentar directamente contra a autonomía local. Nós o que defendemos é que un concello ten maioría de idade suficiente para poder decidir en que quere investir os seus fondos, e se algún alcalde considera que ten que ser nun parque, pois terá que priorizar ese parque, porque todos os días os que estamos á fronte das administracións priorizamos investimentos, porque nin o Goberno do Estado, nin a Unión Europea, nin as comunidades autónomas, nin as deputacións, nin os concellos temos recursos para asumir o cento por cento das necesidades que teñen os nosos veciños e veciñas. Polo tanto, para iso nos elixen a nós, para dentro desas necesidades, cos medios dos que dispoñemos, ir satisfacéndoas pouco a pouco e priorizar unhas fronte a outras, ese é o labor de calquera representante público e dos alcaldes tamén o é.

É curioso tamén que de máis de 3.000 obras que se levan financiadas co Plan único só 86 foron para parques infantís. Quere dicir que hai moitos alcaldes que, ou ben teñen os parques no seu concello de marabilla ou non consideran que os teñan que amañar, ou non consideran que sexa necesario adaptalos se hai que adaptalos... É dicir, a prioridade márcana os alcaldes e os gobernos locais, e non están priorizando os parques; polo tanto paréceme un pouco de Perogrullo este novo intento

de socavar o Plan único, que xa sabemos que no fondo a vostedes non lles gusta, de portas para fóra, de portas para dentro asegúrolle que os seus alcaldes están encantados todos co Plan único, porque reciben moito máis do que recibían en etapas anteriores, cando aquí se sacaban plans que por exemplo priorizaban o investimento nas cidades, como aquel plan famoso que se sacou na época do Partido Popular aquí cando se intentaba manter o Goberno das cidades de Ferrol, da Coruña e de Santiago e que desgraciadamente non foi así, de pouco serviu, pero detraían fondos doutros concellos pervertendo o espírito dunha deputación, que é colaborar cos concellos pequenos para que poidan igualarse na prestación de servizos cos grandes; bueno, pois cando vostedes estaban aquí, sacaron un plan que favorecía ás grandes cidades, porque o criterio no reparto de fondos era de poboación. Entón xa sabemos todos e todas, non hai que disimulalo, que non lles gusta a vostedes o Plan único e que son partidarios desa forma de repartir os fondos públicos. Polo tanto, eu plantéxolle unha emenda, aínda así votarei en contra, pero plantéxolle unha emenda para ser un pouco máis realistas, e é que a moción se chame “moción en contra do Plan único”, entón nós estaríamos todos un pouco máis claros e máis seguros do que se vai votar.

Dende logo, comprenderá que o meu grupo non vai votar a favor nin desta moción nin sequera da moción cuxa emenda lle acabo de trasladar a vostede.

Nada máis e moitas grazas.

Sr. García Seoane

Eu xa me manifestei na comisión que tivemos dos representantes políticos. A min paréceme moi ben vir aos plenos e propoñer cada vez que se vén ao pleno pois un plan, e máis cando están as eleccións aí ás portas, que faltan seis, sete meses para elas. Paréceme que a Deputación ten uns plans definidos, o POS+ tamén ten un plan para pequenos concellos, onde non entramos os que temos máis de 20.000 habitantes, e aí é onde os alcaldes e as corporacións teñen que tomar as súas decisións de que é o que queren, porque eu acórdome daquel plan que tiña a Deputación cando estaba aquí Lendoiro, piscinas para todos, e hai charcas por toda a provincia, charcas, que non piscinas, que nunca se utilizaron, e estragouse unha cantidade de diñeiro inmensa excepto algúns como Oleiros que fixemos unha piscina en condicións, pero outros concellos non o fixeron, e nós fixémola porque nós aportamos ademais unha parte importante para que aquela obra fora adiante. Pero non se pode..., xa digo, cara ás eleccións podemos propoñer aquí mil cousas que pode quedar moi bonito cara a galería. O tema é que nesta Deputación hai un problema; presidente, nesta Deputación hai un problema, que cando debatemos cousas só sae o que quere o xefe de prensa da Deputación, e cando se tocan temas, este para min non é para saír na prensa, pero cando hai temas que teñen enxundia e que son temas interesantes a debater, hai que facer ver a todos os membros que están sentados aquí coas súas portavocías e sacar os temas, e non reduci-lo á noticia que lle interesa a un. Iso paréceme moi mal, xa o teño comentado outra vez e creo que temos que limar esa situación dicíndolle ao xefe de prensa aquí que dea as noticias que ten que dar, porque como a prensa non vén aquí, pois non se entera, logo dámoslle unha nota feita e parece que aquí non pasou nada, entón, hoxe por exemplo tocamos un tema, eu non intervín porque non tiña que intervir, porque onte

no meu Pleno do Concello de Oleiros aprobouse esta mesma moción que antes presentaba o Sr. Lema, por tanto, xa a debatín onte, tiña claro o que ía facer, pero son temas importantes, esta é unha noticia importante, defender uns traballadores e quen votou a favor deses traballadores e quen vota en contra. Por tanto eu creo que iso hai que subsanalalo, díxeno varias veces, estamos acabando a lexislatura, non me fixeron puñetero caso. Por tanto, eu rogaría que nese aspecto tal.

E, volvendo ao tema que me levou a intervir, creo que calquera grupo, eu teño 62 parques infantís en Oleiros, o mantemento deses 62 parques infantís é inmenso, porque ademais cada día sae normativa, que se non sei que, que se o cravo número 3, se o solo ten que ser en vez de esponxa, cáscara, etcétera. Está toda Europa con cáscara e aquí temos que poñer cortiza; cortiza non, un material sintético nos parques. Agora ao parecer aquí os nenos xa non poden caer dun columpio, nin tocar a herba, xa non hai area nos parques infantís, non porque, se defecan os cans..., non leves un can a defecar ao parque infantil, para que o teu neno non se encha de caca. Pero estamos nunha posición que, se seguimos por ese ritmo, non vai haber cartos que cheguen para administrar os concellos.

Por tanto, eu creo que os plans que ten a Deputación, ao mellor hai que crear outro plan, pero xeral se hai diñeiro, se houbese diñeiro, e dicir, bueno, pois outro fondo para que os concellos o gasten naquilo que crean conveniente. Xa o estamos facendo no POS+, tamén se di vostede pode poñer obras pero tamén pode poñer unha parte para gastos da Administración local, que cada día son máis inmensos. O tema da electricidade está afectando moitísimo aos concellos, algúns tamén non toman medidas; eu pasei, non vou citalo, porque non quero aquí, pero acabo de pasar estes días por dous concellos que podía ler o periódico de noite polas carreteras, e iso tampouco pode ser; tamén hai unha mala administración nos concellos e despois quéixanse de pagar facturas.

Por tanto, pode haber outros plans xerais, pero para temas onde elixan as corporacións ou os gobernos, pero de dicir plan tal para isto, máis charcas non. Por tanto, eu vou votar que non. Estou de acordo cos parques infantís, creo que os municipios teñen dereito, os máis pequenos que non teñen de nada, pero tamén hai que analizar outra cousa, falamos continuamente da desertización, do abandono dos pobos. Eu que coñezo Galicia de punta a chicote, pola miña profesión mameino durante moitos anos, aínda na actualidade a percorro, hai municipios en que a cabeceira do municipio ao mellor non ten 10 nenos, a cabeceira do municipio. E xa non digamos calquera aldea dese concello en concreto. Isto quere dicir que non ten que ter un parque infantil? Pois non sei, terao que analizar a corporación, pero tamén temos que ser serios nese aspecto, hai necesidades moito máis urxentes, como é o alcantarillado, que media Galicia non ten alcantarillado, a traída de augas, que o 70% son captacións artesanais daquela maneira, e moitas outras cousas. As carreteras, os camiños, iso é o que realmente necesita primeiro o veciño e despois... Primeiro pan, sanidade e despois festas.

Nada máis.

Sr. Ben Otero

Rápidamente, Señor García Seoane usted, sin querer, porque estoy seguro de

que no era su intención, me está dando la razón. Primero pan y después fiestas. Usted no sé cuántos parques infantiles tiene, está haciendo 3 dijo el otro día, 5 nuevos este año, con lo cual los niños de Oleiros están encantados de la vida. Claro, hombre, claro, porque usted, no usted, usted lo que recauda de IBI cada año en su municipio le da para ser el rey del mambo, pero los demás no son así. Entonces un niño de Oleiros puede tener unos servicios que un niño de otros sitios está condenado a no tener. Ahora viene a hablar, a decir: claro hay que invertir en alcantarillado y abastecimiento. Oiga, nosotros trajimos una moción aquí. Me voy a interesar por lo que votó usted, estoy seguro de que al ser nuestra votó en contra, por una cuestión ideológica, así es como entiende usted las cosas, pero hemos traído una moción aquí específica, porque el abastecimiento y el saneamiento, efectivamente, es una competencia estrictamente municipal, estrictamente municipal. Es decir, de los ayuntamientos y de esta institución, en los que la Xunta afortunadamente por el bien de todos asume competencias impropias y hace una importante inversión cada año. Pero, bueno, queremos condenar a los que no tienen a no tener y a los que tienen que tengan más, es una forma muy progresista, entiéndase la ironía, de ver la vida. Oiga, ustedes véanla así, nosotros lo vemos de otra manera porque, claro, cuando decimos "no, estamos la autonomía municipal", pero quién está hablando de eso, oiga 220 millones en el banco, 27,5 de ejecución presupuestaria a 30 de septiembre, y una proyección máxima del 42,4, de esto hablaremos largo y tendido en el pleno de presupuestos. Amigo, eso en el capítulo de gastos, pero en el capítulo de ingresos 97,5 a 30 de septiembre y, oiga, espántense ustedes 118,5 sobre lo proyectado en el capítulo de ingresos a final de año. Claro, en una institución como ésta no hay defecto de recursos económicos, hay un defecto gravísimo de gestión. Podríamos hacer muchas cosas con el Plan único, por supuesto, pero más cosas que el Plan único, yo no quiero condenar a quien no tiene a no tener nunca, ni quiero condenar a quien no tiene servicios a no tenerlos y a ser siempre una entidad menor con respecto a otros ayuntamientos que a lo mejor están a 20 minutos en coche. Yo no me resigno a eso, porque, si me resignara a eso, no estaría aquí. Oiga, pero no pasa nada, ustedes votan lo que quieran, nosotros evidentemente votaremos lo que tenemos que votar y haremos lo que tengamos que hacer y falta cada día menos para poder hacerlo.

Señor Fernández, el otro día se me coló, porque en el medio de las muchas cosas que dice usted, pues me despisté en una de ellas, y hoy vuelve a insinuar medio lo que dijo el otro día, de que tenemos menos ayuntamientos. Sí, sí, posiblemente, es verdad; gobernamos en 36 ayuntamientos de la provincia de A Coruña. Oiga, pero nosotros hemos ganado las elecciones con mucha claridad en la provincia de A Coruña en las elecciones municipales, con mucha claridad, con la diferencia de que todos contra uno también luego da mucha independencia para hacer las cosas cuando uno tiene responsabilidades de gobierno. Nosotros hemos ganado las elecciones municipales del año 2019 con mucha diferencia, se ve en este salón de plenos, donde tenemos 14 diputados frente a los 11 que tienen ustedes y en el conjunto de los votos de la provincia de A Coruña. Eso quiero que quede claro porque, a veces, podemos entender que no, que no ha sido así. Que ganamos las elecciones en A Coruña, que ganamos las elecciones en la ciudad de Ferrol, donde menos de 1.000 votos prohíben a una persona gobernar en una ciudad rondando la mayoría absoluta, esa es la realidad, nuestra realidad, la asumimos, y ya le anuncio que vamos a ganar las elecciones municipales del 28 de mayo con bastante más claridad de las que ganamos las elecciones del año 2019.

Nada más y gracias.

Sr. Lema Suárez:

A ver, isto un pouco meténdome onde non me chaman e tamén unha cuestión que creo que é conveniente. O sistema electoral español non é de dobre volta, non é plebiscitario, é parlamentario, as maiorías confórmanse nos plenos, non se conforman nas urnas, é de segunda orde, non é un sistema de dobre rolda, non é o sistema francés, non é un sistema presidencialista, é un sistema parlamentario. Polo tanto, as únicas maiorías que contan son as que se conforman nas cámaras e nos parlamentos. Dígoo porque é un discurso que escoito moitas veces pero que é falso, é un sistema parlamentario, as maiorías que contan son as que se conforman nos plenos, nos congresos, nas cámaras municipais e onde toque.

Nós estamos, por suposto, a favor de que todos os nenos teñan o mesmo dereito na nosa provincia, por tanto, evidentemente, co espírito da moción estamos a favor, estamos a favor de que por suposto haxa áreas de esparcemento infantís. Non consideramos desde logo que teña a mesma xerarquía que o abastecemento de auga e das fecais, creo que son cuestións distintas, desde logo. Incluído en Aldemunde, como se falou o outro día. Pero creo que o caso de Aldemunde expón perfectamente a cuestión. Creo que ten que ser o concelleiro ou ten que ser o alcalde o que estime cales son as súas prioridades, que son aquelas cuestións, porque ao mellor precisamente ten máis necesidade de ir ao saneamento da auga ou ao abastecemento da auga que a un parque infantil. Entón, como penso que os alcaldes os escollen porque tenden a facer as cousas ben e repiten no seu posto se fan as cousas ben, pois confiemos no criterio dos alcaldes, como aquí se ten exposto, e dos seus concelleiros. E nós, polo tanto, non podemos apoiar tampouco esta moción.

Sr. Fernández Piñeiro

Repetíndome un pouco no que dixen, vemos un novo ataque ao espírito do Plan único. Neste caso metemos os parques infantís porque están vinculados cos nenos e iso no subconsciente sempre entenrece un pouco o que o escoita, é dicir, pobres nenos de concellos pequenos que non poden desfrutar de parques porque a Deputación non ten un plan de parques, que pena! A verdade que iso, dito así, a calquera de nós case nos estremece o corazón, señor Ben, á parte vostede niso é moi bo, porque o entoa con certo ton así un pouco cadencioso que lle dá un tema de penurias e de telenovela que está moi ben. Pero a realidade despois é a que é.

E chámame a atención que sexa vostede mesmo quen faga unha alusión e unha defensa de axudar a aqueles que non teñen, e eu non quero que aqueles que non teñen, que parece lo de *Lo que el viento se llevó*, unha cousa tan bonita, cando vostedes gobernando nesta institución aproban o plan DTC-93 que precisamente o que facía, sabe que era?, darlles os cartos aos que máis tiñan, que eran as grandes cidades, e quitárnolo aos concellos pequenos. É unha pena que naquel momento non sentise vostede tanta compaixón por eses pobres que non teñen e para poder igualalos con aqueles que teñen, que están nas grandes cidades e nos concellos ricos. Parece que, dependendo de se estamos no goberno ou na oposición, os nosos sentimentos cara aos máis desfavorecidos van mudando, sobre todo se cando goberna a cidade está o Partido Popular que, loxicamente aí aos demais xa nos

poden dar mate, que dicía a miña avoa. Pero, en todo caso –repito–, se hai unha necesidade, os alcaldes están para cumprir cos seus veciños e, polo tanto, se é perentorio que haxa un parque nese concello, poderá habelo con cargo ao Plan único.

Voulle poñer un exemplo, partindo diso que dicíamos dos que reciben máis e menos. No meu Concello, cando estaban vostedes gobernando, recibiamos de POS douscentos e algo mil euros ao ano. Agora estamos a recibir case 600.000, máis o adicional; estamos a recibir moitos máis fondos co Plan único do que recibiamos con vostedes. Polo tanto, un argumento máis para desmontar esa proclama que fai vostede sobre os máis necesitados porque, se tanto lle preocupan, por que non dotaban vostedes o POS con máis fondos?

E volve coa matraca do banco, que xa non vou insistir nada máis con iso porque xa nos repetimos máis que o allo con ese tema, pero, home, esta Deputación ten un orzamento de 180 millóns de euros o ano pasado, case reparte 100 millóns de euros no Plan único, 100 millóns de euros no Plan único. Sabe canto repartían vostedes no POS? 20 millóns dun orzamento de case 200 cun criterio obxectivo, 20 millóns fronte a 100 millóns que repartimos con criterios obxectivos este Goberno. Polo tanto, a preocupación, se é unha cuestión cuantitativa, en canto a que o que non ten teña máis, pois multiplicamos por 5 a súa vontade de axudar a aqueles que non teñen, porque vostedes só daban 20 millóns, e o resto repartíano cunhas subvencións nominativas, que todos sabiamos a quen ían parar, que non se correspondían co reparto do mapa municipal desta provincia, senón que o noventa e pico por cento caían en concellos do Partido Popular, cando non gobernaban vostedes o noventa e pico por cento os concellos; que é o mesmo *modus operandi* que teñen vostedes na Xunta, que é repartir os fondos nunha parte importantísima do noventa e pico por cento naqueles concellos onde vostedes gobernan. E iso, mirando estes días, sen ir máis lonxe, o borrador dos orzamentos da Xunta un pode saír de dúbidas a ese respecto que, quitando algúns sitios contados, entre eles o meu Concello, tamén teño que dicilo, a maioría deles caen por bisbarras se facemos unha análise casualmente en concellos do Partido Popular, moitos deles concellos grandes, cabeceiras de comarca, fronte a eses concellos pequenos que vostede di que son os parias da sociedade, aos que a Xunta de Galicia non atende nos seus orzamentos.

E despois hai outro mantra que repiten vostedes constantemente, que é o mantra do saneamento, que é unha competencia municipal desta institución. Iso non é verdade. Iso é moi matizable. A competencia municipal é de prestar o servizo, as infraestruturas non son unha competencia exclusivamente municipal porque, se fose exclusivamente municipal, as depuradoras que está custeando Augas de Galicia con recursos propios contratando a propia Augas de Galicia esa obra sería ilegal; e, se fose como vostede di, a Unión Europea, que por certo non é a Xunta de Galicia, a Unión Europea, que é a que lle transmite a maioría deses fondos á Xunta para o saneamento, teríallos transferido aos concellos e non á Xunta de Galicia. Polo tanto, non me faga trampas: a competencia en saneamento, na prestación do servizo é municipal, pero nas infraestruturas non. Por iso vostedes reciben fondos da Unión Europea e invístenos naqueles concellos nos que lles interesa investilos en materia de saneamento; e recórdolle, como recordei no último pleno, o que me pasara a min, que había alguén en Augas de Galicia que prefería devolver os fondos a Europa a darnos ao meu Concello dicíndome que non había cartos. E despois resulta que ao

mes seguinte estou coa conselleira, naquel momento Beatriz Mato, e había un proxecto de 4.200.000 euros que se financiou no meu Concello; por tanto, aquela persoa prefería perder os fondos, que iso é un exemplo do *modus operandi* do Partido Popular na Xunta de Galicia que padecemos tantos e tantos alcaldes, os que teñen concellos ricos, os que teñen as cidades que non son do Partido Popular e os que temos concellos máis pobres e concellos pequenos.

Polo tanto, aplíquense vostedes o conto e, se un é tan sentimental e se sente tan achegado a aqueles que sofren, debe facelo cando está na oposición, como facemos os demais cando estamos na oposición e criticamos ese plan DTC, pero tamén cando está no goberno; e en lugar de manter aquel plan DTC para favorecer a cidades que agora están gobernadas polo meu partido, dixemos non, non, non, a pesar de que estean gobernadas polo noso partido, imos facer un Plan único que o que fai é darlles máis fondos a aqueles que máis os necesitan e que cumpre co último obxectivo que ten unha deputación, que é axudar aos concellos de tamaño pequeno e tamaño medio. Iso é o que fixemos nós e iso sabe como se chama vostede? Chámase coherencia, o resto é outra cousa que ten outro nome que todos e todas temos en mente e que non vou reproducir porque penso que non é necesario, somos todos o suficientemente intelixentes.

Nada máis e moitas grazas.

Sr. Ben Otero

Dos datos, señor Fernández. Se ponga usted como se ponga, el abastecimiento y el saneamiento son una competencia municipal, y la Xunta de Galicia está asumiendo competencias impropias, lo cual no quiere decir que esté siendo o actuando de forma ilegal; esto es un poco, no nos tome el pelo.

100 millones la Diputación Provincial, pero si el presupuesto de la Diputación está más cerca de los 500 millones en el consolidado. No haga usted, por favor, es que... Y ya digo, va a tener que insistir mucho, va a tener que andar mucho, y va a tener que enfatizar mucho y luego lo que es más complicado, va a tener que hacerse un poquito más creíble porque lo que es medible no es opinable, y los datos están ahí, los datos de ejecución presupuestaria, firmados por el señor interventor. Y no tengo ninguna duda de que se ajustan pura y duramente a la realidad de esta institución. Pero no es de este año, es del anterior y del otro, y el otro, y el otro, y el otro.

Mire, cuando se está en primero de gestión hay este problema, evidentemente, yo también estaré, incluso ni en primero, aspirando, pero hay gente que sabe gestionar y acreditará que una institución con los recursos que tiene esta casa no puede hacer lo que está haciendo en los últimos años, es una auténtica vergüenza. Menos mal que el tiempo va pasando y pronto las cosas van a cambiar.

Nada más y gracias.

Sr. Fernández Piñeiro

Vexo que dos parques xa non falamos, o cal me reafirma un pouco nos meus

argumentos. Estamos a falar do tema do banco e demais, pero nada, xa o invitei a última vez a que presente unha proposta para que a Deputación estableza un prazo máximo para executar os fondos do POS e verá vostede como eses cartos desaparecen do banco e volven estar na caixa da Deputación para volver a repartilos. A ver se os seus alcaldes que teñen obras sen executar están de acordo. Simplemente aquí o único que terxiversa os datos para levalos ao seu lado é vostede. Explicouse e hai datos nese informe e nos distintos informes dos departamentos económicos desta Intervención onde di de quen son eses cartos e non son do Goberno, son dos concellos que os teñen sen executar, entre outras cousas porque moitas das autorizacións sectoriais que dependen da Administración que vostedes gobernan, que é a Xunta de Galicia, tardan *la intemerata*. Polo tanto, aplíquese vostede o conto e vaia facelo alí.

Pero en todo caso, repito, alégame bastante que non falemos xa dos parques e que falemos do tema dos cartos que ten a Deputación, porque non entendo cal é a relación entre iso e un parque infantil, sobre todo porque os alcaldes que teñen os cartos no peto deciden non gastalos en parques, non sei como podemos facer ou se vostede o que pretende é que con eses cartos se propón subornar o alcalde para que faga o parque, que igual podemos sacar un plan de subornos tamén a alcaldes para fomentar parques infantís na provincia cos fondos que temos no banco. Postos a dicir cousas absurdas, pois vamos xogar todos ao mesmo xogo.

Moitas grazas.

VOTACIÓN

Votan a favor: 14 deputados/as (PP)

Votan en contra: 17 deputados/as (11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

Sr. Presidente

Seguinte moción, do PSdeG-PSOE e BNG para instar a Xunta de Galicia a que cumpra co Pacto e o Fondo de Cooperación Local.

4.Moción do PSdeG-PSOE e BNG para instar á Xunta de Galicia a que cumpra co Pacto e o Fondo de Cooperación Local

Os grupos provinciais do PSdG-PSOE e BNG, ao abeiro do artigo 71.3 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial da Coruña, desexan someter a consideración do Pleno a seguinte MOCIÓN

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A economía global está inmersa nunha crise inflacionista a consecuencia dunha pandemia e da invasión de Ucraína; crise que afecta principalmente a materias

primas, e, en xeral, á enerxía.

Esta crise impacta de xeito xeralizado a todos os axentes económicos, tamén ás administracións públicas, e moi directamente no caso das administracións públicas locais.

As administracións locais están a sufrir un incremento dos custos aos que teñen que facer fronte, tanto en investimentos como tamén no gasto corrente, que está a experimentar un crecemento extraordinario. Este incremento do gasto minorará irremediabilmente os recursos das facendas locais destinados a atender as necesidades da veciñanza, particularmente, as de carácter social.

Pois ben, dende a súa chegada ao goberno da Xunta de Galicia, as políticas desenvolvidas polo Partido Popular só se caracterizan polo desprezo ás administracións públicas locais.

Nestes anos, o goberno autonómico ven incumprindo dun xeito sistemático os acordos incluídos no Pacto Local, desatendendo as peticións da FEGAMP, ignorando as necesidades das entidades locais, e sobrecargando aos concellos con competencias impropias sen dotalos dos recursos precisos. Dándose o paradoxo de que a cidadanía reclama aos concellos servizos públicos que son competencia da Xunta de Galicia.

Así as cousas, dun xeito conveniente para o goberno popular da Xunta de Galicia, os concellos son administracións de segunda categoría cando esixen que se actualice o seu financiamento, pero pasan a ser responsables cando se trata de dar resposta inmediata aos/ás cidadáns/ás.

O pasado día 20 de outubro a Xunta ven de presentar ante o Parlamento de Galicia o seu proxecto de orzamentos para o vindeiro ano 2023. O proxecto presentado mantén para o Fondo de Cooperación Local a partida base, que leva dez anos conxelada en 113 millóns de euros, mentres duplica a adicional, que pasa de 12,9 a casi 30,5 millóns de euros.

Deste xeito, entre o fondo base e o adicional a cuantía total asignada ao Fondo de Cooperación Local ascende a 143,5 millóns de euros, un 14% máis que no ano anterior, con 17,4 millóns de euros adicionais. É sabido que este fondo adicional corresponde a gastos condicionados que non respectan a autonomía local, e normalmente refírense a competencias que son propias da comunidade autónoma.

A FEGAMP leva anos reclamando un aumento da financiación base, necesaria para que os concellos poidan desenvolver as súas competencias. Esta reivindicación conta co respaldo de todos e cada un dos 313 concellos galegos.

Se nun contexto económico ordinario é unha obriga da Xunta de Galicia garantir un adecuado financiamento das entidades locais, aínda con máis motivo será no medio dunha crise inflacionista como a actual. Resulta imprescindible que a Xunta de Galicia recoñeza as especiais dificultades ás que están a facer fronte os concellos co incremento de custos, e que aposte polos concellos e asuma o compromiso de darlle unha solución ao reparto dos recursos, como así fai o Goberno Central, que sí ven de aumentar a PIE.

Polo anteriormente exposto, e como firmes defensores da necesidade de abordar

unha actualización da Lei das Facendas Locais que permita aos concellos asumir o custo real da oferta de servizos públicos que demandan os galegos e as galegas, os grupos provinciais PSdeG-PSOE e BNG propoñen ao Pleno da Deputación da Coruña a adopción do seguinte:

ACORDO

Instar á Xunta de Galicia a:

1. Que respecte o Pacto Local, así como todos os acordos firmados coa FEGAMP e as entidades locais.
2. Que comece a elaborar unha Lei autonómica de participación das entidades locais nos ingresos da Comunidade Autónoma.
3. Que, mentres a devandita Lei non se aproba, incremente a contía do Fondo de Cooperación Local, particularmente nos orzamentos para o ano 2023, agora en tramitación, coa finalidade de dar resposta inmediata ao extraordinario incremento do gasto como consecuencia da alza dos prezos, así como que o Fondo teña en conta a todas e cada unha das entidades locais.

Sr. Fernández Piñeiro

Agora que estamos xa nun monográfico de financiación local, pois imos seguir coa mesma temática. Traemos unha moción ao pleno relacionada con ese fondo de cooperación local da Xunta de Galicia, ese fondo no que a Xunta de Galicia transfere fondos, valla a redundancia, aos concellos cun criterio obxectivo –menos mal que ten algún–. Un fondo que, por certo, leva conxelado desde hai 10 anos. É dicir, a Xunta de Galicia aporta na súa partida base 113 millóns de euros dende hai 10 anos, independentemente da conxuntura económica, independentemente do orzamento da Xunta de Galicia e independentemente das transferencias do Estado que lle chegan á Comunidade Autónoma. A Xunta de Galicia leva conxelada dende hai 10 anos a aportación que fai aos concellos de Galicia a través dese fondo, na partida básica, que despois explicarei a outra partida adicional porque se incrementa, que ten trampa.

Trasladando iso á comparativa coa Deputación Provincial da Coruña, pois aquí seguiríamos co POS de 20 millóns de euros, porque hai 10 anos era máis ou menos o que repartían vostedes cando estaban gobernando aquí se conxeláramos, como a Xunta de Galicia, ese fondo de cooperación, que é tan necesario para que, señor Ben, os concellos teñamos máis cartos e poidamos facer, entre outras cosas, parques infantís, fíxese vostede.

Pero, desgraciadamente a Xunta de Galicia xa non é tan sensible como vostede con eses pobres nenos de concellos pequenos que non teñen capacidade para poder igualarse en servizos cos das cidades e, polo tanto, que fai?, conxelar o fondo de cooperación. O que incrementa o fondo de cooperación é o plan adicional, que neste caso si se incrementa nun 8,5% con respecto ao ano anterior. Pero, claro, dito así, ti colles o fondo de cooperación e dis: bueno, son cento e pico millóns de euros, pois si, é verdade, a Xunta incrementa, vale. Pero vamos agora facer a análise: a partida inicial, a que digo desa partida base, son 113 millóns de euros que se

reparten con criterio obxectivo entre todos; e logo está a adicional, que é a que incrementa a Xunta, que casualmente sabe vostede para que vai?, vai para pagar aqueles gastos que son de competencias da Xunta de Galicia e que están asumindo os concellos. Por exemplo, centros de saúde que asumen os concellos; retirada de niños de velutina, competencia autonómica; limpeza de faixas forestais, competencia autonómica; concellos que teñen cárceres, competencia dende logo local ningunha; concellos que teñen conservatorios de grao medio, competencia que tampouco é municipal. Entón, collen eses cartos dese fondo e con iso pagan o que é competencia da Xunta de Galicia; é dicir, primeiro conxélanos os fondos e despois quítannos máis fondos para pagar o que é competencia deles, e por encima de todo, e isto é o mellor de todo este asunto, véndennolo como un gran favor no que incrementan os fondos do plan de cooperación local. Dende logo a persoa que establece esa estratexia é un fenómeno, é un fenómeno se os que estamos aquí nos chupamos o dedo, pero como non nos chupamos o dedo non coa.

Polo tanto, o que vimos propoñer hoxe con esta moción, e vou dar lectura dos acordos, é:

Primeiro, que a Xunta respecte o pacto local que leva incumprindo desde que o señor Feijóo estaba á fronte do Goberno autonómico e agora o señor Rueda, así como todos os acordos firmados coa FEGAMP e as entidades locais. Por certo, por unanimidade na FEGAMP solicitouse e aprobouse que se solicitara á Xunta, valla a redundancia, que se amplíe ese fondo.

Que comece, punto dous, a elaborar unha lei autonómica de participación das entidades locais nos ingresos da Comunidade Autónoma –estaría ben, porque eu me cansei moitas veces de escoitar falar ao señor Feijóo, e agora ao señor Rueda, nos medios de comunicación de a ver cando se fala de financiación autonómica, pero estaría ben que empezásemos a falar tamén de financiación local, porque iso é importante–.

E terceiro punto, que mentres que a dita lei non se aproba, incremente a contía do fondo de cooperación local, particularmente nos orzamentos para o ano 2023, agora en tramitación coa finalidade de dar resposta inmediata ao extraordinario incremento do gasto como consecuencia da alza dos prezos, así como que o fondo teña en conta todas e cada unha das entidades.

O Goberno do Estado, nestes orzamentos que son tan malos para Galicia, incrementa un 24% as transferencias para as comunidades autónomas. Sen embargo, a Xunta de Galicia non incrementa un 24% as transferencias aos concellos a través do fondo de cooperación, de feito, conxélao, na totalidade dos concellos conxélao, a excepción deses gastos que son en concellos moi concretos. Polo tanto, se son tan malos aqueles orzamentos, estes teñen que ser pésimos, porque aqueles polo menos transfiren un 24% máis de fondos á autonomía que, por desgraza a autonomía non vai reverter ou a repercutir, perdón, no resto dos concellos.

Todos somos coñecedores de que aos concellos esta situación económica que estamos a vivir, de incremento dos prezos dos materiais de construción, dos servizos, de enerxía, nos está pasando factura. Calquera dos alcaldes ou alcaldesas que poidan estar aquí saben perfectamente o que nos está descadrande o orzamento o gasto

de enerxía eléctrica sobre todo.

A Xunta de Galicia non é sensible a esa situación; podería dicir: oia, pois xa que vou recibir máis cartos do Estado, xa que a maiores disto estou recibindo cartos dos Next Generation, que podo utilizar para outro tipo de investimentos, pois vamos coller fondos da Xunta de Galicia dese orzamento, que ademais se incrementa con respecto ao orzamento do ano pasado, un orzamento actualmente creo que é de doce mil e pico millóns de euros, se mal non recordo, e con eses cartos vámoslles dar algo máis aos concellos para que a través do plan de cooperación poidan facer fronte a eses gastos extraordinarios. Por certo, algo que si fixo este Goberno da Deputación ao longo desta crise e aportando máis cartos e fondos adicionais para que os concellos puideran asumir os distintos sobrecustos na pandemia e agora, algo ao que a Xunta de Galicia nese caso non é sensible, é unha pena que non sexan tan sensibles como é vostede.

Polo tanto, o que nós solicitamos aquí é algo de xustiza defendendo o municipalismo, e é que a Xunta de Galicia incremente ese fondo e que cumpra co pacto local que hai asinado no seu día e que asuma as competencias que son súas e os gastos derivados das mesmas, e que non nolos cargue aos concellos, porque neste plan adicional é verdade que están os gastos dos centros de saúde, da retirada dos niños de velutina, etc., pero, por exemplo, os de mantemento, conservación dos centros educativos, conserxería e limpeza non están incluídos. Por tanto, tamén estaría ben que, en aras de que os concellos poidamos ter máis cartos e por tanto poder facer, entre outras, cousas parques infantís para os nenos, pois a Xunta de Galicia asumira o que son os custos derivados das súas propias competencias e non nolos cargue aos concellos, que ao final temos que detraer fondos dos nosos propios orzamentos e das nosas competencias propias para asumir aquilo onde non gasta a Xunta, unha Xunta que, como digo, incrementa o seu orzamento e que ademais –e xa remato– verá incrementadas participacións que neste caso o Estado, as transferencias que o Estado lle realiza, nun 24% no ano 2023.

Nada máis, moitas grazas.

Sra. Muíño Filgueira

Bueno, ademais de, non me vou estender, pero si que quería empezar xustamente ao fío da moción anterior. Evidentemente, se alguén é consciente das necesidades e da desigualdade que se crea no territorio, somos as corporacións locais, alcaldes, concelleiros e concelleiras, equipos de goberno. Tamén é verdade que facemos fronte moitas veces a necesidades que implican dinamizar, ofrecer servizos, dar unha boa calidade e ademais moitas veces asumindo moreas de servizos que, evidentemente, se ben non son nosa competencia, custan diñeiro e detraen dos nosos fondos para manter uns servizos adecuados e de calidade, como é a atención á dependencia, implementar servizos de conciliación ou agora durante todo este ano asumir, en especial desde setembro, o que é a gratuidade das escolas infantís de forma íntegra sen recibir un só euro para compensar este gasto extraordinario.

A maiores de todo e durante este ano, nalgún pleno apelouse á sensibilidade dos gobernos ante unha situación económica tan excepcional e volátil que impactaba

de xeito tan negativo nas contas municipais, especialmente a cargo dos gastos de enerxía, combustibles e mesmo o incremento dos prezos de unidades de obra, cuestións que son competencia municipal pero que, á súa vez, ante este escenario, pois impactaban moi negativamente, incluso poñían en cuestión a facilidade para que os concellos, en especial aqueles máis pequenos, puidésemos ofrecer servizos e implementar calidade de vida e esforzarnos en fixar poboación e ser un tecido dinámico.

Pois ben, ante esa, efectivamente como ben xa dicía o Sr. Fernández, pídesse cintura, capacidade de decisión e adaptar os esforzos de financiación local con criterios obxectivos que lles permitan aos concellos tomar as decisións máis acaídas a cada momento e atopámonos, efectivamente, con que quen pide esta sensibilidade logo, cando lle toca a través do fondo de cooperación local, pois non a ten, xustamente nesa parte que se distribúe con criterios obxectivos que permitiría crear máis igualdade e non máis desigualdade, permanece como se todo seguira igual, se non estiveramos nunha situación económica complexa.

Daquela, parece que ten todo o sentido do mundo, todo o sentido e toda a sensibilidade apoiar esta moción e que a tendencia ten que ser, como ademais demandan todos os concellos e dende a FEGAMP con unanimidade, que a tendencia sexa incrementar ese fondo que se distribúe con criterios obxectivos e que permite gañar en equidade e en igualdade para todos os concellos de Galicia.

Evidentemente, sabemos que, efectivamente, existen outras moitas liñas de subvención e incluso outras maneiras a través de convenios pois que efectivamente parece que o criterio de distribución e atención ás necesidades no territorio e o que marca a diferenza, por poñer o exemplo dos parques infantís dos nenos dun concello e doutro, pois sexa a cor política de quen goberna.

Sr. Galego Feal

Si, bo día.

Vamos ver, creo que traer esta moción á Deputación, que á fin e ao cabo é o concello dos concellos, pois ao mellor case resulta un pouquiño ousado. Non por nada, senón porque que se estea criticando que a Xunta de Galicia non dote de máis fondos tanto o fondo de cooperación como o adicional, cando iso non é así, e verémolo despois, pois precisamente, e enlazando co que se falou anteriormente, non lles gustaba moito o DTC, pero a Deputación, tendo a fondo e sabendo todas as carencias que teñen todos os concellos, si podería crear outro plan adicional para incrementar os ingresos aos concellos, porque esa si é competencia da Deputación. A Xunta de Galicia non ten esa competencia, senón que a Xunta de Galicia se dedica a administrar o que é a comunidade autónoma e moi especificamente priorizando a globalidade do país. E nese senso eu creo que se está a realizar unha tarefa bastante eficaz e o feito é que aí están os resultados das últimas eleccións. Non lles caiba a menor dúbida de que se houbese tal descontento como di vostede os resultados non serían os que foron.

Pero, por outra banda, si a Xunta de Galicia ten instrumentos que utiliza eficazmente e numerosas ordes de axudas e programas de investimento orientados

cara aos concellos: temos o Plan MARCO, o fondo de compensación ambiental e o fondo de cooperación local. E así mesmo a Xunta, pese ao que vostede di, mantén unha especial lealdade con todas as administracións e recíbese a todos os alcaldes de toda a comunidade autónoma, sen discriminación de ningún tipo, pese ao que diga vostede. Por tanto, eu creo que esas acusacións de partidismo, caciquismo, clientelismo, ao mellor as hai que aplicar doutra forma. E voulle dicir máis, unindo coa anterior, onde dicíamos que precisamente a Deputación tendo fondos podería dotar aínda tamén moito máis os concellos, tamén hai que pensar, e aí está, pois fíxese, o Real decreto lei 17/2014, acórdase del? Non estaba daquela de alcalde pero eu si estaba e eu si o vivín; e cando nos anos 2008 e 2009 o señor Zapatero presupostou mal, presupostou mal e como consecuencia esas achegas que se facían a través da participación nos ingresos do Estado, pois esas achegas houbo que devolvelas, precisamente este real decreto lei di: *“reintegro de los saldos resultantes a cargo de las entidades locales en la liquidación definitiva de la participación en los tributos del Estado en el año 2013”*. Aí, e iso eu si o vivín como alcalde, aí afundiunos, porque precisamente eses cartos estaban gastados e despois houbo que devolvelos, nin máis nin menos, co cal houbo unha merma de ingresos moi pero moi importante.

A lei que vostede reclama, esa lei xa existe, porque precisamente foi creada pola Xunta de Galicia na Lei de presupostos autonómicos do ano 2011 e están garantidas as achegas a cada un dos concellos e que nunca perciben menos do que veñen percibindo.

Como vostede ben dixo, efectivamente hai un fondo incondicionado e outro fondo garantido. Pero pensemos unha cousa, fálase moito do POS+ e que di: non, non, dámosllelo aos concellos para que fagan o que queiran; maticemos, ata certo punto, porque non me diga a min que non ten certos tintes finalistas, porque o segue tendo, máxime cando, como falabamos na moción anterior, por parte dos alcaldes, que como vostede dicía son os que establecen esas prioridades, pois claro que se dá prioridade a obras e a servizos, se ben ultimamente, evidentemente, permite a utilización para o gasto corrente.

Por tanto, eu creo que os criterios cos que reparte a Xunta de Galicia son uns criterios que atenden á equidade e que esa lei que vostede reclama, pois xa está aí. Pero, por outro lado, eu creo que os datos os deu un pouco mal; no ano 2003 o fondo adicional do fondo de cooperación dótese con 30,5 millóns de euros, o que supón un incremento do 135% respecto do ano 2022 e, evidentemente, o sistema de financiamento local claro que hai que modificalo, pero desde o PP levamos moito tempo reclamando ao Estado a modificación do actual sistema de financiación autonómica e ao Estado correspóndelle fixar precisamente as bases de réxime xurídico local; polo tanto, si que non sei a que se está esperando. E precisamente, se iso fose así e o Goberno central atendese esas necesidades e fíxese unha nova lei de bases de réxime local onde se contemplasen precisamente circunstancias como avellentamento, dispersión poboacional, número de núcleos de poboación, que precisamente aquí en Galicia diso imos sobrados e, nese sentido, e vostede é alcalde e ten parroquias rurais, sabe o custo adicional que supón levar os servizos a esas parroquias, e non falemos xa dos alcantarillados, que evidentemente son unha prioridade e que está custando moito levalos adiante.

Por tanto, cremos que somos conscientes da importancia de axudar aos concellos e o Goberno galego si incrementa o fondo no ano 2003 nos presupostos autonómicos.

Nada máis.

Sr. Requeira Varela

Ben, eu non tiña pensado intervir. A min, eu non sei se é pola actualidade da crítica literaria destes días, vénme á cabeza Orwell, esa obra que escribiu nos anos 40, que se chama *1984* que di que a maior das herexías é o sentido común. A min o que non me parece é comparable orzamento 11.400 millóns de euros, que é o presuposto deste ano da Xunta, que dedica sobre 130 millóns ao fondo de cooperación local aos 313 concellos, co esforzo que fai unha Administración local como a Deputación da Coruña, que aproba un presuposto de arredor de 190 millóns e dedica arredor de 100 a financiar sen finalidade, señor Gumersindo, porque os condicionantes son mínimos, os que exige a lei. Por certo, que as subvencións finalistas que vostedes propoñen están amplamente criticadas pola doutrina da Unión Europea, que di que as hai que evitar, e vostedes propoñen continuamente subvencións finalistas neste salón de plenos reducindo a autonomía local. Será que a vostedes, aos alcaldes e alcaldesas do Partido Popular lles gusta máis que os gobernen que gobernar vostedes, é algo que non entendo. Pero a min cónstame que os alcaldes e alcaldesas do Partido Popular non pensan iso, pódeno vostedes dicir no pleno, pero os alcaldes e alcaldesas non pensan isto.

Houbo un portavoz, que eu lle teño moito aprecio, do Partido Popular que cando vostedes perderon o goberno desta Administración pública me dixo: "por favor, olvidádevos do DTC e volve de aos criterios POS". Iso é o que pensan os alcaldes e alcaldesas do Partido Popular. As pelexas e as guerras que poidamos ter nós aquí son outras. Pero de todos os xeitos non me diga vostede a min, porque non se atrevería a dicirillo diante de ningún veciño, que o fondo de cooperación local da Xunta non o hai que incrementar, con todos os respectos, porque o que non pode ser é que veñan vostedes aquí pedindo todo tipo de plans continuamente, todo tipo de plans, a unha Administración que é unha Administración que ten menos diñeiro que o Concello da Coruña, e que en cambio outra Administración con iso, con 11.400 millóns de euros de presuposto, non entendan vostedes que ten que poñer un pouquiño máis que a Deputación da Coruña nese fondo de cooperación local, parece de sentido común, non?

Eu nada máis, simplemente aproveitar para desexarlle o maior dos éxitos ao deputado Francisco Santos, que hoxe tomamos a súa renuncia, e que lle vaia moi ben na súa vida política fóra desta Administración.

(Abandona o salón o Sr. Taboada Vigo).

Sr. Fernández Piñeiro

A verdade, fai un *totum revolutum*, ao final saíu Zapatero, que sempre cae en todas, o pobre ten máis mala mala sorte; non sei, dentro de 50 anos seguiremos botándolle a culpa a Zapatero de todo, porque xa me dirá que ten que ver iso co fondo

de cooperación, porque o feito de que o fondo de cooperación leve conxelado 10 anos é unha decisión da Xunta de Galicia que ao longo destes 10 anos está gobernada polo Partido Popular, non do señor Zapatero. Pero se quere botarlle a culpa a Zapatero pois podemos botar, non hai ningún tipo de problema.

Di vostede, loxicamente incide na trampa que pretendía trasladarlle, que o fondo de cooperación se incrementa este ano un tanto por cen. Pero, vamos ao que dixen antes, vamos analizar como é ese incremento: a partida base, que é a que se reparte entre todos os concellos con criterios obxectivos, non sobe, leva conxelada dende hai 10 anos; e este ano cun incremento do orzamento da Xunta dun 8,5% con respecto ao ano anterior, tampouco se incrementa o fondo; o normal sería pasar deses 113 a 122,6 que é a aplicación dese incremento do 8,5%. Pero non, a Xunta ten máis cartos, vai recibir máis transferencias do Estado, pero o fondo que reparte entre todos os concellos con criterio obxectivo non se toca, e leva así dende hai 10 anos. Xa só se lle aplicamos o IPC, imaxínate por onde iríamos, imaxine vostede por onde iríamos aplicando o IPC dos últimos 10 anos, esa actualización, nin sequera iso.

Claro, onde está a trampa?, está a trampa no adicional, pero é que o adicional non é para repartir entre todos. Está claro que vostede que vai dicir?, ten que intentar defendelo de calquera maneira e agárrase a iso, porque non ten outra maneira de defendelo, nin nada máis a que agarrarse, pero é que ese fondo adicional que se incrementa efectivamente de 12 millóns e pico de euros ata os 30 millóns, vai para pagar estas cousas que vou ler agora: gastos de limpeza de franxas de biomasa, gastos de funcionamento dos concellos con centros de saúde, gastos de funcionamento dos servizos de emerxencias supramunicipais, gastos de funcionamento de conservatorios de grao medio de titularidade municipal, concellos que teñen institucións penitenciarias, gastos derivados da participación do plan de extinción de niños de velutina, actuacións destinadas á mellora da eficiencia enerxética en infraestruturas municipais, realización do proxecto técnico e creación de desenvolvemento de comunidades enerxéticas que contribúen á integración das enerxías renovables... É dicir, isto non é para todos os concellos, isto é para uns concellos concretos. Polo tanto, á maioría dos concellos non nos dan máis cartos, conxélanos, como digo, dende hai 10 anos; e ese incremento que se aplica é precisamente para sufragar gastos de competencias da Xunta, porque un centro de saúde é unha competencia autonómica, porque retirar os niños de velutina é unha competencia autonómica, etc., etc., etc., non é municipal. E, aínda encima, xa non é que utilicen eses cartos para pagar o que é da súa competencia, é que encima nolo venden como se nolos deran a nós, que iso xa me parece a repanocha, róboche a carteira e invítote unha Coca Cola, e aínda encima somos amigos. Home, hai que ser un pouco máis serios.

E sobre o reparto de fondos voulle dar un dato nada máis: no ano 2015, que vostede era alcalde de Fene, Fene recibiu do POS desta Deputación 250.273 €; no ano 18, que vostede volveu ser alcalde tras a moción de censura, recibiu desta deputación 794.977 € a través do POS. É dicir, 3 veces máis do que recibía cando gobernaba o seu partido nesta institución; por tanto, en canto a reparto de fondos créame vostede que falar de que é ousado traer esta moción ao pleno, home, que quere que lle diga?, ousado é facer determinadas afirmacións e utilizar determinados argumentos cando a realidade –como ben dicía antes o señor Ben– hai cuestións que

son simplemente numéricas, é comparar 250.000 € fronte a 794.000 €, dun orzamento, como ben dicía o vicepresidente desta institución, que é infinitamente inferior ao da Xunta de Galicia, infinitamente inferior. Repartimos 100 millóns de euros entre os concellos desta provincia e a Xunta 113 entre os concellos de toda Galicia, cun orzamento de 200 millóns inicial –gústelle ou non ao señor Ben–, ou de 500 se queren poñerllo, fronte a 12.260 millóns de euros que ten a Xunta de Galicia de orzamento. Non creo que estean vostedes e o seu grupo aquí para dar leccións aquí de reparto de fondos, e claro din: non, é que o plan único é finalista; home, finalista dentro das normas presupostarias que poida establecer a lexislación, non porque este Deputación lle diga a un concello que o ten que gastar. Agora ben, se está lexislado que o gasto corrente se pode financiar con x e non con y pois hai que cumprilo, non é unha norma que estableza esta Deputación. Se teñen que ser inversións financeiramente sostibles, non é unha norma que aprobe esta Deputación, senón que é de aplicación por lei.

Iso non pasaba cando estaban vostedes aquí e non pasa coa Xunta de Galicia. Vostede leu aí unha retahíla de liñas de subvencións da Xunta de Galicia que a maior parte delas son por orde de chegada, e que non as cheira ningún concello practicamente que non sexa do Partido Popular ou, como pasou no meu Concello, que tiven que ir aos tribunais, porque por terceira vez me denegaban unha subvención dicindo que non presentaba documentación, que si presenteí, e gañei en primeira instancia e gañei no Superior de Xustiza de Galicia. Esa é a forma que ten de traballar a Xunta de Galicia e de repartir os fondos. E, home, é tan fácil volvendo outra vez ao argumento do señor Ben, como coller o mapa de investimentos da Xunta de Galicia, e vemos onde cae a maior parte dos cartos, que non é cun criterio dende logo obxectivo, porque hai moitos concellos nesta provincia que necesitan depuradoras, moitos, moitísimos. Mire vostede cantos do Partido Popular van ter depuradora e cantos que non son do Partido Popular a van ter, e que porcentaxe dese total de concellos que vostedes gobernan levan en fondos autonómicos e que porcentaxe levan os demais e pódolle asegurar que non vai coincidir de ningunha das maneiras.

Entón, para os que nos escoitan que igual non están no municipalismo, está ben venderlles a moto esa, para os que padecemos todos os días nos concellos como reparte os fondos a Xunta de Galicia, xa lle digo que non convence a ninguén. Pero, efectivamente, poucos máis argumentos ten para defender que dicir iso e falar de Zapatero, pobre home, pero é o que hai, que lle imos facer?

Nada máis, moitas grazas.

Sr. García Seoane:

Eu si quero falar de Zapatero, eu quero falar de Zapatero para dicir que foi o presidente de España que máis favoreceu os concellos de todo o territorio nacional. Na historia da democracia foi o único presidente do Goberno de España que lle deu unha cantidade de diñeiro inmensa aos concellos e moitos tiveron que devolvelo porque non sabían xestionar. A min dérame 2.000 millóns de pesetas e con iso fixen 20 naves para un polígono onde as persoas que querían empezar a traballar podían montar nesas naves que lles damos a un prezo de risa; onde, por certo, nunha desas naves hoxe hai unha das industrias máis importantes de España, empezou aí, que é a

de drons, que se acaba de vender a unha firma, paréceme, americana, ou de por aí, iso era investir. Fixemos outra piscina máis das catro que temos, fixemos unha escola de danza, fixemos depósitos de auga... Foi o mellor presidente da nación para os concellos, e falar mal de Zapatero desde un concello non deixa de ser algo denigrante. Outra cousa é que non soubesen moitos deles, dos alcaldes, non había proxectos, entón levantaba unha acera e facían outra, ou levantaban un asfaltado e poñían outro, pero os que realmente xestionamos soubemos como investir aqueles diñeiros e engrandecer os nosos municipios. Por tanto, non falen mal de quen tanto deu neste país, ademais foi o presidente que máis leis progresistas aprobou neste país desde que hai democracia.

Sr. Galego Feal

Vamos ver, esta normativa non a invento eu; de feito, o exceso de presuposto de ingresos que despois foi adiantando aos concellos houbo que devolvelo, non por falta de inversión, non foi por falta de inversión, foi porque ese señor, coa finalidade de incrementar os seus ingresos para poder incrementar os seus gastos despois, soltou diñeiro aos concellos e, ao fallarlles os ingresos, os concellos despois tiveron que devolvelo. A orde está aí, iso foi así, está aquí, neste decreto lei que acabo de dicir agora mesmo. Pois eu tiven que devolvelo.

E brevemente, a ver, estamos falando dun presuposto da Deputación de 190 ou 200 millóns de euros e un presuposto da Xunta de Galicia de 12.000. Pero que teñen que ver unhas competencias coas outras?, que ten que ver o que ten que asumir a Xunta de Galicia en gasto co que ten que asumir a Deputación da Coruña?, é que non son magnitudes comparables, non son magnitudes comparables. E, respecto ao Goberno central, para este ano a participación nos ingresos do Estado ben podía subir e ben pode subir por unha razón, porque grazas ao imposto da inflación se van recadar 32.000 millóns de euros máis. Entón, evidentemente, claro que podía repercutir ou debe de repercutir nos concellos, nada mais.

Sr. Requeira Varela

Vostede ás veces eu creo que fala de oído, o outro día dixo no pleno que nós estabamos a favor da lei esta de pesca que quere aprobar a Unión Europea, díxoo así con total frivolidade, faltando á verdade, porque é mentira. Pero eu voulle dicir unha cousa: antes vostede falou para falar deste tema, da dispersión local... estas cousas que din vostedes dos núcleos de poboación pequenos, de que hai que favorecer o asentamento no rural, todas estas cousas, que son moi bonitas, pero cando vostede falou do DTC, e non é algo que diga eu, pódeoo repasar nas actas da sesión deste pleno, eu estaba na oposición, o señor Calvelo tamén ao mellor se acorda, non lle pido que diga nada, pero o presidente da Deputación naquel momento dixo que aquí estabamos para favorecer persoas e non ferrados de monte, non ferrados de monte, por iso se cambiaba o criterio de poboación. Entón, nós podemos utilizar os argumentos cando nos convén para unha cousa e os contrarios tamén para outra.

E, mire vostede, claro que son comparables, unha Administración de 11.400 millóns de euros, que tampouco se fai cargo das súas competencias porque, se quere, señor Ben, facemos un plan de parques infantís e de xogos adaptados para persoas con discapacidade cos 10 millóns que pagamos nós de competencias

directas da Xunta de Galicia, que nos transfiran os 10 millóns e facemos esa liña de subvencións, é así de fácil.

Sr. Presidente:

As 10 últimas, quedame unha reflexión que fixo o Sr. Ben no primeiro asunto e aquí se resume todo. Decía que o Sr. García Seoane non podía votar a favor da proposta que facía o Partido Popular respecto dos parques infantís por unha cuestión ideolóxica. Eu quero recordar que o Sr. García Seoane vota ás veces co Partido Popular en propostas, sabémolo todos e todas os que estamos aquí, todos e todas. Ao que si que te reto, Sr. Ben, é que unha soa vez, unha soa vez, porque tamén podedes comprobar como ese grupo que hai aí, composto por deputados e deputadas socialistas vota constantemente en contra ou a favor de propostas que trae o Partido Popular aquí ou o BNG, reclamando ao Estado cuestións que entendemos que son boas para a provincia, pero así, nin 10, nin 15, nin 20, moitas máis. Eu rétote, e isto é para facer un estudo sociolóxico na Facultade de Ciencias Políticas, como unha formación política que representa os galegos e as galegas e os coruñeses e coruñesas non votou nunca, nunca, a favor dunha soa proposta que lle solicitase algo á Xunta de Galicia, nunca, e cando digo nunca é nunca. Hai aí unhas representantes, traballadoras e traballadores dun colectivo de 1.000 persoas, que onte o Partido Popular en Oleiros votou a favor, aquí non se vota a favor. Pero digo nin cando se refire a reclamar algo para os concellos, nin cando se refire para reclamar algo para as industrias, nin cando se refire para reclamar algo para as entidades sociais, nin cando se refire para reclamar algo para os profesores, nin para os mecánicos, nin para os soldadores, nin para os montadores, nin para os que cortan piñeiros nin eucaliptos, nin para os pescadores, nunca, xamais, nin unha soa vez. Rétote, e ademais dime o tema que queiras, onde ti esteas de acordo en que a Xunta de Galicia ten que facer un esforzo máis, e traereino ao próximo pleno, e quero que votes a favor ou en contra, pero é que nin unha soa vez, e aí están as actas. Polo tanto, deses lodos, ou desas augas, veñen estes polvos. Por iso, Sr. Galego, ten que ser moi jodido, moi jodido para un que foi alcalde e concelleiro, e aspira a ser alcalde, dicir que o fondo galego de cooperación local non ten que incrementarse.

Eu sei que non hai recursos para todo, eu sei e tes razón que non é comparable, Regueira, os 12.000 millóns de euros da Xunta co orzamento da Deputación, son magnitudes distintas; eles gastan o 60% do orzamento entre educación, sanidade, non é comparable, pero unha cousa é iso e vir aquí a defender que non hai que incrementar o fondo que dedica a Xunta de Galicia, que ten a obriga constitucional de financiar os concellos, nin un só euro, nin un só euro. Vai gastar a Xunta de Galicia o mesmo nos concellos galegos, nos 313 concellos galegos, que vai dedicar a pagar os seus pufos, as súas débedas, as débedas da Xunta de Galicia, os intereses dos préstamos da Xunta de Galicia suman 140 millóns de euros, máis do que lle vai dedicar a cada concello de Galicia. E detrás de cada alcalde e detrás de cada alcaldesa hai 2.700.000 galegos e galegas, que viven nun concello e queren que a Xunta de Galicia se sensibilice con eles. Polo tanto, eu, e dicíao o Sr. García Seoane antes, a diferenza é sensibilidade. Aquí houbo dous momentos de crises moi fortes nas finanzas dos concellos e das administracións e da propia sociedade nos últimos 15 anos. A primeira foi a crise financeira, ano 2008, caen os ingresos tributarios dos concellos si ou non, no 2008 ou 2009, cando todo o mundo tiña unha

previsión de cobro de licenzas enorme, sobre todo nos concellos de costa; que pasou?, caeron as finanzas. Que fixo o ministro de Facenda do Partido Popular? Dixo: vamos, ante as liquidacións negativas de 2008 e 2009, nesta casa 32 millóns de euros, non volas vou perdoar, vouvos dar facilidades de pago pero hai que devolvelos, 32 millóns de euros. O segundo momento crítico para as finanzas desta sociedade foi cando este país e este mundo estivo paralizado, cando estivo internado nas súas vivendas, e as fábricas paradas por culpa da pandemia no ano 2020, liquidación negativa de canto?, exactamente o mesmo, 32 millóns de euros. Cal é a diferenza?, que actualmente o Goberno nos perdoa os 32 millóns de euros, esa é a diferenza de sensibilidade cos concellos. Polo tanto, eu o que digo é: ninguén está pedindo que se incremente ata os 300 millóns de euros, nin ata os 200, nin sequera ata os 190, pero un sinal de sensibilidade, gastemos o mesmo nos concellos galegos que gastamos nos concertos do Xacobeo, como mínimo esa mesma sensibilidade.

Vamos proceder á votación.

VOTACIÓN

Votan a favor: 17 deputados/as (11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: 13 deputados/as (PP)

Abstéñense: 1 deputado (PP - en virtude do art. 74.1 do Regulamento orgánico).

O Pleno, por maioría, aproba a seguinte moción:

"Moción do PSdeG-PSOE e BNG para instar á Xunta de Galicia a que cumpra co Pacto e o Fondo de Cooperación Local

Os grupos provinciais do PSdeG-PSOE e BNG, ao abeiro do artigo 71.3 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial da Coruña, desexan someter a consideración do Pleno a seguinte MOCIÓN

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A economía global está inmersa nunha crise inflacionista a consecuencia dunha pandemia e da invasión de Ucraína; crise que afecta principalmente a materias primas, e, en xeral, á enerxía.

Esta crise impacta de xeito xeralizado a todos os axentes económicos, tamén ás administracións públicas, e moi directamente no caso das administracións públicas locais.

As administracións locais están a sufrir un incremento dos custos aos que teñen que facer fronte, tanto en investimentos como tamén no gasto corrente, que está a experimentar un crecemento extraordinario. Este incremento do gasto minorará irremediabilmente os recursos das facendas locais destinados a atender as necesidades da veciñanza, particularmente, as de carácter social.

Pois ben, dende a súa chegada ao goberno da Xunta de Galicia, as políticas

desenvolvidas polo Partido Popular só se caracterizan polo desprezo ás administracións públicas locais.

Nestes anos, o goberno autonómico ven incumprindo dun xeito sistemático os acordos incluídos no Pacto Local, desatendendo as peticións da FEGAMP, ignorando as necesidades das entidades locais, e sobrecargando aos concellos con competencias impropias sen dotalos dos recursos precisos. Dándose o paradoxo de que a cidadanía reclama aos concellos servizos públicos que son competencia da Xunta de Galicia.

Así as cousas, dun xeito conveniente para o goberno popular da Xunta de Galicia, os concellos son administracións de segunda categoría cando esixen que se actualice o seu financiamento, pero pasan a ser responsables cando se trata de dar resposta inmediata aos/ás cidadáns/ás.

O pasado día 20 de outubro a Xunta ven de presentar ante o Parlamento de Galicia o seu proxecto de orzamentos para o vindeiro ano 2023. O proxecto presentado mantén para o Fondo de Cooperación Local a partida base, que leva dez anos conxelada en 113 millóns de euros, mentres duplica a adicional, que pasa de 12,9 a casi 30,5 millóns de euros.

Deste xeito, entre o fondo base e o adicional a cuantía total asignada ao Fondo de Cooperación Local ascende a 143,5 millóns de euros, un 14% máis que no ano anterior, con 17,4 millóns de euros adicionais. É sabido que este fondo adicional corresponde a gastos condicionados que non respectan a autonomía local, e normalmente refírense a competencias que son propias da comunidade autónoma.

A FEGAMP leva anos reclamando un aumento da financiación base, necesaria para que os concellos poidan desenvolver as súas competencias. Esta reivindicación conta co respaldo de todos e cada un dos 313 concellos galegos.

Se nun contexto económico ordinario é unha obriga da Xunta de Galicia garantir un adecuado financiamento das entidades locais, aínda con máis motivo será no medio dunha crise inflacionista como a actual. Resulta imprescindible que a Xunta de Galicia recoñeza as especiais dificultades ás que están a facer fronte os concellos co incremento de custos, e que aposte polos concellos e asuma o compromiso de darlle unha solución ao reparto dos recursos, como así fai o Goberno Central, que sí ven de aumentar a PIE.

Polo anteriormente exposto, e como firmes defensores da necesidade de abordar unha actualización da Lei das Facendas Locais que permita aos concellos asumir o custo real da oferta de servizos públicos que demandan os galegos e as galegas, os grupos provinciais PSdeG-PSOE e BNG propoñen ao Pleno da Deputación da Coruña a adopción do seguinte:

ACORDO

Instar á Xunta de Galicia a:

1. Que respecte o Pacto Local, así como todos os acordos firmados coa FEGAMP e as entidades locais.
2. Que comece a elaborar unha Lei autonómica de participación das entidades locais

nos ingresos da Comunidade Autónoma.

3. Que, mentres a devandita Lei non se aproba, incremente a contía do Fondo de Cooperación Local, particularmente nos orzamentos para o ano 2023, agora en tramitación, coa finalidade de dar resposta inmediata ao extraordinario incremento do gasto como consecuencia da alza dos prezos, así como que o Fondo teña en conta a todas e cada unha das entidades locais."

ROGOS E PREGUNTAS

Sr. García Seoane

Dous rogos, un fixérao xa neste Pleno pero houbo cambios nese aspecto. O Goberno da nación é propietario neste momento da Terraza de Sada; ata o día en que intervín aquí eu non era propietario, agora é propietario, hai unha resolución definitiva de reintegrar ese solo que tiña cedido no seu día o Estado, está denegada á empresa que está alí, que era propietaria. E, por tanto, eu o que lle rogaría neste momento, novamente ao presidente era que fixese unha xestión ante o Ministerio, porque hai un Fondo Nacional moi grande dun 1% para recuperación destes patrimonios, non hai ningún problema neste momento, e rogaría que se fixese unha xestión para que este edificio non caia porque despois nos lamentamos todos.

Ese un, e o outro é veciños da zona de Betanzos, da comarca, diríxense ao Concello de Oleiros a través do correo, a nós funciónanos moito o correo electrónico, sobre a oficina que ten a Deputación para recadar tributos en Betanzos. Xa só hai que ver os carteis que están fóra: nesta oficina só se atenderá con cita previa. Eu creo que xa pasou o do bicho e non podemos estar co bicho toda a puñetera vida; non se deixa entrar os veciños nada máis que a un, e teñen que estar fóra na rúa, hai fotos do tema, espere aquí na rúa. Entón eu creo que vai sendo hora de que erradiquemos algunha desas medidas do COVID, incluso estas mamparas que parecemos aquí animais metidos nas caballerizas e que se vaia eliminando algún destes impedimentos e que se lle dean máis facilidades aos veciños; é dicir, non se recibe a un só e se non é por cita previa, isto está nos papeis que ten a mesma Deputación. Por tanto, hai que darlles facilidades aos veciños e non tantos impedimentos.

Nada máis.

Sr. Ben Otero

Tengo una pregunta, antes no quiero entrar en debate, señor presidente, que tiene la posibilidad y está habilitado para cerrar los debates, faltaría más, pero conviene también hablar de cuando fueron las liquidaciones negativas del año 2008 o del año 2011, cuando tuvo que tomar aquella medida, financiarse costaba un 6% al Estado y a día de hoy la financiación con la compra de bonos al Banco Central Europeo era gratis. Hay una diferencia notable. Quiero decir que, cuando se dicen las cosas, o decimos toda la verdad o decimos parte de la verdad, pero no medias verdades, porque a veces son las peores mentiras.

Hablaba también el presidente de los soldados, de la gente que corta la

madera, de la industria del dominio público marítimo-terrestre, podemos hablar de muchísimas cosas y entonces cuando nosotros traemos iniciativas aquí que son apoyadas por todo el mundo a lo mejor es porque tocamos la tecla adecuada de las iniciativas que hay que traer, nada más.

A partir de ahí... –sí, sí, claro porque es así– quiero hacer una pregunta, que es la siguiente: señor presidente, en fechas recientes han aparecido en diversos medios de comunicación noticias con el siguiente contenido, y quiero matizar que leo de forma literal la noticia, -no acuso, vaya por delante-, simplemente quiero hacerme eco de la noticia y a partir de ahí preguntar por la misma. La noticia dice así: “Un consultor del PSOE que recibe decenas de miles de euros del Grupo Socialista de la Diputación de A Coruña y del Gobierno local de A Coruña, promociona en Facebook de 2021 publicaciones de su propio diario digital para darle visibilidad al Gobierno local y asociarlo con los avances de A Coruña, además de fomentar la imagen de la alcaldesa. La nueva política de transparencia de Facebook ha detectado un sesgo político de esta publicidad y la ha destapado. Un grupo de empresas que ha recibido y recibe dinero del Gobierno local de A Coruña, así como el Grupo Socialista de la Diputación, lleva meses realizando campañas de publicidad en Facebook fugaces y de unas pocas horas de duración para ensalzar la imagen de Inés Rey y su gestión al frente del Ayuntamiento de A Coruña. Boris Gayoso, propietario y administrador único de Enfoques Informativos y Editorial y también socio y administrador único de la consultora 7 Blancos Asesoría Integral, que presta servicios desde el año 2018 en el grupo de la Diputación, Gayoso también es cofundador y codirector, junto con Carlos Correa, de la más conocida consultora CCUBO Group STRATEGY AND ANALYTICS ESTANCIA C3, S.L. En los últimos 5 años ha facturado más de 170.000 euros al Grupo Socialista a través de diferentes empresas y servicios. Además el empresario está estrechamente vinculado al señor Fernández, al señor Lage, etc., etc. El objetivo en general de estas publicaciones es relacionar la gestión directa del Gobierno local con los grandes proyectos de la ciudad aunque no sean del Ayuntamiento, como la ciudad de las TICS, la estación intermodal o el nuevo CHUAC y dar una mayor visibilidad a la relación con el Gobierno central”.

Esto es una noticia, es mucho más, es una barbaridad lo que aquí está publicado y no voy a leerlo todo, obviamente, esto es un pequeño resumen. Pero la pregunta que queremos hacer es la siguiente, las preguntas que queremos hacer son las siguientes: ¿qué recursos y/o fondos provinciales se han destinado para sufragar estas campañas de publicidad?

La segunda: ¿dichas campañas las costea el PSOE con sus fondos propios, es decir, con los pertenecientes al Grupo Socialista? Si es así, nosotros no tenemos nada que decir, legalmente porque los gastos de los grupos están perfectamente fiscalizados por el señor interventor y no tenemos ninguna duda; moralmente nos puede tener algún tipo de duda, pero legalmente no tendríamos ninguna duda. ¿O las están pagando los habitantes de la provincia de A Coruña a través del presupuesto de comunicación del Gobierno provincial?

Y la tercera pregunta ya es directa y clara: ¿se ha contratado alguna de las mencionadas empresas con fondos de la Diputación sin ser los del grupo socialista? Y, si es así, ¿con qué finalidad y en qué cuantía?

A nosotros nos gustaría que antes del siguiente pleno nos pudiera responder a estas preguntas; si no, lamentándolo mucho nos veríamos obligados a solicitar la convocatoria de un pleno extraordinario monográfico sobre este asunto.

Nada más y gracias.

Sr. Presidente

Bueno, pues yo, sinceramente, Sr. Ben, no estoy acostumbrado a esto. No se puede caer bajo haciendo política, ¿vale? Yo creo que en esta casa se han construido planes sin mayorías absolutas por el consenso de la gente, se han articulado los principios más generosos de la política para hacer la política de mayor alto nivel en esta casa y nunca he visto que se cayera bajo en la aplicación de la política. Bajo, te lo digo a la cara, caer muy bajo y no lo esperaba de ti, muy bajo. Esa información que tú pides, ridícula hasta la saciedad, tiene una contestación oficial, porque la has pedido por escrito y se te contestará oficialmente. Si consideras que hay algún tipo de elemento ilegal al respecto, sabes lo que tienes que hacer. Sabes que no lo hay y lo que estás haciendo es una política baja a la que yo no voy a contribuir, y te aseguro que cuando ocurra en el sentido contrario, no me la verás hacer, y lo hago por respeto a esta casa, por la política y por respeto no solo a ti, sino a todos tus diputados y diputadas, porque cuando recuperéis esta casa no va a ser por hacer política de ese estilo. Vais a recuperar esta casa, como hicisteis en otras épocas, por la labor que hacen vuestros alcaldes y alcaldesas. Esa es la respuesta que te doy esa pregunta.

Muchas gracias.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidencia dá por rematada a sesión ás 14:25 horas.